



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 138

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 6 de marzo de 2001

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto 1º.- Dictame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre a compatibilidade do deputado D. José Jaime Vázquez Iglesias.

Punto 2º.- Lexislativos:

- Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (núm. 17.039).

Publicación do proxecto: BOPG núm. 674, do 23-1-2001.

Emendas á totalidade: BOPG núm. 703, do 26-2-2001.

- Debate de totalidade do Proxecto de lei de conservación da natureza (núm. 17.396).

Publicación do proxecto: BOPG núm. 683, do 2-2-2001.

Emendas á totalidade: BOPG núm. 703, do 26-2-2001.

Punto 3º.- Debate e votación do Dictame da Comisión non Permanente de Investigación sobre as Actuacións de Bemposta e das Distintas Institucións, e dos seus votos particulares.

Publicación do dictame e votos particulares: BOPG núm. 705, do 28-2-2001.

Punto 4º.- Comparecencia do Sr. conselleiro de Industria e Comercio, por iniciativa de catorce deputados e catro deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre o proxecto entelequia da planta regasificadora galega, no contexto dos avances que se están a producir neste sector (núm. 18.031).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 707, do 2-3-2001.

Punto 5º.- Mocións:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xabier Casares Mourino, sobre as medidas que se deben adoptar respecto do incremento anual do número de accidentes laborais graves e mortais (núm. 18.216. Interpelación núm. 16.818).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 635, do 25-11-2000. Debate da interpelación: DSPG núm. 136, do 22-2-2001. Publicación da moción: BOPG núm. 707, do 2-3-2001.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Domingos Merino Mejuto, sobre as medidas que debe adoptar-lo Goberno

galego respecto do balance do ano 2000 en materia de desemprego e a súa evolución en Galicia respecto do resto do país (núm. 18.239. Interpelación núm. 17.673).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 690, do 10-2-2001. Debate da interpelación: DSPG núm. 136, do 22-2-2001. Publicación da moción: BOPG núm. 707, do 2-3-2001.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán e D. Xosé Díaz Díaz, sobre a actuación que se debe levar a cabo respecto das subvencións concedidas polo Goberno galego á Confederación de Empresarios de Galicia durante o mandato do Sr. Ramilo Fernández-Areal (núm. 18.243. Interpelación núm. 17.108).

Publicación da interpelación: BOPG núm. 654, do 20-12-2000. Debate da interpelación: DSPG núm. 136, do 22-2-2001. Publicación da moción: BOPG núm. 707, do 2-3-2001.

Punto 6.º.- Proposicións non de lei:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª María Olaia Fernández Davila e D.ª María Salomé Álvarez Blanco, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para o fomento e a mellora das condicións do emprego feminino (núm. 15.975).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 589, do 28-9-2000.

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª María Antonia Álvarez Yáñez e D.ª Isabel Salazar Bello, sobre a demanda de elaboración polo Goberno central dun proxecto de lei integral contra a violencia de xénero (núm. 17.022).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 647, do 12-12-2000.

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a necesidade de adoptar unha serie de medidas urxentes e estratéxicas na planificación educativa galega (núm. 17.324).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 670, do 18-1-2001.

Punto 7.º.- Interpelacións:

- De D. Abel Caballero Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto dos resultados da política industrial baseada na operación dos clusters, o investimento realizado na súa implantación e as previsións respecto do desenvolvemento de políticas sectoriais (núm. 14.032).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 509, do 2-5-2000.

- De D.ª María Olaia Fernández Davila, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación la-

boral dos traballadores e das traballadoras do sector téxtil, as actuacións que se levaron a cabo e as previsións do Goberno galego ó respecto (núm. 17.015).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 648, do 13-12-2000.

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración, a posición e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do contido do Anteproxecto de lei de estabilidade orzamentaria aprobado polo Goberno central (núm. 17.688).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 693, do 14-2-2001.

Punto 8.º.- Preguntas:

- De D.ª Isabel Salazar Bello e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as listas de espera de consulta e diagnósticas na Mariña lucense (núm. 17.468).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 681, do 31-1-2001.

- De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social e económica que crea en Galicia a aplicación das medidas de control da encefalopatía esponxiforme bovina (núm. 17.589).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 677, do 26-1-2001.

- De D. Bieito Lobeira Domínguez e D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para resolve-la situación de conflictividade existente na Confraría de Pescadores de Lourizán (Pontevedra) (núm. 17.595).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 688, do 8-2-2001.

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nomeamento do substituto do conselleiro de Relacións Institucionais (núm. 18.101).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 702, do 24-2-2001.

- De D.ª María Soledad Soneira Tajés, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as indemnizacións recibidas por cada explotación, por animal sacrificado obrigatoriamente, a consecuencia da detección dun positivo en encefalopatía esponxiforme bovina (núm. 18.230).

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 707, do 2-3-2001.

SUMARIO

Dictame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre a compatibilidade do deputado D. José Jaime Vázquez Iglesias. *(Páx. 10.628)*

Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. *(Páx. 10.628)*

Debate de totalidade do Proxecto de lei de conservación da natureza. *(Páx. 10.644)*

Debate e votación do Dictame da Comisión non Permanente de Investigación sobre as Actuacións de Bemposta e das Distintas Institucións, e dos seus votos particulares. *(Páx. 10.660)*

Comparecencia do Sr. conselleiro de Industria e Comercio, por iniciativa de catorce deputados e catro deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre o proxecto entelequia da planta regasificadora galega, no contexto dos avances que se están a producir neste sector. *(Páx. 10.685)*

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xabier Casares Mouriño, sobre as medidas que se deben adoptar respecto do incremento anual do número de accidentes laborais graves e mortais. *(Páx. 10.700)*

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Domingos Merino Mejuto, sobre as medidas que debe adoptar-lo Goberno galego respecto do balance do ano 2000 en materia de desemprego e a súa evolución en Galicia respecto do resto do país. *(Páx. 10.707)*

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xesús Vega Buxán e D. Xosé Díaz Díaz, sobre a actuación que se debe levar a cabo respecto das subvencións concedidas polo Goberno galego á Confederación de Empresarios de Galicia durante o mandato do Sr. Ramilo Fernández-Areal. *(Páx. 10.715)*

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Como é tradicional non damos lectura á orde do día porque está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Comezamos co punto primeiro da orde do día.

DICTAME DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS, SOBRE A COMPATIBILIDADE DO DEPUTADO D. JOSÉ JAIME VÁZQUEZ IGLESIAS.

O señor PRESIDENTE: Para dar lectura e face-la presentación do dictame ten a palabra o presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados, señor Varela.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS (Varela Pérez): Gracias, señor presidente, señorías.

Dictame da Comisión do Estatuto dos Deputados. A Comisión do Estatuto dos Deputados na súa reunión do día 21 de febreiro do 2001, coa asistencia de don Mauro Varela Pérez, don Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e don Ismael Rego González, ten a honra de elevar á Vosa Excelencia a presente proposta para súa inclusión na orde do día do Pleno da Cámara de conformidade co disposto no artigo 16.2 do Regulamento baseándose nos seguintes antecedentes.

A Comisión do Estatuto dos Deputados examinou o día 21 de febreiro do 2001, a declaración de actividades presentada polo deputado don José Jaime Vázquez Iglesias, para o efecto de elabora-la proposta de compatibilidade encomendada.

Fundamentos normativos.

Primeiro. A Comisión do Estatuto dos Deputados para desenvolve-lo seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento tivo en conta a declaración presentada e a honorabilidade do señor deputado.

Entende a comisión que coa modificación legal e regulamentaria introducida na materia, xa non existe dúbida da obriga que ten o deputado de comunicar por escrito calquera alteración ou modificación que se produza no seu estatus parlamentario e que teña con-

cordancia co tema de compatibilidade funcional ou económica.

En correspondencia co cumprimento desta obriga a Comisión, pola súa banda, asome unha función permanente de revisa-la súa situación e de manter ou modificar posteriormente a súa proposta.

Segundo. No exercicio da súa función de verificación confrontou a declaración presentada coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei Autonómica 8/1985 do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, e a súa concordancia cos artigos 6 e 155.2 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño.

Rematado o seu labor e por unanimidade, emite o seguinte dictame:

O deputado don José Jaime Vázquez Iglesias non está neste intre, a teor da documentación presentada, incurso en causa de incompatibilidade funcional e, xa que logo, pode exercer con plenitude os dereitos e deberes inherentes á súa acta de deputado.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2001.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Varela.

¿Apróbase por asentimento? (*Pausa.*)

Moitas gracias.

Pasamos agora entón ó punto 2.º da orde do día que son temas lexislativos.

DEBATE DE TOTALIDADE DO PROXECTO DE LEI REGULADORA DO CONSENTIMENTO INFORMADO E DA HISTORIA CLÍNICA DOS PACIENTES.

O señor PRESIDENTE: Para face-la presentación deste Proxecto de lei ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS (Hernández Cochón): Señor presidente, señoras e señores deputados.

O Proxecto de lei que presentamos hoxe, regulador do consentimento informado e da historia clínica dos doentes, responde ó propósito de ordenar no noso sistema sanitario as relacións médico-paciente na práctica clínica.

De forma tradicional os códigos da práctica médica viñan destacando o deber do médico de beneficiar o paciente tendo en conta os intereses do enfermo. Dito espírito de beneficencia xorde con claridade da formulación do xuramento hipocrático aínda vixente para moitos médicos. En xeral, os profesionais da saúde foron remisos a guiarse polo que o paciente xulgaba conveniente, e, en cambio, preferían actuar de acordo ó que eles mesmos –actuando sempre con vontade de curar– consideraban que era o mellor para o enfermo.

Esta tradicional forma de exercer a medicina, a que consideraba o citado principio de beneficencia como fundamental, restaba importancia á autonomía da persoa producindo moitas veces un esaxerado paternalismo médico.

Dita actitude queda axeitada para outras épocas e outro contexto social non pode manterse no momento actual cunha sociedade evolucionada na que os intereses do paciente e cidadán son definidos por el mesmo, que é quen sabe o que é máis valioso e importante para si.

A preeminencia, pois, de certos valores, define o tipo de relación médico-paciente, aínda que non debe esquecerse que tanto médicos como pacientes, están inseridos nunha sociedade e, por tanto, nunha cultura particular e xeralmente tamén en institucións e estas inflúen e atravesan esa relación. Tales factores, en maior ou menor medida, están presentes e inciden no tipo de vínculo que se establece co paciente.

Tampouco temos que esquecer que nos actuais contextos macrosociais, diversas modificacións das estruturas políticas fixeron desestimar os procesos absolutistas e totalitarios dando paso a procesos democráticos, e este cambio de mentalidade influíu tamén, como non podía ser doutro xeito, na relación médico-paciente que na súa forma clásica xa hai tempo que comezou a ser cuestionada. Gradualmente dito vínculo estase adecuando ós cambios que sufriu a sociedade.

As novas análises da relación médico-doente afirman e defenden antigas tradicións médicas como a da confidencialidade, pero ademais considéranse agora elementos novos que antes non foran tidos en conta tales como o consentimento informado, o dereito do paciente a sabe-la verdade sobre a súa condición e os posibles métodos de tratamento.

Por outra banda, o límite das actuacións intrusivas nas persoas a través de novas técnicas, debe facerse con respecto dos seus dereitos fundamentais. A técnica dos dereitos fundamentais ofrece sistemas de procesión diversos en intensidade e en efectividade. Así, no sistema español o cidadán aparece protexido de forma directa fronte á lesión de ditos dereitos mediante o recurso de amparo que obriga directamente a xuíces e tribunais.

O concepto de persoa e as formas de protección arbitráronse sempre a través das normas xurídicas, tal é o propósito do Goberno co Proxecto de lei que se presenta.

Antes de entrar no seu contido debemos recordar que o Estado social e democrático de dereito consagrado no artigo 1.1 da Constitución, ten como obxectivo fundamental logra-lo desenvolvemento da persoa, dos dereitos que lle son inherentes, o libre progreso da personalidade e o respecto á lei e ós dereitos dos demais. Neste formulamento constitucional o concepto xurídico de persoa consiste nunha cualidade abstracta e unitaria que é tratada polo dereito a través do mecanismo técnico da personalidade, que non é outra cousa que aquel complexo de dereitos que o ordenamento xurídico reconece ó home polo feito de selo.

Polo tanto, personalidade significa titularidade de dereitos fundamentais. Os dereitos fundamentais serán algo así como o código xenético de cada home desde o punto de vista xurídico.

Configúrase deste xeito unha forma de relación médico-doente que rescata formas tradicionais e que, ó mesmo tempo, agrega novas prácticas e aptitudes que debe incorporar-lo dereito sanitario galego.

O Proxecto de lei que presentamos consta de 17 artigos, 3 disposicións adicionais e 2 derradeiras e estrutúrase en tres títulos.

O primeiro deles concreta obxecto e ámbito de aplicación da norma, o título II regula o consentimento informado e o III a historia clínica.

A Lei Xeral de Sanidade do 25 de abril de 1986, reconece no seu artigo 10 o dereito do paciente a obter en termos comprensibles unha información completa e continuada, verbal e escrita sobre o seu proceso incluíndo o diagnóstico, prognóstico e as alternativas de tratamento e establece ademais no seu artigo 61 o principio da historia clínica única por cada paciente, que, con garantía da intimidade persoal e familiar do enfermo e o deber de gardar segredo, por quen en virtude das súas competencias teña acceso a ela, está a disposición dos enfermos e facultativos directamente implicados no diagnóstico e tratamento do paciente sen prexuízo da súa utilización ós efectos de inspección médica ou para fins científicos. Tamén o convenio relativo ós dereitos humanos e a biomédica elaborado polo Consello de Europa e asinado en Oviedo o 4 de abril de 1997, que entrou en vigor, trata a súa ratificación, o primeiro de xaneiro de 2000, aborda estas materias.

En concordancia coas pautas fixadas por estas disposicións, o Proxecto de lei distingue –ó regula-lo consentimento informado– entre a información verbal que se proporcionará ó paciente en termos comprensibles de xeito continuado procurando sempre a veracidade e claridade, e a información que constará por escrito naqueles procedementos diagnósticos ou terapéuticos que entrañen riscos importantes, notorios ou considerables.

O consentimento informado debe solicitarse do paciente. Non obstante determinadas circunstancias tomáronse en consideración neste proxecto de lei, por exemplo, a incapacidade circunstancial do enfermo que esixe outorgar este dereito ós familiares; a intervención do pai, nai ou representante legal cando se trate de menores ou incapacitados; a imposibilidade do paciente de tomar decisións, as situacións de urxencia que non admitan demoras, a manifestación expresa do desexo a non ser informado ou ben a toma en consideración da súa vontade anticipada cando conste por escrito debidamente asinado.

Doutra banda, a información no proceso clínico está orientada fundamentalmente á toma de decisións

en relación co tratamento, e neste contexto a historia clínica configúrase como o documento clínico por excelencia ó ser soporte da información xerada polo equipo sanitario na práctica asistencial. Defínese así como o conxunto de documentos nos que se conteñen os datos, valoracións, informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución clínica dos pacientes ó longo do seu proceso.

Cada paciente deberá ter unha historia clínica única que conterá toda a información xerada nos sucesivos contactos co mesmo ben sexa en réxime de hospitalización, de urxencias, ou de consultas externas.

A información contida na historia clínica ten carácter confidencial, polo que o acceso á mesma debe xustificarse por motivos de asistencia sanitaria ó seu titular. Calquera outra razón de carácter excepcional deberá responder a un interese lexítimo susceptible de protección e estar convenientemente motivada.

Coa finalidade de garanti-lo dereito do paciente á súa intimidade persoal e familiar, o Proxecto de lei regula expresamente os supostos de acceso á información contida nas historias clínicas. Así, o paciente ten dereito á obtención de informes e resultados das exploracións que, sobre o seu estado de saúde ou enfermidade, se inclúan na historia clínica podendo obter copias escritas dos mesmos.

No supostos de procedementos administrativos, da existencia de responsabilidade patrimonial ou nas denuncias previas á formalización dun litixio sobre asistencia sanitaria, permitirase que o paciente teña acceso directo á historia clínica na forma e cos requisitos que se determinen legal ou regulamentariamente.

Tamén terán acceso á historia clínica os órganos competentes para tramitar e resolve-los procedementos de responsabilidade patrimonial polo funcionamento da administración sanitaria, así como a inspección sanitaria no exercicio das súas funcións.

Permitirase ó acceso ás historias clínicas para a obtención de información estatística sanitaria, para as actividades relacionadas co control e avaliación da calidade da asistencia prestada, ás enquisas oficiais, programas oficiais de docencia e investigación ou a requirimento da autoridade xudicial.

É responsabilidade da entidade ou facultativo que custodia a historia clínica, ter debida custodia da mesma debendo adoptar tódalas medidas precisas para garanti-la confidencialidade dos datos ou da información contida nela.

Así mesmo, toda persoa que no exercicio das súas funcións ou competencias teña coñecemento dos datos e informacións contidas na historia clínica, terá a obriga de reserva e sigilo respecto destes.

A estes efectos o Proxecto de lei tamén establece un réxime sancionador polo incumprimento das previsións da Lei Orgánica 5/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, régúlase expresamente a obrigatoriedade da súa conservación en condicións que garantan a preservación da información asistencial que contén, detallándose aquela información que deberá conservarse indefinidamente fronte a aqueloutra que se conservará un mínimo de cinco anos desde a última asistencia prestada ó paciente ou desde o seu falecemento.

Por todo o anteriormente exposto, esta lei reguladora do consentimento informado e da historia clínica, supón unha notable mellora na relación médico-doente, introducindo novas pautas que reforzan a autonomía da vontade da parte máis débil da dita relación, á vez que se aumentan os niveis de seguridade xurídica para os prestadores de asistencia sanitaria na nosa comunidade autónoma.

Señor presidente, señorías, máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a defensa das emendas á totalidade, polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Ben, é evidente para o noso grupo que a regulación destes temas era unha necesidade, é unha necesidade, non cabe a menor dúbida. Agora ben, é certo que esta Lei –se me permite o señor conselleiro cuali-

ficala así– é unha mala copia da Lei catalana 21/2000 do 29 de decembro, sobre dereitos de información concernentes á saúde e a autonomía do paciente e á documentación clínica. Digo que é unha mala copia porque mantén, contén as lagoas que esta lei catalana ten, que as ten, pero en cambio, obvia e saca da lei galega, do Proxecto de lei aquelas cousas que están ben reguladas na lei de Cataluña. ¿Por que? Veremos por que.

É certo o que dicía sobre a personalidade, a dignidade humana e os dereitos que dimanan dela, entre eles o dereito á propia vida e, por certo, ás vontades anticipadas o que vulgar ou popularmente se chama o testamento vital ou biolóxico.

Está claro que as modernas lexislacións regulan isto con bastante perfección, con bastante minuciosidade. Por dúas razóns.

Primeiro, porque é un dereito expresa-las vontades anticipadas para que sexan tidas en conta cando a persoa non poida facelo persoalmente por motivos diversos. E tamén, régúlanse con minuciosidade para que esas vontades anticipadas sexan exactamente as vontades de quen as outorgou cando tiña plena conciencia.

É dicir, tamén, faise minuciosamente para que non sexan manipuladas por intereses económicos ou doutro tipo, a situación ou as chamadas vontades anticipadas cando a persoa non estea en condicións de emitir. As dúas cousas, garanti-los dereitos e evita-la manipulación dunha vontade dun paciente que no momento de ser intervindo medicamente non ten conciencia ou non ten capacidade para expresalo.

Na lei galega, no proxecto de lei, algo se menciona no artigo 4.1. Dise: “o paciente terá tamén dereito a que se tome en consideración a súa vontade expresada con anticipación ante o persoal facultativo, etc., e que conste por escrito debidamente asinado”.

Non se fala para nada, porque isto é un intento de deixalo sen regular, porque o señor conselleiro comprenderá que con este artigo non se pode regular un testamento vital, nin un documento de vontades anticipadas que esixiría, polo tanto, un regulamento posterior; e, polo tanto, a vontade desta lei é pospoñelo o maior tempo posible para que non estea regulado.

Cousa que, en cambio, na Lei catalana se fai con toda precisión no artigo 8 da Lei 21/2000 de decembro. E dise con toda claridade, regúlase o contido do documento de vontades anticipadas, o seu contido, como se emite ou se outorga ante notario ou ante testemuñas, etc., regúlase perfectamente no artigo 8º. Cousa que vostede, que copia a Lei catalana, neste caso, déixao sen regular, é evidente. Porque quere postergalo, non quere regular o que foi o testamento vital.

Este grupo creo que ten autoridade suficiente para pedirlle –e así o facemos nunha emenda parcial posteriormente– a que iso se regule, porque trouxemos a este Parlamento unha Proposición de lei para regularlo dereito á dispoñibilidade da propia vida e unha Proposición non de lei para regular precisamente este documento chamado testamento vital ou documento de vontades anticipadas.

Nas dúas ocasións foi votado en contra polo Grupo Popular. E aquí agora amosa mante-la mesma posición de non querer regularlo nesta lei redactada dunha forma abstracta –que non serviría para regular ese documento– e pospoñer indefinidamente a posta en marcha do documento de vontades anticipadas.

Polo tanto este é un motivo fundamental, extraordinariamente fundamental que por si só xustificaría o noso rexeitamento a este proxecto de lei, porque nas lexislacións modernas é imposible xa que non se regule de forma clara, concreta, terminante e precisa para garanti-lo dereito e a non manipulación desas vontades, como fai a lei catalana no seu artigo 8º. Con só unha restricción que é naturalmente –non fai falta dicilo– o ordenamento xurídico ou a boa práctica clínica. E, polo tanto, as demais vontades anticipadas debidamente acreditadas teñen que ser tidas en conta polo persoal sanitario que atenda ó paciente. Polo tanto, ese é o primeiro argumento –creo eu– de moito peso –compártase ou non– para presentar a devolución da lei para que iso se regule.

Segundo. Non se regula –cousa que parece estraña nunha lei deste tipo da historia clínica– o deseño e seguimento de algo tan importante e sensible como é a valoración, selección e expurgo da documentación clínica.

Non se regulan nin se crean os organismos pertinentes como fai, por exemplo, o Decreto do Goberno

Vasco 45/1998 do 17 de marzo, sobre valoración, conservación e expurgo da documentación clínica. Non se fai mención para nada a como se valora, selecciona, segue e expúrgase esa documentación. Non se di nada.

E, claro, este é un problema porque son documentos altamente sensibles que afectan á información do estado de saúde ou de enfermidade das persoas, é dicir, dos pacientes. Nin se toca ese tema, nin se crea a Comisión de valoración, de seguimento, de conservación e expurgo da documentación clínica. Mentres que se regula –aínda pendente dun decreto– o funcionamento, as competencias, as funcións da Comisión que regula o consentimento informado no artigo 9 do Proxecto de lei que vostede presenta, mentres que, xa digo, en cambio, todo o referente á documentación clínica nin se crea esa Comisión, nin se regula, nin o seu funcionamento, nin as súas competencias, nin a súa composición, etc., como se fai –insisto– no artigo 9 coa Comisión de Seguimento do Consentimento Informado. Parécenos unha eiva moi importante desta lei, nós tamén nas nosas emendas parciais propoñemos esa creación e regulamos, aínda pendente dun decreto posterior, a Comisión que valore, conserve e expurgue a documentación clínica.

O terceiro argumento polo que rexeitamos e sostemos esta emenda á totalidade, é que tampouco se regula adecuadamente o acceso á historia clínica por parte do paciente. Así si que seguen a lei catalana e unha lei catalana que neste terreo é moi deficiente. Por iso digo que seguen vostedes a lei catalana nos aspectos máis negativos e, en cambio, non a seguen nos positivos.

¿Por que digo isto? Porque no artigo que regula o acceso por parte do paciente á historia clínica no Proxecto de lei do Goberno galego, dise o seguinte: “O acceso á historia clínica nunca será en prexuízo de dereito a terceiros, á confidencialidade dos seus datos se se divulga na dita documentación e así consta, nin do dereito dos profesionais que interviran na súa elaboración se estes invocan a reserva das súas observacións, apreciacións ou anotacións subxectivas.

Iso a súa señoría sabe que xera unha ampla problemática bastante complexa. ¿Por que? Porque, por unha parte, é certo o que se di, o que se pretende

emendar no seu proxecto de lei. Porque se o paciente ten dereito a toda a historia clínica, incluídas as anotacións subxectivas do médico, podemos estar impulsando que os médicos se retraian de facer anotacións. Aínda que vostede sabe que as últimas sentencias sobre estes casos obrigan a facer esas anotacións e incluso hai condenas a facultativos por inhibirse de facelas.

Polo tanto –creo eu– que a xurisprudencia xa resolve este problema, e, sen embargo, priva ó paciente de ter acceso a esas anotacións do facultativo. Explicóme con claridade.

E ademais entra en contradicción e xera diferentes dereitos no territorio do Estado español, porque o Real Decreto 63/1995 do 20 de xaneiro, sobre Ordenación das Prestacións Sanitarias do Servicio Nacional de Saúde, é dicir, de todo o Servicio Nacional de Saúde, di exactamente o seguinte: “Que é unha prestación sanitaria a comunicación ou entrega a pedimento do interesado dun exemplar da súa historia clínica, ou de determinados datos contidos na mesma; sen prexuízo da obriga da súa conservación no centro sanitario”. Non di para nada a reserva ou limitación ás anotacións subxectivas dos facultativos. Polo tanto, un paciente que teña dereito á súa historia clínica en Madrid ten máis dereitos que os que se lle confiren a un paciente galego no ámbito da Comunidade Autónoma unha vez que se aplique esta lei.

Eu sei –insisto– seguro que vostede o que quere resolver é que os facultativos non se inhiban nas anotacións. É verdade, pero tamén sabe que iso xa empeza a ser resolto por sentencias. As sentencias dos tribunais xa obrigan ó facultativo e condenan ó facultativo que se inhibe de facer esas anotacións subxectivas sobre o estado de saúde ou enfermidade do paciente para que sexan vistos non só polo paciente, senón por outros facultativos, por outros médicos que teñan nun momento determinado que acceder a el.

Polo tanto, é unha problemática complexa, recoñézo, quizais, a boa vontade da consellería de querer impedir a inhibición do facultativo, pero vostede comprenderá que xeran un conflito de diferentes dereitos no territorio do sistema nacional de saúde; uns teñen uns dereitos ó completo da historia clínica e unha vez que isto se aprobe en Galicia os pacientes galegos non

terán dereito ó conxunto da súa historia clínica se fan reserva os facultativos correspondentes. E iso hai que resolvelo, señor conselleiro.

Nós temos nese sentido emendas parciais tamén para solucionar este problema e este conflito de dereitos que crea este artigo en relación co regulado polo Decreto 63/1995 que regula a ordenación das prestacións sanitarias no sistema nacional de saúde.

E tamén con este decreto introduce vostede outra cuestión importante que é que en determinados casos haberá que pagar por acceder á historia clínica. E díno non respecto a terceiros, senón a titulares da historia clínica, a pacientes. Cousa que tampouco contempla o Real Decreto 63/1995 que regula a ordenación das prestacións sanitarias do servicio nacional de saúde. E a historia clínica e o seu acceso é unha das prestacións do sistema nacional de saúde gratuítas. ¿Por que vostede introduce que hai que pagar en determinados casos o acceso á historia clínica por parte do paciente? Non por parte de terceiros, senón por parte do paciente.

Se fose por parte de terceiros é outra cuestión. Nos artigos que regulan a posibilidade de acceso de terceiros á historia clínica pois, lóxicamente, pode establecerse un pagamento, ¿por que non? Pero nunca o paciente para acceder a súa historia clínica. Iso tamén é unha contradición co decreto que regula a ordenación das prestacións sanitarias do sistema nacional de saúde a nivel de todo o sistema nacional de saúde do que forma parte o Servicio Galego de Saúde, claro está. E polo tanto, é unha obsesión o de ter que pagar por todo neste sistema nacional de saúde, ¿por que se introduce iso?

Nós cremos que iso hai que retiralo, creo que tamén temos unha emenda parcial para que os pacientes galegos non teñan que pagar o que non teñen que pagar noutros territorios do Estado, naturalmente. E que ademais e en fin –insisto– o decreto que regula a ordenación do conxunto das prestacións sanitarias, neste caso de tipo gratuíto.

E finalmente, hai un problema tamén complexo que a Lei tampouco contempla. Naturalmente a Lei regula a historia clínica nos centros públicos e privados, claro está. Nos centros públicos nós seguimos defendendo –cousa que non se di na Lei, non se nega,

pero non se di e presentamos tamén emendas nesa dirección— de que a custodia e traslado das historias clínicas sexan por medios públicos. ¿Por que? Por dúas razóns, non só por unha.

A primeira —moitas veces exposta por este deputado ante este Pleno e ante a súa señoría— porque non queremos que siga progresando a externalización do sistema nacional de saúde, dos servizos que se prestan no sistema nacional de saúde. Neste caso nos sanitarios pero son servizos do sistema nacional de saúde. Pero hai outra razón máis importante. Tendo en conta que esta documentación é altamente sensible, a súa custodia e traslado é tamén unha cousa moi importante, e claro está cando se contrata unha empresa privada para custodiar ou trasladar as historias clínicas, esa empresa e os seus traballadores xa non están baixo o réxime de sanción administrativa que ten un funcionario ou un réxime estatutario; xa non temos esa capacidade de sanción. Temos a xeral, a penal ou a civil pero non temos a estatutaria ou funcionarial.

E segundo, e moi importante, restámoslle ós traballadores a capacidade e o seu papel de alto control. Cando un traballador público con réxime de funcionario ou estatutario, ve unha irregularidade na manipulación de información tan sensible, ten capacidade para denunciála. Un traballador dunha empresa contratada que ten un contrato temporal por tres meses, non se atreve a facelo porque senón non o volven contratar.

Polo tanto, desde o punto de vista do sistema en xeral e desde o punto de vista do autocontrol da custodia de documentos tan sensibles, é fundamental polas dúas razóns non só por unha, señor conselleiro, que o traslado e custodia destes documentos estea en mans públicas.

Por todas estas razóns e considerando que é moi importante regular esta importante materia do consentimento informado e da historia clínica do paciente, é evidente que este Proxecto de lei non responde ás necesidades que tería nos puntos que acabo brevemente de expoñer.

Polo tanto, admitindo a necesidade desta regulación, que é moi importante, cremos que este proxecto non responde ás necesidades e por iso pedimos a súa devolución. Caso de que iso non se acade, xa anuncio

que presentamos en todos estes puntos que acabo de dicir as emendas para corrixir estas deficiencias.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Guerreiro.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Casares Mourino.

O señor CASARES MOURIÑO: Grazas, señor presidente,

A historia clínica é un conxunto de documentos nos que se recolle a biografía patolóxica dunha persoa onde quedan impresos tódolos datos do paciente que fan referencia ás impresións deducidas, técnicas realizadas, tratamentos recibidos, evolución do seu proceso, secuelas e calquera outra información que se encamiñe a mellorar o seu estado de saúde.

Neste sentido debe procurarse que a información recollida na historia clínica sexa única, acumulativa e integrada, xa que é o único sistema que permite a transmisión de información entre os profesionais da saúde en beneficio dos pacientes.

Ademais, á parte de ter este carácter asistencial, importante sen dúbida e tamén científico, contempla outros aspectos como son os xurídicos, os dos controis de calidade, a xestión de recursos, etc. Estamos pois ante un documento importante no que quedan reflectidos aspectos íntimos das persoas e unha serie de procedementos diagnósticos, terapéuticos e tamén de todo tipo de incidencias xurdidas ó longo dun proceso patolóxico na vida dunha persoa. Debido a esta importancia era de esperar que este Proxecto de lei se presentara con máis rigor.

Unha vez estudado, un ten a impresión de que estamos ante un documento feito de présa, propiciado máis posiblemente pola proximidade dunhas eleccións que xa están á vista, ou por regular un documento importante como é o consentimento informado que ten un relevante protagonismo no conxunto da Lei por razóns obvias, entre elas as xurídicas, pero tamén hai outros aspectos tan importantes como é o consentimento informado que quedan diluídos e pou-

co especificados ó longo do seu articulado, como é o contido da documentación que debe conforma-la historia clínica.

Neste sentido eu teño que recordar que o 20 de abril de 1998, o noso grupo parlamentario presentaba unha Proposición non de lei que se debateu na Comisión de Sanidade na que se propoñía que documentación debía formar parte da historia clínica e entre esa documentación estaba, constaba, o consentimento informado. E que, por certo, foi votada en contra polos parlamentarios do Partido Popular.

Cando entremos a debater o articulado reiteraremos novamente aquela proposta por considerar que é máis ampla e máis axeitada nas circunstancias actuais que a que se recolle no proxecto de lei. Entre outras cousas porque especifica cales son os documentos que obrigatoriamente deben estar presentes na historia dos pacientes que necesitaron hospitalización e cales os que deben estar presentes naqueles pacientes que reciben atención no ámbito da medicina primaria ou ambulatoria. Que son dúas situacións distintas, polo tanto, dúas historias clínicas que non teñen porque te-la mesma documentación e que no Proxecto de lei non queda nin medianamente especificado.

Hai outros aspectos que nos levan a presentar esta emenda á totalidade como é o que fai referencia á súa conservación ou o diluído que está ó longo do articulado o dereito á confidencialidade, á titulariedade xurídica da historia –á que xa fixo referencia o señor Guerreiro–, á solicitude de pagamento de algo do que é titular xuridicamente –as persoas non teñen porque pagar algo que é deles– e a outras cuestións de menor identidade.

Desde hai xa algúns anos ante a ausencia dunha lei que regulase o contido e conservación e tódolos aspectos que estean ó redor da historia clínica, xa os centros hospitalarios, tanto públicos como privados, tiñan a súa propia documentación clínica, moitas veces incluso transmitida por escrito ós facultativos e ó persoal sanitario a través dos centros, das unidades de documentación. Xa os colexios médicos hai dous anos fixeron unha serie de reunións para debater sobre o consentimento informado que xa está operando tamén en moitos hospitais e para moitas patoloxías. Polo tanto, todo isto xa se estaba facendo nos hospi-

tais e é bo que haxa unha lei que veña a regular todas estas situacións. O que pasa é que a Lei en moitos aspectos é inferior ó que nestes momentos xa se está facendo, o cal non parece lóxico.

Pero, sen embargo, si son todas estas cuestións que lles expuxemos as que nos motivan a que presentemos unha emenda á totalidade. Sen embargo, hai unha, unha ausencia neste Proxecto de lei que por si soa permitiría xa que fixemos esta emenda á totalidade, que é a ausencia dun documento tan importante como é o das vontades anticipadas. A súa inclusión non sería nada novidoso, xa que se se consultan outras leis similares que se teñen aprobado no resto do Estado, concretamente en Cataluña, observamos que este documento xa está presente e si está contemplado.

E é que é difícil entender que unha lei destas características que regule a documentación dunha historia clínica para os hospitais galegos e que vai ser aprobada nos albores do século XXI, non contemple un documento que lle poida asegurar ós cidadáns dispor da liberdade para decidir sobre a calidade da atención que quere que se lle preste, por exemplo, cando se atopa nunha situación irreversible na evolución do seu proceso patolóxico.

Hoxe xa ninguén dubida que a única misión da medicina sexa a erradicación da enfermidade, aínda que hai outros aspectos que se deben ter en conta.

Non parece lóxico que nun momento no que os avances médicos teñen sido tantos e tan importantes, afortunadamente, coa aparición dos novos fármacos, os trasplantes de órganos e a enxeñería xenética postos a disposición do ser humano para conseguir unha mellor calidade e expectativas de vida, pois isto coloca estas ciencias diante da situación de ter que preocuparse entre outras cousas, á parte da calidade de vida que se debe prestar a tódolos cidadáns por facer máis digno e aceptar o inevitable tramo da morte que nunha porcentaxe moi alta dos cidadáns galegos se está producindo nestes momentos dentro dos hospitais.

Calquera cidadán, polo tanto, debe te-la liberdade de decidir antes de que lle chegue ese momento, que chegado o caso non se prolongue a súa agonía ou non ser sometido a algo frecuente, cada vez máis frecuente nos hospitais, como é o chamado “encarnizamento terapéutico”. Ou ó contrario, que alguén desexe que

se esgoten tódalas posibilidades que se teñen ó alcance para poder sacalo adiante da súa situación a toda costa. En calquera caso, quen debe decidir algo tan fundamental como isto é a propia persoa e non debe quedar ó libre albedrío de terceiros porque, entre outras cousas, se poden cometer verdadeiras inxustizas ou situacións no límite da legalidade. Desde logo, non incluíndo este documento de vontades anticipadas, fai que esta Lei sexa unha lei incompleta e no momento en que vivimos, diríamos que unha lei reaccionaria.

A verdade é que o Goberno galego aínda está a tempo de retoma-la postura neste sentido, pero tomar unha postura porque nestes momentos ó non acepta-la inclusión do documento de vontades anticipadas nesta Lei, poñería ó Goberno galego, ó Partido Popular de Galicia que é o que sustenta o Goberno, moi por debaixo do que nestes momentos con respecto a esta cuestión pensa a Conferencia Episcopal Española.

Eu simplemente, convidaría ós que van votar esta Lei, a que accedan á páxina web da Conferencia Episcopal Española –na que está entre outros o señor bispo de Mondoñedo-Ferrol que non se caracteriza precisamente pola súa progresía– e na que se recolle un documento que eles chaman testamento vital, no que se acepta que se tomen medidas para evita-lo chamado “ensañamento terapéutico” –do que antes nós falabamos– en enfermos irrecuperables. E incluso, nesa páxina ofrécenlle a aqueles que queiran facer uso dela, un documento redactado pola propia Conferencia Episcopal para que, aquela persoa que queira face-lo seu testamento vital, o faga baixo ese criterio que ten a Igrexa Católica para estes temas.

Polo tanto, eu o que lle pediría ó Partido Popular, ó Goberno da Xunta, é que se imos aprobar unha lei tan importante como esta que non a aprobemos cunha ausencia, cunha carencia tan importante como é o documento de vontades anticipadas ou testamento vital, porque posteriormente, de forma ineludible, este documento ó final vai ter que constar na documentación clínica de calquera país que respecte a dignidade das persoas.

Polo tanto, atrasalo simplemente é deixar ós cidadáns galegos nunha situación que outros cidadáns do Estado español xa teñen meridianamente superada.

Por agora nada máis.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Gracias, señor presidente.

Señorías, efectivamente existía un baleiro ao respecto dunha normativa que cumpría darlle contido. Pero o que si é verdade –e tamén como unha crítica a que o estado de cousas sexa como é– é que precisamente que neste intre Galiza non ten unha lei de ordenación sanitaria que permitiría, dalgún xeito, regular aspectos deste tipo.

É evidente que nós nun principio entendemos que é unha lei interesante, pero tamén hai aspectos que cómpre poñer enriba da mesa de xeito inmediato.

É unha lei feita precisamente de présa, é unha lei que nalgún momento nós se realmente non existiran precedentes e recomendacións, pois non teríamos ningunha dificultade en non presentar ningunha emenda á totalidade, pero é xustamente o que isto bota en falta de que nin tan sequera a Xunta de Galiza, o Goberno galego formula as recomendacións que hai e a normativa existente moi ampla. Por exemplo, a lei de Castela-León, Cataluña, Navarra, País Vasco, recomendacións europeas, ampla xurisprudencia, recomendacións do Consello Interterritorial, etc., que van todos nesta dirección.

Nós entemos que o proxecto presentado polo Goberno se manifesta como incompleto; en concreto no que atinxe ao consentemento e tamén no relativo á historia clínica. Por exemplo, non é de recibo que a estas alturas e tendo –repito– como precedentes regulamentacións doutras comunidades autónomas onde aparece o testamento vital ou o testamento biolóxico que significa recoñecer explicitamente a posibilidade de que as persoas poidan facer os seus testamentos para poder determinar antes dunha intervención médica as súas vontades por se no intre da intervención

non se atopan en condicións de realizalas. É dicir, o non meter isto cando hai un articulado, dá a impresión de que ou é desidia, falta de rigor técnico ou interese político en non metelo. Polo tanto, isto de por si xa xustificaría unha certa reserva moi grave. Hai que falar de como debe de formalizarse, non se di para nada, diante de quen e, evidentemente, hai que incorporalo á historia clínica.

En segundo lugar, o concepto de equipo multidisciplinar sanitario non ten unha expresión concreta no articulado do proxecto que podería crear importantes disfuncións interpretativas sobre a responsabilidade. O texto non fala do equipo, nin do consentimento informado, nin do articulado da historia clínica; fala do médico. Pero existe grande contradicción cando se fala en cambio da responsabilidade.

E poño un exemplo. Cando fala o artigo 15.2 da historia clínica di: “Propiedade, custodia e acceso. Así mesmo, toda persoa que no exercicio das súas funcións ou competencias teña coñecemento dos datos e das informacións contidas na historia clínica, terá a obriga de reserva e sixelo respecto disto”. Parece de sentido común que tamén debería de contemplarse neste articulado cales son as persoas que poidan manexar esta información, de feito na actualidade non soamente o médico está informando aos pacientes. E iso, sobre todo, por unha cuestión xurídica.

Cando a historia clínica pasa de ser un mero documento administrativo a ser unha proba de carácter legal que afecta a todos os profesionais tamén ten precisamente que estar contemplada na lei á hora desa posible responsabilidade, a iniciativa ou o recoñecemento que poidan ter os distintos membros do equipo multidisciplinar.

Non se considera como necesario a incorporación de determinados rexistros de actividades que deberan incorporarse como contidos na historia clínica. Por exemplo, hai precedentes no País Vasco sen ir máis alá, nos que se fala das follas de devolución e de planificación de coidados de enfermmería. Está intimamente relacionado co anterior. O persoal terá algo que dicir ao respecto, o persoal de enfermmería neste caso.

Nin tan sequera reflicte a recomendación do Consello Interterritorial de Saúde sobre os compoñentes do historial clínico na súa sesión do 4 de xuño do

1990. Onde di que debe estar contemplado na historia clínica a historia de enfermmería con follas de observacións e de constantes de enfermmería. Vostedes non o consideran.

Pero si algunha das cousas que xa xustificaría o noso rexeite á totalidade é o tratamento que se fai dos datos que están suxeitos a información ou a travase do que se fala de tratamento dos ficheiros de datos, manexo e vulneracións.

Vostedes no seu articulado din o seguinte: “Título III da historia clínica: Soporte. Na historia clínica poderán ser usados calquera dos soportes documentais axeitados para a súa utilización sempre e cando garantan a súa autenticidade, integridade e seguridade e conservación”. E solvéntano así. Despois derivan vostedes nas penalizacións a dotar na Lei Orgánica de Tratamento de Datos Informáticos, que, por certo, a Xunta de Galiza nin tan sequera ten actualizada a nova Lei do 15 do 1999, remítese á outra que xa está superada.

¿Que quero dicir con isto? Neste intre, cando precisamente todo vai na dirección de que a evolución da alta tecnoloxía no tratamento dos datos está vulnerando datos sensíbeis. E hoxe, neste momento, os datos relativos á saúde en mans de determinadas persoas insensatas ou o cruzamento dos ficheiros de datos, pode dar grandes situacións de atropelo. Por exemplo, unha persoa cunha enfermidade terminal, ese dato en coñecemento dunha axencia de seguros, igual non a aseguran, así de claro. E hoxe xa hai precedentes e xurisprudencia dabondo.

Por exemplo, vostedes non fan ningunha relación nin tan sequera á Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal nos seus títulos II, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI e XII, onde di: “Datos especialmente desprotexidos. Os datos de carácter persoal que fagan relación á orixe racial, á saúde, á vida sexual, só poderán ser solicitados, tratados e cedidos cando por razóns de interese xeral así o dispoña unha lei que o tratado consinta expresamente”. Estou lendo literalmente. ¿Que quere dicir isto? Quere dicir que vostedes isto non o contemplan e é un aspecto gravísimo.

Nin tan sequera vostedes fan ningunha referencia ó lexislado, a unha lei superior ás de carácter autonómico como pode ser o Real Decreto 9/1994, do 11 de

xuño polo que se aproba o Regulamento de Medidas dos Ficheiros Automatizados que conteñan datos de carácter xeral. E di: “Os ficheiros que conteñan datos de ideoloxía, relixión, crenzas, orixe racial, saúde ou vida sexual, así como os que obteñan datos solicitados para fins policiais sen consentimento das persoas afectadas, deberán reunir ademais das medidas de nivel básico e medio, as clasificadas de nivel alto”.

Vostedes non fan ningún proceso sancionador, remíteno precisamente á LORTAD, Lei Orgánica de Tratamento de Datos Informáticos. Pero que esa propia lei di na súa disposición que “se establecerá por vía regulamentaria o procedemento a seguir ou ben as resolucións da axencia de protección de datos ou órgano correspondente da comunidade autónoma”.

Nós non temos nin Axencia de Protección de Datos nin hai ningún órgano correspondente da comunidade autónoma. Efectivamente, nada máis que hai neste momento unha Axencia de Protección de Datos a nivel estatal e unha dunha comunidade autónoma.

Pero vostedes tampouco reflicten da Recomendación do 13 de febreiro do 1997 do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros sobre a protección de datos médicos: “Respecto á intimidade, garantirase o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais. Os datos médicos só poden recollerse e procesarse se existen medidas de protección adecuadas establecidas pola lei nacional. En principio os datos médicos deben ser recollidos e procesados só por profesionais sanitarios ou por individuos que traballen en representación de profesionais sanitarios”.

Vostedes o que teñen neste momento é privatizado o servizo de historias clínicas e non hai ningunha garantía —eu non quero dicir con isto que dubide da profesionalidade— pero neste momento tamén estamos en condicións e, sobre todo, estamos tamén con xurisprudencia suficiente e cos informes anuais da Axencia de Protección de Datos, que hoxe se están vendendo datos de carácter persoal. E non é un disparate que o diga eu desde esta tribuna. Remítome ao informe da Axencia de Protección de Datos Estatal.

Quero dicir con todo isto que este Proxecto de lei debería contemplar: primeiro, unha garantía dos de-

reitos á intimidade dos usuarios e, en segundo lugar, algo que vostedes sempre nos botan en cara que é, nin máis nin menos que tamén blindar dalgún xeito a posible responsabilidade dos facultativos e do persoal multidisciplinar que ten, enténdese que debe ter, algo que dicir ao respecto.

Coidamos que nós tamén temos as nosas emendas parciais, pensamos que se podería facer, podería presentarse un proxecto moitísimo mellor, tecnicamente bastante mellor e non o entendemos como precisamente con toda a constancia de documentación tan ampla que hai ao respecto, non se nos oferta outra posibilidade que nós tivesemos que dicir que coas nosas emendas parciais, pero non nos levaría ó feito de facer unha emenda á totalidade que neste caso vémonos na obriga se non se ten outra resposta ao respecto, de votar esta emenda.

Cremos que se perde unha oportunidade magnífica e pensamos enormemente tamén que a negligencia —eu diría negligencia— que existe en canto a que non se estea traballando no proxecto da Lei de Ordenación Sanitaria Galega. Non sabemos por que; porque iso si que permitiría xa regulamentar moitas cousas que neste momento xa o fixeron outras comunidades autónomas e, evidentemente, nós aquí polo que sexa, por medo, por contestación social, está metida desde agosto nunha neveira e non hai ningunha argumentación seria e rigorosa que faculte para que o Goberno neste momento non teña a debate en relatorio onde se debe cosiderar a Lei de Ordenación Sanitaria Galega.

Máis nada e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor Ferreiro.

¿Rolda a favor? *(Pausa.)* ¿Rolda en contra? *(Pausa.)*

¿Grupos que se queiran posicionar? *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor González Ballesta.

O señor GONZÁLEZ BALLESTA: Moitas grazias, señor presidente.

Comezarei por felicitar ó señor conselleiro de Sanidade porque na súa presentación deste Proxecto de lei deixou claras cales son os fins, os obxectivos e, sobre todo, cal é a transcendencia que este Proxecto de lei ten para a sociedade galega.

Por contra, os grupos da oposición presentan emendas á totalidade collidas polos pelos, fundamentadas en argumentos que poden ser perfectamente resoltos por vía regulamentaria e que seguramente ó longo do debate poden ser incluso aceptados nalgún xeito por parte do grupo maioritario e por parte do propio relatorio e Comisión que tratará esta lei.

Pero eu coido que hoxe estamos a falar aquí de catro personaxes –permítanme a licencia–. Empezou o señor conselleiro citando a Hipócrates, eu seguiría citando a Orwell, seguiría por Huxley e seguramente poderíamos rematar –aínda que non se mencionou, estaba na mente de todos– ó señor Ramón Sampetro.

Hoxe falamos aquí dos dereitos dos pacientes, independentemente que isto sexa unha lei que fala permanentemente de medios, o consentimento informado, que fala da historia clínica, que ten dúas partes claramente expostas, estamos a falar de dereitos dos cidadáns na súa situación eventual de pacientes.

Entrarei, pola brevidade do tempo, na análise das diferentes intervencións dos grupos parlamentarios.

Todos eles aceptan a necesidade da lei –o cal xa é un bo punto de partida–, aceptan tamén que tratar este tema neste momento era imprescindible, xa que normativa que sucesivamente se vai producindo e eu querría recordar que o consentimento informado se cita na literatura científica xa en 1930, na literatura anglosaxona, e que incluso en 1972 o Regulamento de Goberno e Servicios das Institucións da Seguridade Social, introducía por primeira vez ese concepto establecendo que os enfermos teñan dereito a autorizar directamente a través dos seus achegados as intervencións cirúrxicas e as actuacións terapéuticas que impliquen risco notorio e previsible, así como ser advertidos da súa gravidade.

O señor Guerreiro iniciaba a súa intervención aceptando a necesidade desta lei e centraba a súa intervención en catro puntos que eu –para non estender-

me moito– coincido nalgúns casos cos dos outros intervinientes.

En canto ó dereito de expresar nun documento as vontades anticipadas, el mesmo acepta que o artigo 4 no punto 1, da nosa lei, do noso proxecto de lei, inclúe dunha maneira clara cal é ese documento, cal é o seu alcance e incluso en que termos se debe desenvolver.

Falouse reiteradamente ó longo destas diferentes intervencións do dereito comparado, citouse a lei catalana especialmente e tamén outras normas: a navarra, a andaluza e a de Castela.

Ben, eu coido, señor conselleiro, que temos avanzado bastante respecto a outras normativas. A nosa ten a virtude de que ese documento de consentimento informado faise diante da institución sanitaria, co asesoramento dos profesionais sanitarios e iso dálle un matiz, eu entendo que mellor que o propio catalán que introduce a presenza do notario, de testemuñas, eu diría que de terceiras persoas que non teñen demasiado que facer neste eido sanitario, porque se supón que do que estamos a falar, señor Guerreiro, non é de situacións excepcionais. Realmente ó longo do ano 2001 por exemplo, das 153.000 intervencións cirúrxicas –de cirurxía maior– que vai face-lo Servicio Galego de Saúde, moitas delas, a maioría delas, necesitarán deste documento feito en condicións normais por un paciente que accede por cita previa a unha consulta, e quizais no caso das urxencias era onde se podería dar máis a necesidade dese documento.

Pero entendemos que estamos a falar de situacións clinicamente distintas e, polo tanto, substancialmente diferentes.

Parece que hai unha certa querencia por parte de todos os intervinientes de centra-la situación nas situacións críticas de falta de conciencia ou de imposibilidade de expresa-lo consentimento informado dunha maneira voluntaria, volitiva, por parte do propio paciente.

Eu entendo que a intención de pospoñe-lo debate non existe por canto esta é especificamente a segunda norma que acede a un Parlamento autonómico e, polo tanto, estamos nun momento ideal para tratalo.

E por outra banda, tampouco podería ser moito antes porque como dixo o conselleiro de Sanidade, o Convenio de Oviedo, asinado polo Goberno español hai un par de anos, entra en vigor o 1 de xaneiro do ano 2000. Entón a partir dese momento ese convenio que obriga a tódalas partes e, polo tanto, á comunidade autónoma galega, incorpórase a ese conxunto de autonomías e de estados que o aceptan. É máis, en Bélxica a aprobación da lei non ten máis alá dun mes. Polo tanto, estamos case en igualdade con outros países da Comunidade Económica Europea.

En canto á regulación da continuidade da historia clínica, señor Guerreiro, eu coido que esta non é unha cuestión de establecer protocolos nunha lei. Certamente sería no proceso regulamentario que lle corresponde á Consellería de Sanidade, o momento de introducir cales son as características especiais de cada un destes protocolos para as diferentes patoloxías, porque, como dicía o señor Casares, non todas son iguais e hai algunhas que necesitan un tratamento especial.

En canto a que se suscita por debaixo deste debate o concepto de medicina defensiva, é certo que esa posibilidade sempre existe. Eu coido que os profesionais da sanidade galega non teñen ata o de agora entrado neste tipo de actuacións e os preceptos xurídicos que citaba o señor Guerreiro son moi puntuais en España e atinxen a outras comunidades autónomas.

En canto á custodia, ben eu entendo que a custodia nun centro sanitario está claro a quen lle corresponde. Correspóndelle ó propietario da historia clínica que é a institución sanitaria e que, lóxicamente, ten as capacidades que ten para custodiar toda a documentación, igual que o ten para garanti-la seguridade dentro do propio hospital polos medios máis habituais que como vostedes sabe, son, á parte das propias responsabilidades dos profesionais, outros medios externos.

Ben, o Partido Socialista parece que quereda entrar na propedéutica e ó final quedou nunha cuestión deontolóxica. Eu coido que esta secuencia de acontecementos que se ten producido ata traer esta lei aquí, era inevitable que fora nos tempos que ten marcados a consellería e no momento que chega. Chega no momento ideal para discutila, temos elementos de dereito comparado suficientes como para na fase de

Ponencia ou de Comisión avanzar neles e, polo tanto, tamén esta é unha vantaxe con respecto a outras comunidades autónomas.

Paréceme entender que o señor Casares ten unha certa confusión en canto á titularidade. Evidentemente, o titular da historia clínica é o paciente, pero o propietario –queda claro nesta norma– é a institución sanitaria que a preserva. Polo tanto, resolta esa dúbida, señor Casares, supoño que os argumentos que trouxo a continuación caen polo seu propio peso.

Ben, eu ¿entender que a lei é reaccionaria? Mire vostede, esta lei acepta perfectamente calquera comparación con calquera precepto semellante no territorio español e no territorio europeo. E tan reaccionaria como pode se-la normativa francesa ou como pode se-la normativa catalana ou navarra. A Orde Foral que desenvolve estes principios en Navarra leva bastante máis tempo en discusión e chega ás mesmas conclusións que nós.

As situacións especiais e singulares que se dan na lei, eu coido que están suficientemente cubertas cos diferentes artigos que esta lei presenta.

Dende logo, a intimidade e o dereito á información son obxectos fundamentais da lei e, polo tanto, ó longo do seu articulado –insisto– teremos oportunidade de introducir aquelas modificacións que a melloren porque como calquera obra humana esta tamén é –por suposto– perfectible.

Hai unha cousa que si é certa, que si xustifica a diferenza dunhas normas con respecto a outras. Tendo en conta que os procedementos médicos son semellantes practicamente en todo o mundo, as diferencias culturais, a idiosincrasia e o xeito de senti-la saúde e a enfermidade son distintos incluso dentro dos propios estados. Esta consideración debe ser suficiente para entender esta e outras pequenas diferencias que existen entre esta norma e outras normas estatais.

A min chámame moito a atención a cuestión do notario e das testemuñas en Cataluña, desde o meu modesto punto de vista é unha introducción de axentes foráneos como creo que apuntaba algún dos intervinientes. En canto ás diferencias de opinión manifestadas polos grupos da oposición, non nos parecen

insalvables –insisto– e no procedemento de relatorio estou seguro que imos chegar a moitos acordos.

Pero eu coido que hai unha cuestión que é fundamental que hai que traer aquí. Que aquí o que se establece é unha transparencia na relación médico-doente. Preténdese, búscase unha opacidade en canto á protección dos datos dese paciente.

O papel humanizador do médico con respecto á relación médico-doente, mantense dun xeito digamos que tradicional nas vantaxes que iso ten.

E o noso grupo parlamentario rexeita as súas proposicións non de lei por estas razóns fundamentais e, sobre todo, porque entende que se abre unha garantía ós cidadáns galegos que se fai desde o Parlamento de Galicia e que esta regulación que se vai establecer cando se aprobe definitivamente a lei, vai mellora-los dereitos dos cidadáns na súa situación eventual de enfermos e, seguramente, a súa presentación diante dun servizo de atención ó cidadán moito máis transparente no que fai falla –que é na relación– e moito máis opaco que é o que, nalgún caso, se presentaba como dúbida.

Eu quero recordar, señores da oposición, que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego a través dunha Proposición de lei, o Partido Socialista a través da tenencia incluso de historias clínicas, o Grupo de Esquerda de Galicia a través da presenza de follas de quirófano, foi criticado por este voceiro en tres situacións distintas, precisamente, porque non existía esta norma.

Coido que a partir de agora terei que quedarme coas ganas.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor González Ballesta.

Unha rolda de réplica.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Señor Ballesta, vostede ten a virtude –non sei se é a virtude, para o seu grupo– de non entrar nunca no debate que se lle presenta.

No Proxecto de lei non se regula, é imposible ante calquera experto xurídico que a regulación –por chamarlle dalgunha maneira– sobre as vontades anticipadas, sexa admitida. Non ten ningunha garantía. En todo caso haberá que regulala posteriormente, non me diga que está regulada na lei. E nós non queremos deixar en mans do Goberno a regulación de tema tan importante. Sobre todo tendo en conta que outras leis a regulan con garantías para o médico e para o paciente, para que non sexan manipuladas as súas vontades anticipadas. É fundamental.

Primeiro antecedente nesta Cámara, cando este grupo presentou unha Proposición non de lei para regular o testamento vital ou as vontades anticipadas, foi votado en contra. E vostedes non o regulan porque queren posterga-la regulación dese importantísimo dereito. Importantísimo dereito nos albores do século XXI. E fan mención a el –non o regulan, fan mención, que é unha cousa diferente– porque xa é legal na lexislación española o dereito á eutanasia pasiva, pero vostedes néganse a regular como se fai iso. Ese é o problema. Agora se vostedes teñen tanta vontade, pois nas emendas parciais que presentamos chegaremos a un acordo segundo vostede, moi ben.

Segundo. Di vostede que se regulan dereitos. Ben, regúlanse dereitos e, ó meu xuízo, restrínxense dereitos que teñen noutras zonas do sistema nacional de saúde, ¡ou non llo dixen! Vostede non entrou niso, ¿verdade? Porque, claro, é evidente que o Decreto 63/1995 do 20 de xaneiro, sobre ordenación das prestacións sanitarias do Servizo Nacional de Saúde, di que o paciente ten libre acceso ó conxunto da historia clínica. E vostedes na lei din: “excepto os dereitos a terceiros e as restricións que impliquen os propios profesionais”. Polo tanto, os galegos imos ter menos dereitos que noutros sitios do sistema nacional de saúde de acceso á historia clínica. E ademais se introduce tamén violando ese decreto a posibilidade de pagar por parte da historia clínica, se é o caso. Esas son restricións de dereitos ós galegos que non sei a que veñen.

E terceiro, señor Ballesta, explíqueme vostede por que se renuncia a regular dunha forma clara, aínda pendente dun decreto despois como se fai coa Comisión do consentimento informado, todo o sistema de valoración, selección e expurgo da documentación clínica. É que non existe, non se menciona como imos seleccionar e desfacer nos da documentación clínica inservible porque se iso cae noutras mans, imaxínense vostedes. Pero vostedes non o din, din que pasados cinco anos –salvo que sexa permanente– poderá desfacerse, pero non din como nin con que garantías para o paciente.

E para salvagardar esa intimidade vostede sabe que no expurgo desa documentación pode haber todo tipo de trampas, ¿verdade que si? Pero non se regula, é que non se regula mal, é que non se menciona nin a formación desa comisión, dese seguimento, desa selección, do seu funcionamento, da súas competencias como se fai no artigo 9 no que se regulan –aínda pendente dun decreto posterior–, sen embargo, as bases da comisión de seguimento informado. E aí non se fai, espero que o teñan en conta nas emendas parciais pero é unha ausencia clamorosa da lei.

E finalmente –remato, señor presidente– non é menor tampouco, tampouco entrou vostede niso, senón que fai filosofías abstractas, cando eu lle digo por que non se di, aquí se regula a historia clínica nos centros públicos e privados, nos privados xa teñen o seu procedemento pero nos públicos pedimos que se explique porque son con medios públicos. E expliquei por que non só pola crecente privatización de tramos da sanidade, que se implica isto, que están privatizadas as historias clínicas, a custodia e traslado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...senón porque iso é unha garantía, porque un traballador público baixo un réxime estatutario ten seguridade para denunciar calquera anomalía; mentres que unha empresa subcontratada pola administración sanitaria que ten ós seus traballadores con *contratos basura* de tres meses, non hai quen se atreva a explicá-las manipulacións nin a denuncialas.

Polo tanto non só é un problema de defensa do público que o é, senón das garantías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...de custodia e de traslado.

Estes son temas moi importantes que afectan á intimidade, ós dereitos dos pacientes galegos respecto doutras zonas do sistema nacional de saúde, e é un dereito fundamental xa regulado e admitido na lexislación española, como é o dereito, naturalmente, a dispoñer da súa propia vida, do que se chama vulgarmente a eutanasia pasiva que, aquí, se negan ideoloxicamente a volvela regular.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Casares Mourinho polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CASARES MOURIÑO: Gracias, señor presidente.

Indubidablemente claro que aceptamos, como non iamos aceptar que se presente unha lei que regule a documentación clínica que debe operar nos centros sanitarios. Aceptámola máxime cando no ano 1998 o noso grupo parlamentario presentou unha Proposición non de lei onde se pedía ó grupo que gobernaba –e tardou tres anos en presentar a Proposición non de lei– que regulase a documentación que debe formar parte dunha historia clínica e na que se falaba do documento informado.

Documento informado que vostedes veñen a recoller neste proxecto de lei, documento que xa existía en tódolos hospitais, porque eu lémbrolle que desde hai cinco anos tódalas sentencias xudiciais sobre actuacións médicas, os xuíces –e vostede pode acceder a algunha desas sentencias–, recoméndanlle ós médicos que informen por escrito e verbalmente ós pacientes cando van actuar terapéuticamente con algunha técnica sobre eles, dos beneficios, dos efectos secundarios e dos riscos desa técnica. Polo tanto, iso xa estaba operando en tódolos hospitais, tanto públicos como privados.

Incluso os colexios médicos ante unha ausencia de lei que debía ter lexislado con anterioridade o Goberno galego, fixeron unha serie de reunións e unha serie de charlas e incluso deron unha serie de normas protocolizadas para cada un dos procesos terapéuticos nos hospitais.

Polo tanto, nesta lei o que fai referencia ó documento informado vén regular algo que xa estaba existindo e que xa se estaba utilizando nos hospitais.

Vostede di que na miña intervención meto aspectos deontolóxicos, lóxico. Quero dicir, eu como médico cando estou falando de cuestións médicas, pois o señor conselleiro falaba de Hipócrates, eu penso que é inseparable facer reflexións deontolóxicas sobre temas tan importantes como por exemplo algo como é o documento de vontades anticipadas que vostede aquí, desde logo, pasou por alto.

E ¿como non vou facer unha reflexión deontolóxica? se vostede como médico que coñece cal é a situación dos pacientes nos hospitais cada vez máis tecnificados, vostede sabe que hai a posibilidade de manter a unha persoa indefinidamente nunha situación de vida vexetativa ata que alguén decida que esa situación non se deba manter máis tempo. ¿E iso quen o decide? ¿Baseándose en que criterios se decide? Pois baseándose no médico de garda.

Si, si, vostede sabe que si, é dicir, hai persoas que prolongan, poden estar prolongando o encarnizamento terapéutico sobre unha persoa dun xeito indeterminado baseándose no seu criterio persoal.

¿Por que non pode decidir unha persoa que nun momento determinado con plena lucidez, en plena facultade da súa conciencia pode decidir que chegado ese momento non quere que se lle *macheque* nun hospital, falando así vulgarmente? que iso está ocorrendo e vostedes non entran niso. Algo que –como lle dicía– a propia Conferencia Episcopal contempla e ofrece incluso un documento redactado por eles para que aquelas persoas crentes que queiran facer uso del xa o teñan redactado ante situacións de enfermos con procesos patolóxicos irreversibles.

Pois iso quen o ten que decidir, lóxicamente, é a propia persoa que pode ser sometida a esa situación.

Non pode quedar –como dicía– ó libre albedrío de terceiras persoas.

Polo tanto, non meter este documento é facer unha lei –dicíalle eu– retrógrada nese aspecto. Porque este documento ó final dentro dun ano, dentro de dous anos haberá que metelo. Haberá que metelo porque a propia dinámica de como van ir as cuestións nos hospitais van facer que ese documento teña que estar presente.

O que van vostedes é estar atrasando algo que terá que chegar e, ó mesmo, tempo privar ós cidadáns galegos de algo que outros cidadáns noutras autonomías van poder dispor del.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Grazas, señor presidente.

Dicía o señor Ballesta que as lagoas que poida presentar este proxecto xa se establecerán ou xa se solventarán no posterior regulamento. Esta é unha trécola dos xuristas, é dicir, un pode presentar unha filosofía pero despois como hai moita inconcreción no texto, despois farase un regulamento.

Pero é o que nós queremos salvar precisamente e toda a argumentación basicamente estivo en fundamental en erros técnicos. É dicir, ¿como é posible que se diga que xa se regulará posteriormente? ¿Cal é a virtualidade que ten unha lei? Meter concreción, articular perfectamente para que a xente saiba interpretar de que se está a falar. E vostedes precisamente o que están a facer é crear moitos problemas á hora da interpretación do propio articulado.

Por exemplo, cando vostede fala e di, o consentimento xa está garantido no artigo 4; prestación do consentimento e di: “o paciente terá tamén dereito a que se tome en consideración a súa vontade –como, cando, diante de que, non di para nada– expresada con anticipación ante o persoal facultativo do centro

sanitario ante o persoal facultativo ou ante o médico, responsabilidade do equipo multidisciplinar ou do médico que pide o consentimento”.

Claro estas son as grandes contradicións que haberá que dicir aquí desde o punto de vista do rigor técnico. Porque é moito máis contundente algunha lexislación ó respecto –e vou traducir– di: “As vontades anticipadas. O documento de vontades anticipadas é o documento dirixido co médico responsable no cal unha persoa maior de idade con capacidade suficiente, libremente exprese as instrucións a ter en conta cando se atope unha situación en que as circunstancias que concorren non lle permiten expresar persoalmente a súa vontade. Neste documento a persoa pode tamén designar tamén un representante, etc.” Isto trata simplemente de ilustrar o que hai de dereito comparado, de lexislación, de recomendacións que aquí non se contemplan para nada.

Falaba vostede de que se garante a opacidade dos datos. Para nada, señor Ballesta, para nada porque remite constantemente a unha lexislación que non existe e remite, precisamente, a un aspecto que era nin máis nin menos –a ver se o teño por aquí– que era o réxime sancionador. E dicía: “A lei adopta no artigo 14, o procedemento sancionador que se establecerá por vía regulamentaria”. Volvemos ver que está sen facer. E di: “E nas resolucións, estarase de acordo coas resolucións da Axencia de Protección de Datos –que aquí non existe– ou ben do órgano correspondente da comunidade autónoma” que aquí tampouco existe.

¿Que quero dicir con isto? Que con independencia de que efectivamente vai haber unha coincidencia neste aspecto no que todos os profesionais están de acordo, salvo algún que poida cometer algunha disfunción, todos están de acordo con que hai que blindar tamén eses datos, pero non temos ningunha garantía. E, sobre todo, no réxime sancionador non se fala para nada do que poida ocorrer coas historias clínicas dentro da medicina privada.

E reitérolle, lean vostedes as conclusións da Axencia de Protección de Datos onde se está a dicir que se están a vender datos de historias clínicas. E iso permite moitísimas cuestións que vulneran e atentan contra os dereitos dos usuarios.

Dicía antes dun enfermo terminal, estase detectando que persoas que teñen determinadas dioptrías, aseguradoras de coches non llo fan porque coñecen esa peculiaridade. E non está blindado neste momento e este articulado non permite rigorosamente acreditar que nós estamos salvagardando os intereses –reitero– dos usuarios en primeiro lugar, e tamén da responsabilidade do persoal que está adscrito aos distintos centros hospitalarios.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Ferreiro.

Procedemos a votar se ocupan os seus escanos.

¿Hai solicitude de que se voten por separado? *(Negación.)*

Podemos votar conxuntamente as emendas de totalidade do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, as emendas quedan rexeitadas.

Polo tanto, o Proxecto de Lei segue o seu trámite parlamentario.

Pasamos agora ó seguinte punto.

DEBATE DE TOTALIDADE DO PROXECTO DE LEI DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA.

O señor PRESIDENTE: Para face-la exposición deste Proxecto de lei ten a palabra o señor conselleiro de Medio Ambiente.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE (Del Álamo Jiménez): Señor presidente, señorías.

Comparezo hoxe diante desta Cámara para presenta-lo Proxecto de lei de conservación da natureza.

Trátase dun instrumento xeral que conxuga un marco de protección para o conxunto do territorio galego nun desenvolvemento sostible da natureza e dos seus recursos existentes concordante co contorno xurídico na Unión Europea.

Quero destacar que é este un proxecto interrelacionado con outras políticas sectoriais no ámbito da ordenación do territorio, do desenvolvemento rural e da conservación xeral do medio ambiente que ten por obxecto o establecemento de medidas de conservación dos recursos naturais e unha axeitada xestión considerando o medio ambiente non só como un valor a protexer, senón como un recurso económico para a mellora da calidade de vida da nosa sociedade.

Este formulamento que preside a política que en materia de medio ambiente desenvolve a Xunta de Galicia, trata de compatibiliza-lo desenvolvemento económico coa conservación dos recursos e, efectivamente, co principio da sostibilidade no que se basea esta política ambiental da Xunta de Galicia e que, por tanto, está contido no espírito e na letra deste Proxecto de lei.

Un principio recollido xa no V Programa Comunitario de Política de Acción en Materia de Medio Ambiente, no que se inspira fundamentalmente esta política e que terá agora continuidade no VI Programa da Unión Europea para o decenio 2001-2010, proposto recentemente pola Comisión Europea ó Consello e ó Parlamento Europeo.

Este novo programa comunitario fai fincapé na necesidade de protexer e restaura-lo funcionamento dos sistemas naturais e de dete-la perda da biodiversidade a través, entre outros instrumentos, da estratexia comunitaria en materia de biodiversidade e do establecemento da Rede Natura 2000.

Entre os obxectivos concretos sinalados neste eido, destaca a protección da biodiversidade e dos valores paisaxísticos en tódalas zonas rurais da comunidade europea.

Sinala o VI Programa a importancia da preservación e mellora da paisaxe para a calidade de vida e o

turismo rural, así como o funcionamento dos sistemas naturais.

Nese sentido o Convenio Europeo da Paisaxe, adoptado polo Comité de Ministros do Consello de Europa do 19 de xullo de 2000 e asinado o 20 de outubro do mesmo ano por dezaioito países en Florencia, prevé medidas para determinar e avalia-la calidade das paisaxes para defini-los obxectivos cualitativos correspondentes e para introduci-las medidas necesarias para a súa conservación.

Nese sentido a iniciativa da Xunta de Galicia de elaborar un plano de desenvolvemento rural de carácter multifuncional, conecta directamente coas novas posibilidades que a natureza e a súa biodiversidade ofrecen ó futuro dunha gran franxa do noso territorio, case que ás dúas terceiras partes, en definitiva, deste territorio galego.

O Proxecto de lei que hoxe se presenta, permite a actuación local necesaria para complementa-lo enfoque global que debe presidir tódalas políticas ambientais, co obxectivo principal de mellora-la calidade de vida das persoas a través do mantemento e mellora da biodiversidade, da fauna e da flora silvestre así como do establecemento dun réxime propio de protección dos recursos naturais axeitado ó noso territorio, á nosa economía e á nosa identidade.

Non se trata na lei de facer museos de historia natural. Esta é unha lei dinámica, realista e axeitada ó contorno xeográfico e socioeconómico de Galicia, que non trata de protexe-las especies de fauna e flora e os espazos naturais de forma separada ou dissociada da actividade humana, senón que no seu espírito e na súa elaboración primou a consideración do factor humano contemplando precisamente a natureza e os seus recursos como un elemento indispensable para o progreso e a mellora das condicións e calidade de vida da sociedade.

Ademais de basearse no principio de desenvolvemento sostible, a política que en materia de medio ambiente está a desenvolver-la Xunta de Galicia e, polo tanto esta iniciativa, enmárcase nos compromisos ambientais que a comunidade internacional adquiriu ó longo dos últimos anos a través dos acordos adoptados fundamentalmente no marco das Nacións Unidas e da Unión Europea.

Efectivamente, os acordos e convenios de carácter internacional asinados polo Estado, así como as normas de carácter ambiental emanadas das distintas institucións europeas, enmarcan xunto co establecido na Constitución e no noso Estatuto de Autonomía, o eido competencial da comunidade autónoma galega para levar adiante unha completa xestión ambiental dos nosos recursos naturais.

A Unión Europea a partir de 1967 dictou toda unha serie de directivas que trazan as liñas a seguir polos estados membros en materia de conservación da natureza. Doutra banda, a Acta Única Europea consolida a base xurídica necesaria para o desenvolvemento da política de medio ambiente cos seguintes obxectivos: a conservación, a protección e a mellora da calidade do medio ambiente, a protección da saúde das persoas, a utilización prudente e racional dos recursos naturais e a adopción de medidas a escala internacional destinadas a facer fronte ós problemas rexionais do medio ambiente.

No dereito interno e dentro deste marco internacional, destaca a Lei de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres aprobada no ano 1989 polo Estado, polo Parlamento e polas Cortes españolas, lei que recolle dentro da lexislación estatal gran parte dos anteriores principios. Merecen unha atención especial as distintas estratexias para a conservación da biodiversidade biolóxica aprobadas a partir do Cumio de Río de Xaneiro.

O Proxecto de lei que hoxe presentamos vén a incorporar precisamente ó dereito galego ós principios emanados da Conferencia de Río, en canto a xestión sostible dos recursos naturais coa asunción, en especial, dos principios de subsidiariedade e de responsabilidade compartida.

Non quixera tampouco deixar de aproveitar esta ocasión para destacar algún destes principios como os da procura da redución da taxa da perda da biodiversidade, a conservación tanto *in situ* como *ex situ* dos valores naturais e o mantemento de corredores ecolóxicos.

A busca dun desenvolvemento sostible, fomentando a conservación dos recursos xenéticos e impulsando a investigación e a colaboración coordinada de to-

da a sociedade e de tódolos seus distintos grupos representativos.

Esta lei, este borrador, inicialmente foi presentado ó Consello Galego de Medio Ambiente –que me honro en presidir– e mesmo a través dunha Comisión específica ou grupo de traballo elaboráronse unha serie de suxestións a ese borrador de lei. Desde xullo de 1999 que se expuxo ese borrador de lei, ata o día 23 de marzo cando o Consello Galego de Medio Ambiente aproba este borrador coas súas suxestións e propostas.

Galicia, desde o punto de vista da natureza, é unha rexión que posúe unha grande variedade de ecosistemas e de calidade paisaxística. A protección desta rica biodiversidade exerceuse a través da Rede de Espazos Naturais de Galicia que hoxe comprende seis parques naturais, catro monumentos naturais, cinco zonas húmidas de importancia internacional incluídas no convenio de Ramsar e 53 espazos propostos pola Xunta de Galicia para integrarse na rede europea, Rede Natura 2000, declarados hoxe en réxime de protección xeral así como o futuro Parque Nacional das Illas Atlánticas que foi aprobado por esta Cámara e proposto para a súa aprobación ás Cortes Xerais.

Un conxunto cunha superficie que abrangue máis de 325.000 hectáreas do territorio galego, que precisa, sen dúbida, un novo enfoque na súa xestión e administración en liña con esas iniciativas da Unión Europea que apuntan claramente na dirección da sostibilidade na que se enmarcan tódolos fondos estruturais e de cohesión e de acción da Unión Europea.

A elaboración, pois, dunha Lei galega de conservación da biodiversidade, figuraba xa tamén no programa do Goberno do Partido Popular e era un obxectivo prioritario desta Consellería de Medio Ambiente desde a súa creación.

No decurso deste tempo a consellería elaborou o borrador que –como dicía antes– foi sometido ó estudo de consultas e á participación pública correspondente a través do Consello Galego de Medio Ambiente e foi, efectivamente, aprobado –como lles dicía– en marzo do ano 2000. Trátase dun proxecto amplo artellado nun título preliminar e tres títulos máis, e que a través dos seus 76 artigos debulla as principais ideas no eido da conservación da natureza.

No título preliminar recóllense os principios inspiradores da lei, así como o seu obxecto, establecer medidas adicionais de protección da natureza encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais, así como a adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre ademais da (...) da Comunidade autónoma galega, así como a difusión dos seus valores.

O título I fala dos espazos naturais comezando pola súa planificación e outorgando á Consellería de Medio Ambiente a competencia para a formulación dos planos de ordenación dos recursos naturais.

Ó longo deste título I o proxecto de lei de conservación da natureza que, como dicíamos, adapta á realidade galega os principios recollidos na lexislación estatal e comunitaria no tocante ós espazos naturais protexidos e á flora e fauna silvestre contida na Lei 4/1989, crea figuras propias galegas como son o rexistro de especies de interese galego, o catálogo galego de árbores senlleiras ou categorías tamén propias galegas como as de humidal protexido, as zonas de especial protección dos valores naturais, os espazos de interese local ou os espazos privados de interese natural; e crea tamén a Rede Galega, no seu conxunto, de Espazos Protexidos na que estarán representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos. Destacar que a figura do humidal protexido vén definido no convenio internacional de Ramsar que subliña a importancia que teñen estes espazos para a conservación da biodiversidade.

Por outra banda, a categoría de zona de especial protección dos valores naturais, créase especialmente para dar respaldo xurídico propio, galego, ás zonas de especial conservación da Rede Natura 2000 e que non posúan á súa vez outra figura de protección que as establecidas na presente lei.

O espazo natural de interese local –outra figura novidosa desta lei–, responde a unha vontade de actuación, de iniciativa por parte dos concellos e serán declarados pola Consellería de Medio Ambiente, pero esa xestión corresponderá ós propios concellos que tomaron esa iniciativa.

En canto ó espazo privado de interese natural –figura tamén propia e novidosa desta lei–, destacar que é unha figura orixinal que facilita á propiedade e á ti-

tulariedade privada, a conservación dos seus espazos cando sexan merecedores de tal declaración. Deste xeito incorpórase á iniciativa privada á conservación da natureza e da súa biodiversidade, sen perda ningunha do dominio sobre os seus bens, posibilitando a vontade de moitos propietarios de conservar os valores naturais dos seus predios pero sen intervención administrativa directa na xestión destes espazos. Isto fará, sen dúbida, posible a incorporación activa de moitos propietarios ás políticas de conservación.

A lei sinala os procedementos de declaración das diversas categorías dos espazos naturais protexidos. Así, os Parques Nacionais –como xa falabamos antes– rexeranse pola lexislación básica e o resto das categorías serán declaradas polos órganos correspondentes da Comunidade Autónoma, sendo de rango legal o correspondente ás reservas naturais.

Por decreto da Xunta de Galicia serán declarados os parques naturais, os monumentos naturais, as paisaxes protexidas, os humidais protexidos e as zonas de especial protección dos valores naturais. E, finalmente, serán declarados por orde da Consellería de Medio Ambiente os espazos naturais de interese local e os espazos privados de interese natural.

Refórzase o réxime de protección preventiva e o carácter de utilidade pública e interese social de todos os espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos. Quedan garantidos o aproveitamento e o uso de bens e recursos incluídos nos espazos naturais protexidos e regúlanse as indemnizacións no caso de limitacións do uso dos bens e dereitos derivados da declaración dun espazo natural como protexido.

No eido da planificación e ordenación dos espazos naturais protexidos, créanse os correspondentes instrumentos xurídicos para a súa xestión; que son os planos de ordenación de recursos naturais con carácter previo á declaración de parques e reservas naturais que se artellarán e se desenvolverán a partir dos planos rectores de uso e xestión dos cales o contido desenvolve a presente lei. O resto das categorías recollidas neste texto legal requirirá polo menos a aprobación dos planos de conservación.

Todos estes instrumentos serán sometidos a información pública e á audiencia dos interesados e serán aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

As correspondentes xuntas consultivas canalizarán a participación pública e o conxunto de intereses sociais, económicos e xurídicos que concorren nos espazos declarados como parques e reservas. As especies animais e vexetais de flora e fauna e en especial as autóctonas, atopan unha garantía xurídica para a súa conservación nesta lei.

Igualmente os hábitats naturais das especies levan un control do seu manexo e xestión a través dunha serie de normas contidas nesta disposición de rango legal que regulan a introducción e proliferación incontrolada de especies distintas das autóctonas.

O catálogo galego de especies ameazadas e o rexistro de especies de interese galego, son dous instrumentos que crea esta lei coa finalidade de que unha vez incluídas neste polo risco de extinción, de alteración do seu hábitat, pola súa vulnerabilidade ou calquera outra razón, gocen dunha protección suficiente para que quede garantida a súa conservación. A inclusión no catálogo e no rexistro limita as actuacións non autorizadas que poidan danar tanto ás plantas como ós animais e prohíbe expresamente o comercio, transporte, incluso a posesión de espécimes destas especies. Créase o catálogo galego de árbores senlleiras no que se inclúen os exemplares ou (...) de interese natural, e a lei regula así mesmo as actividades de tratamento de especies de fauna, flora, taxidermia, herborización e os centros de recuperación da fauna silvestre.

A flora silvestre galega ten garantida a súa conservación *ex situ* a través dos bancos xenéticos que crea tamén a presente lei. A súa actividade estará programada coa actividade de conservación *in situ* da flora silvestre.

E, por último, o derradeiro título do Proxecto de lei regula o réxime de infraccións e sancións. As sancións a impoñer, que oscilarán entre as 10.000 e os 50 millóns de pesetas, veranse á súa vez complementadas coa responsabilidade civil obrigatoria dos infractores de repoñer-las bens danados ó seu estado natural previo ó feito de producirse a infracción. Prevéndose a imposición de multas coercitivas reiteradas no caso de que non se proceda a reparar-lo dano causado.

Finalmente, a utilización de recursos xerados polas sancións que impoña a Administración deberán

destinarse integramente a accións de conservación dos espazos naturais protexidos e da flora e fauna silvestres.

En conclusión, pódese dicir que con este Proxecto de lei que se presenta hoxe aquí ante as súas señorías acádase un nivel de protección para o medio natural galego que está á altura do preceptuado na normativa estatal e comunitaria, se ben respectando e fortalecendo a idiosincrasia natural de Galicia, creando figuras propias que se adaptan ás nosas necesidades de protección e á realidade socioeconómica da nosa Comunidade Autónoma.

Tamén destacar que esta lei consolida a competencia da Administración Autónoma para propoñer nas normas de protección de espazos naturais por protexer, xunto ás entidades locais e ós cidadáns respectando así tanto o principio de subsidiariedade, como o de cooperación e coordinación que preside hoxe en día o actuar da Administración e dos gobernos que ostentan a representación política dos pobos.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro de Medio Ambiente.

Existen emendas á totalidade.

Para a defensa das presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Cortizo Nieto.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, o Grupo Socialista presenta unha emenda á totalidade e pide a devolución do proxecto. Imos ver o motivo.

A verdade é que o seu discurso aquí ata non soaba mal, pero unha cousa é a música do discurso e outra cousa é a letra da lei. Eu empezaría dicíndolle que se vostede se chamara Ana Rosa Quintana íano acusar de plaxio con esta lei.

As competencias e o propio obxectivo da lei no artigo 1º di, que ten por obxectivo establecer medidas adicionais de protección da natureza, adicionais sobre as normas básicas estatais e, en particular, sobre a Lei

de Conservación de Espacios Naturais e da Fauna e da Flora Silvestre estatal que ten carácter básico.

Ben, pois o primeiro que hai que dicir –e por iso fágolle referencia á actividade plaxiadora da conselleira– é que unha gran parte da lei é copia literal da Lei de Conservación de Espacios Naturais e de Protección de Fauna e Flora Silvestre estatal.

Eu non sei se é preciso facer unha copia literal de gran parte. É dicir, unha porcentaxe moi alta –xa o veremos no seu día– desta lei, artigo por artigo, é copia literal da normativa básica estatal. Non ten moito sentido, hai unha normativa básica ás veces pode ser necesario facer referencia a esa norma básica, pero non repetila sen máis para encher unha lei de artigos e facela no seu caso confusa.

Porque a confusión é outra das características desta lei. Porque alí onde non copia literalmente artigos –o que fai nalgúns casos ata extremos case ridículos– altera a orde e, ás veces, altera a orde dos apartados nun artigo, altera liñas... Mire, desde logo, ten algún sentido que un artigo básico dunha lei estatal que non sexa de obrigado cumprimento, do que non podemos pasar, ó que lle podemos adicionar cousas, pero o que non ten ningún sentido é que lle cambiemos liñas de orde, que tratemos de buscar un cambio da redacción para ver se parece algo distinto e ó final, ¿que se xera? Confusión. Pero, ¿que tipo de confusión? A confusión xurídica que equivale a inseguridade xurídica, porque en artigos básicos que esta lei altera na súa redacción, ¿cal é o que ten prevalencia?

Porque vostede sabe que en termos xurídicos unha redacción diferenciada, aínda que dicindo teoricamente o mesmo, da pé a recursos, a problemas... ¡Home!, non se pode utilizar nunha lei nada que xere inseguridade xurídica, porque se eu vou a un artigo desta lei que é copiado pero alterando a redacción da lei básica estatal, e hai interpretacións en función da redacción –e iso é moi frecuente á hora de aplica-las leis– ¿que prevalece? Por tanto, inseguridade xurídica. Esa é unha auténtica barbaridade.

Logo hai creación de figuras propias, vostede díxoo, pero introducindo aí elementos de confusión, porque algunhas das propiedades, das características, dos efectos posibles, da figura, por exemplo, dos planos de recursos, dos planos de uso e xestión que figu-

ran na lei estatal, vostede subdivídolos en planos de ordenación, algunhas das propiedades, ou algúns dos obxectivos, ou algunhas das virtualidades dos planos de... –ben, non me sae a palabra– (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non os de ordenación, xa o de uso e xestión, pero ben, é igual. Planos rectores de uso e xestión, si. Confúndese, intercámbiase propiedades, o que na lei estatal está como unha das cuestións, o único instrumento “Planos rectores de uso e xestión”, aquí se converten en “Planos de ordenación”, “Planos rectores de uso e xestión” en “Planos de conservación”; repartíndose competencias a *tutiplé*. Confusión. Unha pseudocreación de instrumentos que non adiciona, senón que reparte competencias –algunha nova pode haber– pero reparte competencias, non adiciona. Confusión.

O nivel de achega básico da flora e da fauna silvestre e dos espacios naturais que se declaren, xa os garante a lei básica. ¿Por que non buscan vostedes figuras adicionais de protección adaptadas á especificidade de Galicia, pero que sexan adicionais e que se entenda, por tanto que son novas, non repetitivas?

Esta lei non establece medidas adicionais máis que nunha porcentaxe mínima, o que establece son medidas repetitivas de protección, alteradas, confusas ou con pseudoinstrumentos novos ou con pseudonovos instrumentos ou con pseudofiguras novas de protección, como lle queira chamar.

Dende logo, terían nunha lei deste tipo moitas posibilidades de traballo excluída a da copia literal, a da copia alterada ou a da confusión, que permitisen introducir figuras adicionais de protección. Claro que as habería.

Incluso incorporando algo que se incorporou moi pouco nesta lei que son as directrices da Unión Europea ás que vostede fixo bastante mención no seu discurso –por iso lle dicía que soaba ben– pero que teñen escaso reflexo no articulado da lei.

A lei realmente innova moi pouco e cando innova sobre a lei estatal do 1989, é para botarse a temblar. Por non innovar despois non innova, ¡home! polo menos no terreo das sancións aplíquenlle o IPC, porque as contías das sancións son as mesmas da lei estatal que son do 1989. Digo eu que algo se será encarecido

o medio ambiente, que algo se terán innovado as tropeñas sobre o medio ambiente como para que incluso a contía das sancións dende o 1989 ó 2001 se puidesen alterar un pouco. Pero iso cópiano exactamente igual. Polo menos aplíquenlle o IPC, ¡que menos, non! Realmente non hai innovación.

Vostede expuxo a cuestión local tamén como unha innovación. É verdade que se crea a figura de espazo natural de interese local.

Na formulación xenérica despois, por exemplo, deste espazo, hai figuras de protección, non se especifican os distintos niveis de protección en moitos dos casos das figuras, iso queda a *ad calendas graecas*, e é unha innovación.

Eu estaría por discutir se realmente un espazo natural se pode desagregar do seu interese local. Porque non é tanto que a competencia sexa do concello –que podería ser unha fórmula para outros casos– como dicir que pode haber un espazo natural que teña valores naturais intrínsecos polas especies, polas subespecies ou polo tipo de fauna, en fin, polo que vostede queira, polas configuracións morfolóxicas específicas que alí se producen, ¿e só teña interese local? Terá interese xeral. Espazo natural de interese local, é dicir, ¿como se pode graduar que o interese e, por tanto, a necesidade de protección obedece a un interese local? ¿E comarcal? podería habelo; ¿e provincial? E poderíamos establecer figuras de interese local, de interese comarcal, de interese provincial. Claro, o galego xa está noutros apartados.

É dicir, a min paréceme que o concepto de espazo natural con valores intrinsecamente protexibles e en virtude do valor que poidan te-los recursos naturais en calquera das súas formulacións non se pode constrinxir a un ámbito xeográfico, político, non sei se se trata de político-xeográfico xa ou das dúas cousas á vez, e crear esta figura. Paréceme francamente unha innovación, en fin, xusta.

O mesmo podería dicir para os espazos privados de interese natural. A Illa de Cortegada, Sálvora, son espazos naturais, son privados, pero non se teñen que acoller a unha figura de espazo privado de interese natural. É de interese natural e a illa de Sálvora inclúese no Parque Nacional das Illas Atlánticas, punto. Dá igual se é privada ou pública.

Agora, ¿que pasa con esta figura tal e como é? Que parece que se imos á literalidade a que queda reducida a virtualidade deste apartado, a que si *doña Pepita Jiménez* –famosa protagonista dalgunha novela da literatura española– ten un xardín moi bonito e ten interese en que llo declaren de interese natural e ten unha boa conexión pois, decláranlle o seu xardín de interese. Estou caricaturizando, pero no fondo esa é a realidade.

Espazo privado de interese natural. Se o espazo privado ten interese natural, haberá que ver en que figura de protección encadra, se en parques, se en reserva, se no que sexa; e aplícaselle a lei e declárase. E xa está, o outro é... ben, explíquemoo vostede doutra forma e se me convence eu estou disposto a votar a favor deste apartado cando chegue. De momento paréceme bastante ridículo.

Insisto en que a mala copia, a literal innecesaria, a mala copia xenera confusión xurídica. E ás veces o afán de innova-la mala copia dá lugar a cuestións que, dende logo, nin *Groucho Marx* melloraría.

Cando falan do concepto dos espazos naturais, por exemplo. A min cando o lin paréceme máis o concepto de Manquiña en *Airbag* –por certo, película que certa ministra declarou non coñecer polo seu carácter estranxeiro–, lembrábame iso, o concepto de Manquiña, porque falan de concepto e din, defínense os espazos naturais protexidos –o concepto non é sobre espazos naturais protexidos, é sobre espazos naturais– aqueles espazos que conteñen elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade; vale, perfecto. Porque ata aí está copiado, excepto o de “protexidos” que é innovado, porque a lei básica estatal non di: “concepto de espazos naturais protexidos”, di: “concepto de espazos naturais dignos de, no seu caso, ser protexidos”, pero é distinto.

Pero despois para innovar engaden unha liña que di: “Tanto debidos á acción e evolución da natureza”, iso é o de sempre, os espazos naturais, por definición, por esencia son debidos á acción e á evolución da natureza, pero engaden: “como derivados da actividade humana”.

Ou sexa, que os espazos naturais que hai que protexer, son os espazos naturais derivados da acción

humana. ¡Ah!, ben, pois esa é, desde logo, unha innovación preclara que non se lle ocorreu a ninguén en ningún sitio, nin aquí, nin nas Nacións Unidas, nin na Unión Europea, nin en ningún lado. Outra cuestión é que se poida declarar certo tipo de patrimonio debido á acción humana, como patrimonio a protexer, pero nunca definir algo que deriva da acción humana como un espazo natural porque non o é. Desde o momento que hai acción antropoxénica polo medio non é un espazo natural. Espazo natural é o que obedece a acción e evolución da propia natureza. Ben, vale.

Seguramente terá vostede razón que para iso é conselleiro e é máis listo, e seguramente que por iso, por ser conselleiro, non lle aplicaron a vostede a Lei de protección medio ambiental cando infrinxiu o artigo de vertidos e verteu en Mesía as reses mortas. Porque se lle aplicaran as accións previstas na Lei de protección medio ambiental que vostedes non aplican, vostede sabe que sería sancionado por infracción na Lei de protección medio ambiental.

Claro, se vostedes fan a lei para cubrir un trámite ó final da lexislatura e como necesitan cubri-lo copian rapidamente gran parte da lei básica estatal, modifican outra parte introducindo confusión e inseguridade xurídica e innovando nalgúns casos ó estilo *Groucho Marx*, porque lle leo outro artigo sobre unha das figuras de protección di: “Terá unha duración máxima –os Plans rectores de uso e xestión– de seis anos sen prexuízo de que se fixe unha duración menor”. Pero home, se na redacción di, terá unha duración máxima de seis anos, xa se entende que pode tela menor. Di, son redaccións de *Groucho Marx*, as que cando innovan, cando non copian directamente da estatal e, seguramente, os colegas deputados do Bloque dirán, estes do PSOE son uns españoлисты; non, señores do Bloque, non é verdade, non se trata diso, de verdade. É que dicir na lista tal di, terá unha duración máxima de tanto e punto, e está ben redactado. Aquí pon: “terá unha duración máxima de seis anos, salvo que se fixe unha duración menor”.

O problema é que me crean un enorme problema para á hora das emendas parciais, porque é difícil facer emendas parciais a isto, é difícil. Porque cando copian literalmente da lei estatal, ¿que emendo? Se é unha lei básica e é obrigada de cumprimento. ¿Que emenda parcial lle fago eu a un artigo que é copia li-

teral dunha lei estatal de carácter básico e que non a podo alterar, nin vostede pode alterar?

E cando vostede cambia liñas de sentido porque hai iso, hai artigos da lei estatal onde a liña terceira aparece como segunda e a segunda aparece como cuarta. Eu recordo algún alumno que facía este tipo de cousas cando copiaba literalmente nos exames para que non se notara que copiara. Claro os disparates eran fenomenais. Pois iso ocorre tamén nesta lei. E entón que emendo, ¿coloco as liñas no seu sitio? Pois case me dá vergoña, porque logo virá a señora Darriba e dirá: é que vostede ¿como altera isto? É moito máis galego que estea alterada a liña segunda en lugar da cuarta e a cuarta na segunda, pero claro a señora Darriba que é intelixente entenderá que non é de sentido común e xa verá que non se trata dunha cuestión galego-español, nin nacionalista-non nacionalista, senón de rigor e de seriedade. Cousa que nesta lei non aparece por ningún lado.

E, dende logo, como destas perlas hai 200 máis porque é unha lei mal feita, é unha lei sen rigor técnico ningún e é unha lei que en realidade non busca o que é o seu obxectivo no artigo primeiro e que é o que a Constitución e o Estatuto nos dan, a capacidade para lexislar introducindo medidas adicionais de protección que fan falta, claro que fan falta. De acordo coa especificidade...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

O señor CORTIZO NIETO: ...da nosa propia natureza, pero aquí iso é precisamente o único que practicamente non se fai salvo nalgúns cuestións, moi poucas. E xa falaremos delas nas emendas parciais porque, evidentemente, xa sei que este *bodrio* non vai ser rexeitado, este *bodrio* vai ser aceptado, xa o sei.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Gracias, señor Cortizo.

Para a defensa da emenda presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Darriba Calviño.

A señora DARRIBA CALVIÑO: Gracias, señor presidente.

Señorías, voume referir en primeiro lugar a algo que dixo o señor Cortizo. Eu creo que el sabe perfectamente que os señores e as señoras do BNG que nos damos conta perfectamente igual que eles se deron conta do mal que se fai cando se pretende saír do que é a mera copia. Pero incluso unha copia que non vai máis alá que a lei básica do Estado, que nin sequera compara nin recolle doutras moitas leis que xa hai no resto das comunidades autónomas, nin sequera recolle aqueles aspectos positivos, innovadores, ben redactados, que se entenderían e demais. Non, nin sequera houbo esa molestia.

Nós poderíamos dicir que máis vale tarde que nunca se a lei non estivera feita como está. Porque, efectivamente, á hora de facer as emendas parciais supón un esforzo tremendo porque a nosa intención é traballar en positivo e, polo tanto, melloralas en todo o que se poida, porque cremos na súa necesidade, pero, como digo, vai supor un esforzo tremendo para poder emendar isto e que, dalgunha maneira, quede algo coherente. Vai supor unha grande dificultade.

Eu non vou entrar nos exemplos que xa se puxeron aquí, que me parecen moi adecuados e, polo tanto, unha vez feitos evítame a min ese traballo, pero si quero poñer un exemplo, un nada máis, que falando dos Planos de Ordenación de Recursos Naturais, fala destes planos no artigo 3 e dinos no punto 2º que “con independencia da súa denominación terán os obxectivos e contidos establecidos nos artigos seguintes”. Isto di no artigo 3. Eu busquei obxectivos, fala de obxectivos nos seguintes. Efectos, formulación e vixencia ¿e os contidos? Pois ata que cheguei ó artigo 31 e alí soltos, perdidos e sen saber moi ben por que e por que vén a conto alí, no artigo 31 como digo, atópome cos contidos por fin dos Planos de Ordenación de Recursos Naturais. Digo que é un exemplo, nada máis que un exemplo, pero habería moitísimos máis.

Como digo, aínda así, máis vale tarde que nunca. Digo isto porque é unha reivindicación de moito tempo tanto dos grupos políticos como das asociacións ecoloxistas que esta lei existira, da necesidade de existencia desta lei, pero dunha lei adaptada ás características e ás necesidades propias da nosa nación, propias de Galiza.

A maioría das comunidades autónomas teñen xa a súa propia lexislación, moitas delas hai bastante tempo. Neste momento, por dar un dato, das dezanove comunidades autónomas, soamente cinco, entre elas Galiza, Ceuta, Melilla, por exemplo, non dispoñen aínda de normativa, de lexislación específica para a conservación dos espazos naturais, para a conservación do medio ambiente, da flora e da fauna.

Non houbo présa, evidentemente, para poñer esta lei en funcionamento, para que isto existira en Galiza. A pesar de que como nos acaba de dicir o señor conselleiro de Medio Ambiente, na consellería unha vez creada era un dos obxectivos prioritarios. Menos mal que era prioritario que polo menos chega algo a finais, totalmente a finais da lexislatura.

Pero sorpréndeme o feito que non sabía eu que había tanto interese en atrasala tanto, posto que se o primeiro borrador se elaborou a mediados do 1999, se no Consello Galego de Medio Ambiente o borrador foi aprobado en marzo do ano pasado –e estamos en marzo, é dicir, hai un ano– ¿como se tardou tanto en traer este Proxecto de lei ao Parlamento? ¿Como se tardou tantísimo tempo en tramitalo? Non hai présa. Incluso o feito de que se faga agora ao final da lexislatura, quere dicir que posiblemente, seguramente, seguro, que a vostedes xa non lles toca poñela en funcionamento, seguramente.

Dubidamos que con este proxecto se pretenda algo máis que a propaganda, polo tanto. Pois, se de vontade política se trata e está claro e patente que en toda a lexislatura non a houbo, vontade política de preservar os nosos recursos naturais e moito menos da súa posta en valor.

E entrando xa no que é a análise da propia lei, entendemos que se debe facer –que o imos facer– dende varios aspectos, analizando varias cuestións. Aínda que non é propiamente do contido da lei, si que nos parece interesante ver en que momento se presenta, e xa o dixeran, finais da lexislatura. Preséntao unha consellería que a estas alturas ten perdida totalmente a credibilidade e ademais é algo que o señor conselleiro e a súa consellería gañou a pulso, gañouna ben gañada, a perda de credibilidade.

Permisiva e mesmo alentadora, segundo declaracións de non hai moito tempo de vostede, por recordar

as últimas simplemente a respecto das minicentraís do Lérez. Permisiva e alentadora de proxectos que inciden negativamente no medio ambiente. Certas minicentraís, certos parques eólicos pola súa situación, precisamente dentro destes espazos naturais que xa gozan dalgún tipo de protección neste momento.

Autista en asuntos tan graves como por exemplo en todo o relativo ao encoro do Umia, onde a Consellería de Medio Ambiente nunca quixo manifestarse, sempre quixo desvincularse, cando iso non pode ser así.

E non podía ser así dende o principio e moito menos en cousas que están pasando dende hai ben pouco tempo. Situacións que alí se teñen dado de talas masivas de vexetación de ribeira, por exemplo, feitas dun xeito que recorda aquela canción que falaba de Castro de Miño, concretamente cando di: “Alí mandou aos civís para impoñer o seu mandato”. Sabemos que non os mandou a consellería de Medio Ambiente pero permitiu esa situación. E noutro sentido, incluso infractora, infractora que vén sendo posiblemente nos últimos acontecementos do mes de decembro e xaneiro, en todo o relativo a eses vertedoiros incontrolados de residuos non xa urbanos, senón de residuos perigosos.

Polo tanto, isto lévanos a preguntar se a presentación deste Proxecto de lei neste momento non será nada máis que un acto de propaganda que sirva, dalgunha maneira, para o lavado de imaxe da Consellería de Medio Ambiente e, polo tanto, para o lavado de imaxe da propia política medio ambiental da Xunta de Galiza. Porque unha cousa, señor conselleiro, é a literatura e todo o bonito que nola presenta vostede aquí, na presentación desta lei, facendo alusión ó V Programa, ó VI Programa, todas estas cuestións, e outra cousa despois é poñerse a ler a lei, o proxecto de lei, tratar de entendelo, entendelo, e ver que é o que realmente resulta de aí.

E imos poñer algunhas cuestións, imos falar dalgunhas cuestións referentes ó que é o contido da propia lei.

Efectivamente, dicíamos que máis vale tarde que nunca, pero unha vez que xa está feito e se reconece que esta protección é necesaria, que a conservación é necesaria, habería que poñer os mecanismos, poñer a

funcionar os mecanismos que levaran a que esa protección se fixera canto antes. E, polo tanto, dalgún xeito urxente.

Non soamente non urxe esa protección, senón que se dilata no tempo máis que en ningunha das leis que eu tiven a oportunidade de consultar, que seguramente non foron todas.

Por exemplo, os Planos Rectores de Uso e Xestión. Como aquí temos moito tempo, como non temos ningún problema nos nosos espazos, eses planos que son os que marcan concretamente as directrices e os obxectivos e o que hai que facer e a forma de xestión deses espazos, dilátanse no tempo –como digo– e preséntansenos comodamente, con tranquilidade home que non hai présa, tres anos. A lei estatal di que un ano dende a entrada en vigor da lei e outras leis que eu tiven a oportunidade de consultar, aprobadas no 1998 ou no 1999, e posiblemente porque se deran conta da falta de tempo, propoñen seis meses. Aquí, dámonos tres anos, así de longo, temos ese tempo.

Ao mellor eses tres anos son precisamente para permitir que se siga facendo todo o que se está facendo e, polo tanto, cando chegue o momento da súa conservación real non haxa xa nada que conservar. O mesmo digo dos planos de conservación que tamén nos damos dous anos para facelos.

Despois as carencias. Non hai criterios para determinar o ámbito territorial, nada de nada. Non hai criterios ou especificacións de que é a zonificación. Di zonificación, pero nós entendemos que se debe falar de que zonificación se vai facer. É dicir, vai haber zonas de reserva, uso limitado, compatible, xeral, etc., é dicir, todos eses tipos de zonificación que poden entrar dentro dun mesmo espazo natural. Non se di nada dos usos prohibidos e permitidos, aínda que logo veñen catalogados como graves, menos graves, leves, etc.

Algo que, a nós, nos parece gravísimo é que por algo tan importante como é ter en conta que na maior parte dos espazos naturais hai xente, vive xente, hai poboacións, tendo en conta iso, pásase totalmente de puntas porque ¿que se vai facer? ¿vanse pagar as expropiacións, no caso de que haxa expropiacións? Dise, moi así de pasada, que se poderán ter en conta as limitacións de uso, pero non se concretan, como tería que ser nesta lei, as directrices non se dan directri-

ces, non se di que se van poñer en marcha unha serie de cuestións. Por exemplo, habería que ter en conta que sería preciso avaliar a situación económica da poboación asentada e as súas perspectivas de futuro. Fálolle incluso con palabras doutras leis. Establecer planos e programas que concreten as medidas que axuden ao desenvolvemento socioeconómico das poboacións. Planos e programas que nesta lei non se fala deles. Directrices para a protección, conservación, administración, investigación e progreso socioeconómico das comunidades residentes nos espazos naturais.

Propostas –como se fan noutras leis– de axudas técnicas e económicas. Non se poderá ao mellor facer, destinadas de forma específica a compensar as limitacións que se deriven das medidas de protección e de conservación. Ten que haber limitacións, posiblemente haxa limitacións, vai haber limitacións, pois, polo tanto, regulemos como compensamos esas limitacións. Porque senón o que estamos facendo é imposibilitando mesmo ao mellor a posta en funcionamento desa protección e desa conservación que queremos dar.

Por outro lado, tamén se pasa de puntas, así daquela maneira, en algo que nos parece fundamental que son as medidas de fomento e financiamento, porque se hai que dar unha protección é necesario financiar os planos, os programas todo o que se vai facer nese espazo. Iso pásase tamén de puntas. Dígollo, compare con outras lexislacións que hai no Estado.

E despois outra cuestión, preguntámonos, ¿adáptese este Proxecto de lei ás necesidades e características do medio ambiente en Galiza? ¿Adáptase, di algo en canto, por exemplo, a usos permitidos, compatíbeis, sobre a incidencia, sobre cuestións que están causando unha incidencia negativa no medio ambiente, por exemplo, os incendios? Hai leis semellantes a esta que si o fan. Instalacións como parques eólicos, mini-centrais, liñas de alta tensión; hai outras leis que o fan, nesta e noutras moitas cuestións. Aproveitamentos hidroeléctricos, tamén hai outras leis de conservación da natureza que o fan. Nós temos toda esta problemática, é aquela que está incidindo fundamentalmente de xeito negativo nos espazos naturais que temos. Sen embargo, iso non se menciona absolutamente para nada, cando si se podería facer.

E logo, tense en conta unha cuestión que a nós nos parece moi importante. Porque, imos ver, moitos destes espazos naturais coinciden tamén con espazos de interese cultural. E non imos poñer exemplos, que habería moitos na nosa nación. Comparten a mesma zona, superpóñense, comparten o mesmo territorio. Nin se menciona nesta lei.

Nin se mencionan cuestións tan importantes que terían que ir claramente explicitadas e claramente indicadas; a necesidade de que neses casos hai que compatibilizar as dúas proteccións. E para iso claramente alí ten que ir explicitado tamén que hai que coordinar a planificación e o financiamento por parte das dúas consellerías destas cuestións, a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura.

Hai que prever un único órgano de xestión, ¿ou é que no Monte Santa Tegra –para ser localista e poñer un exemplo do meu lugar– imos ter un padroado para a protección paisaxística do monte, que tamén a ten, e outro padroado para a protección do que é o patrimonio arqueolóxico que alí hai?

Entón, todas esas cuestións que a nós nos parece que son as importantes que non existen na lei e deberían aparecer se é que se quere adaptar unha lei que se está facendo agora ás propias características...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

A señora DARRIBA CALVIÑO: –Remato, señor presidente– ...ás características e ás necesidades do país no que vivimos, da nosa nación, de Galiza.

Entón, por iso, de aí –e remato xa, aínda que habería moitas máis cousas que dicir– de aí entendemos que este proxecto de lei, por todas estas cuestións que mencionamos, pois debería ser modificado e ademais en cuestións fundamentais e por iso pedimos a súa devolución. Porque cremos que melloralo así, nós intentarémolo e poremos todo o noso empeño niso, pero vai ser bastante dificultoso.

Nada máis e gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Gracias, señora Darriba.

¿Rolda a favor? *(Pausa.)* ¿Rolda en contra? *(Pausa.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións. *(Pausa.)*

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(Pausa.)* ¿Grupo Parlamentario Popular? *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a primeira das declaracións que o Grupo Popular quere facer neste tribuna é que non temos ningunha dúbida de que merece a pena debater esta lei. Calquera observador medianamente obxectivo chegaría a esta mesma conclusión.

Efectivamente, calquera das accións lexislativas que a Cámara emprenda por perfectas que estas sexan, merecen análises, merecen debate, merecen sosego. Pero ese debate, sosego e esa análise que preconizamos dende a maioría parlamentaria, é perfectamente compatible con admitir a trámite unha lei e veremos, señor presidente, como non hai razóns obxectivas para devolver esta lei. Acabamos de presenciar e procuraremos demostralo, sobre todo un exercicio retórico con algunhas motivacións que este deputado, no nome dos seus compañeiros, procurará deixar ás claras.

Non hai razóns obxectivas, señores dos Grupos Socialista e Nacionalista, señores emendantes, para devolvela por razóns da súa estrutura. Pretender tirar ó traste con, nin máis nin menos que, 73 artigos, cada un deles cunha razón, cada un deles cunha motivación, cada un deles cun escenario, non parece razón suficiente. Non hai tampouco razóns, por suposto dicía para a estrutura, polo seu fondo. Non hai razóns de fondo para devolver este proxecto de lei.

¿Acaso é unha razón transpoñer a sustentabilidade preconizada na Conferencia de Río, iso é unha razón para devolver esta lei, que a lei a contemple? ¿Acaso cando o proxecto asume o principio de subsidiariedade con iso, con ese principio, os grupos da oposición, os grupos emendantes pretenden que se devolva a lei?

¿Acaso a planificación dos espazos naturais e a súa protección –con todas as discusións que queiran– son razóns para devolver este proxecto de lei? ¿E acaso establecer órganos de xestión diferenciados e concretos son razóns para devolver este proxecto de lei? ¿Ou ben son razóns xustamente para o debate, para a emenda e para o diálogo?

Ve, señor presidente, como, dende logo, non hai razóns nin estruturais nin de fondo para devolver este proxecto de lei.

Pero é que ademais a oportunidade política é algo esencial nun país que quere xerar unha lei, a oportunidade política non aconsella devolver esta lei, senón todo o contrario, debater esta lei en sede parlamentaria.

Efectivamente, hai razóns particulares ou de grupo. Temos un compromiso fronte ó electorado, que para nós é algo sagrado, de presentar esta lei nesta lexislatura. Pero tamén a galeguización das normas nacionais e internacionais parécenos unha razón importante para debater esta lei. ¿Como podemos facer cuestión menos importante disto que é algo esencial? ¿Como lle podemos chamar “copia” a procurar enche-lo ordenamento xurídico galego de normas que están afectando ás nosas e ós nosos conveciños? Señoras e señores dos grupos socialista e nacionalista, ¿non é esta unha razón de peso para aceptalo debate desta lei e para non rexeitala?

Tamén temos que dicir que existe un marco xurídico axeitado para que esta lei teña corpo. A Lei de Protección da Natureza é un envoltorio ideal para que a Lei de Conservación teña lugar e teña debate. Esa é unha razón máis de oportunidade política para dicir que a lei si se ten que debater nesta Cámara.

E por último, señor presidente, ninguén pode desacreditar que existe o marco social adecuado, a sensibilidade da cidadanía para que deputadas e deputados nos poñamos a debater sobre o concreto desta lei. Por suposto, hai que afirmar categoricamente que o nivel de concienciación ambiental da cidadanía galega, está moi por encima do que estaba hai uns poucos anos e isto novamente favorece que nos deixemos de retóricas xeneralistas para debater polo concreto, para debater sen medo, señoras e señores deputados, para de-

bate-las nosas discrepancias que son, por suposto, lexítimas, que son aceptadas dende este grupo.

Polo tanto, señor presidente, quedan enriba da mesa razóns de oportunidade, razóns de estrutura e razóns de fondo que acreditarían entrar nun debate sen medos, que non hai que ter prevencións, que non hai que ter... dicir, xa vexo a estes señores do PP que me van quitar unha bandeira, non é esa a cuestión. A cuestión é máis importante, é máis seria, é moito máis rigorosa que facer demagoxias ou que facer discursos que se queden niso encima da mesa.

Discútanse acaso estas once ou doce razóns para debater unha lei e dígase que faltan á verdade, que non son razóns importantes para facelo.

Señor presidente, os textos escritos das emendas á totalidade non propoñen ningún argumento. É unha das primeiras veces que nesta Cámara se presenta un debate de admisión a trámite dunha lei con textos escritos que non presentan argumentos.

Efectivamente, esa escaseza de argumentos tanto na emenda socialista, como na emenda do Bloque, provocou que aconteceran aquí uns debates un pouco apresurados, uns debates pouco estruturados, por suposto, moito máis estruturados do que acostuman a facer os señores voceiros dos respectivos grupos parlamentarios e acreditan o que estamos a dicir, hai unha posición artificial da oposición que pretende que non se debata un texto que por forza, que por razóns obxectivas se ten que discutir nesta Cámara. É dicir, teremos que cualificar as emendas á totalidade como emendas puramente políticas, emendas alonxadas da razón do dereito, emendas alonxadas dos problemas ambientais e en calquera caso absolutamente respectables pero moi criticables e moi condenables desde a maioría.

Para entrar no asunto, señor presidente, no primeiro parágrafo da emenda do PSOE di que o Goberno non ten vontade política, gran argumento para rexeitar unha lei; no segundo dos parágrafos di que é unha lei escapate, segundo e enorme e tremendo argumento. No terceiro parágrafo di que non merece crédito, outro gran argumento do Grupo Socialista. ¿Que demostra, señorías? Demostra que no momento de abordar sereamente o Grupo Parlamentario, o deputado a emenda desta lei, non existían razóns para face-

lo, as razóns chegaron nun discurso oral que nada ten que ver con este papel que é o que nos provoca o que provoca este debate. Despois o señor Cortizo encheu esta tribuna dalgunhas declaracións, por exemplo, a máis curiosa de todas é cando dicía que esta lei é copia. Mire, se o que pretende un país é traspoñer, galeguizar o ordenamento xurídico que sobre todo en cantidade emana da Unión Europea, o primeiro que ten que facer é recoller ese ordenamento xurídico.

A crítica é a un texto nunha cámara autonómica ou rexional. Señores autores da iniciativa, vostedes non recolleron as normas coas que os galegos e as galegas teñen que convivir, nas que se teñen que mover, pero ¿como vai criticar a súa señoría cun mínimo de rigor que o ordenamento galego recolla as normativas nacionais? En tódolos parlamentos das comunidades do Estado a crítica que se lles fai ós Goberno é precisamente por non traspoñer directivas, por non trasladar ordenamentos, por ter que acudir á lexislación básica cando alí non se fixo. ¿Acaso, señor Cortizo, vostede pode dar exemplos tan cuantiosos como os que deu hai un momento de copia das leis similares doutras comunidades autónomas onde fixeran cousas distintas ás que vostede chama copia? Vostede empregou aquí un argumento artificial porque está na posición política de rexeitar esta lei por outras razóns que seguro que algún día alcanzamos a comprender, neste momento somos absolutamente incapaces. É pouco rigorosa a emenda socialista, nada imaxinativa.

Efectivamente, a súa intervención si o foi, a súa intervención oral non só foi algo imaxinativa, foi un prodixio de imaxinación e fai de menos o trámite lexislativo. Vostede é un deputado acreditado nesta materia, non debe de prestarse —e dígoos con toda cordialidade— a facer de menos un trámite lexislativo tan importante, ademais do que, a súa señoría por razóns distintas ás políticas, ten importantes coñecementos.

Señor Cortizo, afeccionados ó cine somos, e dicía a súa señoría que existía unha frase famosa da película *"Airbag"*. Manquiña ese actor galego dicía: "o importante é o concepto". Eu contéstolle coa seguinte, ¡que profesional!

Señor presidente, por entrar nas emendas do Bloque. A emenda do Bloque só presenta unha razón, a razón é que os prazos que non son os idóneos, pois

discutámoslos, señora deputada. Discutamos sobre eses prazos. Podemos aceptar desde a maioría, por suposto, que eses non son os mellores prazos. O Bloque Nacionalista Galego pode convencer ós deputados que participen no trámite de relatorio de que os prazos deben ser outros, ¿por que non van convencelos diso? ¿Cre a súa señoría que nunha lei de 73 artigos, nunha lei de 3 títulos máis un preliminar, dicir que os prazos non son os oportunos é razón para que se desbote unha lei? Isto –por poñer unha mostra ou un botón de mostra– é un exemplo da actitude que o Bloque Nacionalista Galego ten neste asunto.

Vostedes colleron a pancarta do 36 e dixeron *non pasarán*, as políticas ambientais do Goberno popular *non pasarán*, as leis do Goberno popular *non pasarán* e as accións do Goberno de Galicia en materia ambiental *non pasarán*. Ese é un magnífico sinal de que temos leis e de que temos proxectos e de que temos política ambiental. Discutible é discutible. Non cremos –e o Goberno non cre– ter unha verdade absoluta das cousas, pero si cremos que somos responsables e si cremos que somos competentes para levar a Galicia por un bo viero de diálogo que é o que lle pedimos ó Bloque Nacionalista Galego, que faga diálogo sobre esta lei, que non a desbote con razóns que son pouco rigorosas. Ademais incluso dentro deses prazos, a súa señoría alude a prazos como os dos Plans de Ordenación que nin tan sequera aparecen na lei.

Por suposto vostedes –insisto– intentan que as políticas da Xunta pasen de puntínas en materia ambiental, intentan poñer obstáculos dialécticos a un Proxecto de lei que, insisto, se debaterá.

Remato, señor presidente, insistindo. O Grupo Parlamentario Popular está convencido que merece a pena discutir esta lei. O texto dela mesma grita que se merece discutir nesta Cámara, con toda cordialidade, con toda intensidade, con tódalas emendas que a súas señorías queiran, pero non hai razóns para devolvela. Transpoñer normas ó Dereito galego paga a pena, consagrar principios como fai o Título Preliminar deste proxecto de lei; merece a pena en sede parlamentaria, planificar os espazos a protexer como parece ser que fai Título I; merece a pena, crear novas formas de protección; paga a pena discutir sobre iso, adoptar medidas de conservación; paga a pena –e remato, señor presidente– crear un catálogo eficiente de

sancións e discutilo en relatorio parlamentario, por suposto paga a pena.

Señor presidente, esta lei é unha oportunidade de confirmar o noso avance, de deseñar o noso futuro ambiental e espero –e aí nos comprometemos– que todos esteamos á altura das circunstancias.

Máis nada, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario Socialista na rolda de réplica.

O señor CORTIZO NIETO: Vostede, señor Casares, si que ten que facer esforzos de imaxinación aquí ás veces.

Mire, voulle primeiro explicar unha cousa, sen ánimo de nada en especial. Vostede dixo que é lexímito traspoñer, trasladar a normativa básica á normativa galega, imos ver se aclaramos que isto é unha Cámara tamén lexislativa que quere dicir que se fan leis. Transpoñer é unha palabra que ten por obxectivo dar forma de lei ás directrices da Unión Europea. É dicir, é unha fórmula na que se introduce unha palabra, e un concepto, “*o concepto é o concepto*” –como dicía Manquña– que se introduce para que as asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou dos países membros da Unión Europea, fundamentalmente estes, dean forma de lei de acordo coas súas especificidades e, en todo caso, respectando os criterios, ás directrices da Unión Europea sobre determinadas materias.

Reproducir literalmente unha lei básica estatal ou reproducila confusamente e alterando e creando problemas de inseguridade xurídica non ten nada que ver co concepto transpoñer. A ver se nos aclaramos, hai que saber o que se di cando se di para non dicir cousas que son absolutamente erróneas como as que vostede dixo a respecto do tema transpoñer e defender a transposición da lei estatal á de aquí.

Vostede citou as razóns que sinteticamente se esgrimían na emenda á totalidade: non ten vontade política, é escaparate e non ten creto. Pois mire, non ten vontade política porque a Lei de Protección Medio Ambiental, que está feita desde o ano 1995, non se

aplicou, e, mesmo antes citei un caso especialmente sangrante para o propio señor conselleiro que non vou repetir porque tampouco hai que facer uso excesivo do dedo no ollo. É escapate e engadirei, escapate ademais dunha tenda de “Todo a cen”, porque son malas copias, refritos e demais da outra normativa, e non ten creto porque, efectivamente, a actuación en materia de medio ambiente, e poderíamos repasar tódalas actividades da Xunta de Galicia nese terreo, non configuran unha contía de creto suficiente para que puidese ser aval dunha norma deste tipo prescindido do seu contido, pero esas son razóns.

Pero vostede pedía máis razóns obxectivas. Mire, no artigo 2; principios inspiradores da lei, norma básica estatal, un principio inspirador é: “*El mantenimiento de los procesos ecológicos esenciales y los sistemas vitales básicos*”. Ben, pois na lei galega, ese principio inspirador da lei básica, transfórmase en: “A conservación da biodiversidade –cousa que non ten que ver con isto– a través do mantemento dos procesos ecolóxicos e esenciais”. Copian esta frase para introducila e convertela nun medio dun principio do que a lei...

Non é serio, son razóns obxectivas. Hai innovacións inintelixibles; no artigo 4 apartado c) di: “fixar o marco, os planos, os obxectivos dos planos de ordenación dos recursos naturais; fixar o marco para a ordenación dos espazos naturais protexidos incluídos no seu ámbito”, esta é a innovación. Dígame vostede que é o que quere dicir, simplemente iso, ¿e esa é a innovación que se introduce neste artigo que se copia? Introdúcese unha innovación que non se sabe que é o que quere dicir. Por non falar das innovacións repetitivas.

Hai tres artigos onde para figuras de planificación distintas define a mesma cuestión, é dicir, ou unha función e obxectivo téñeno os planos de ordenación, ou téñenos os planos rectores de xestión, ou téñenos os planos de conservación, pero os tres non poden ter a mesma competencia. Claro, entón esta lei está mal feita, son razóns obxectivas ¿verdade?

No artigo 8 fálase de que “poderán existir áreas de amortecemento de impacto nos contornos dos espazos naturais”. ¿Esta é unha innovación a respecto de que? A respecto do que sempre foi aquí e en

Pernambuco, e na Unión Europea, nos textos da Unión Europea, nos textos das Nacións Unidas, nos textos que saen do Cume de Río, do que queira, das zonas periféricas de protección, pero como hai que inventar. Al térase o que di a lei básica, que di: “zona periférica de protección” porque é elemental, é un concepto fundamental e aquí como “área de amortecemento de impacto”. Un xa se imaxina a zona adxacente ó espazo natural chea de resortes para amortecer os impactos.

Claro e que isto é unha sandez, non achega nada novo, trátase de desfigurar e, en todo caso, de crear inseguridade xurídica porque cando nas leis que son básicas se introducen alteracións do texto que pretendendo dicir o mesmo logo non o din, créase inseguridade xurídica para o cidadán que é o único que unha lei non pode facer.

E finalmente –e remato xa– por dar outra razón obxectiva, así podería seguir dando razóns obxectivas das que vostede pediu, unha por artigo, artigo 10...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CORTIZO NIETO: ...reserva natural, apartado 1; copia literalmente o que figura na lei básica do Estado. Apartado 2; introduce unha figura nova, áreas, reservas naturais integrais.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Cortizo.

O señor CORTIZO NIETO: Remato xa, señor presidente.

¿Pero saben cales son as reservas naturais integrais? As que están en bo estado de conservación, é dicir, reserva natural é unha zona que se crea pola súa rareza, fragilidade e polo tanto necesita... pola súa fragilidade e no apartado, aquelas reservas naturais que conteñan ecosistemas ou comunidades en bo estado de conservación, esas serán reservas naturais integrais, e nesa a limitación é absoluta, prohibido calquera tipo de... Digo eu que as integrais, en todo caso, serían aquelas onde os ecosistemas ou calquera valor natural estivera en perigo, non as que están mellor conservadas.

Incoherencia absoluta, se iso ten sentido, señor conselleiro, vostede que facía acenos de desapropa-

ción explíqueme isto, por que se declaran reservas naturais integrais ás que están en bo estado de conservación e as outras teñen teoricamente un grao menos de protección, as que poidan estar en peor estado de conservación. Pois explique a filosofía, suba aquí, non diga que non porque non se entende.

En principio parece unha tontería e unha barbaridade, pero vostede saberá o que fai como o soubo noutras ocasións.

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Réplica por parte da señora Darriba Calviño polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora DARRIBA CALVIÑO: Gracias, señor presidente, señorías.

Señor Casares, nós cremos que as razóns –di que non hai razóns pola súa estrutura nin polo seu fondo– nós cremos que as razóns pola súa estrutura e polo seu fondo –e falo tamén para o conselleiro de Medio Ambiente– están expostas aquí. Non se me pode quedar vostede no envoltorio, dicir que a nosa emenda a única pega que lle pon son os prazos relativos ós distintos planos, logo explicareille o dos planos de ordenación.

Niso quedou vostede no envoltorio, non foi ó fondo, porque é un simple exemplo para poñer en evidencia, para manifestar, para que quede claro o que nós argumentamos que é a tardanza da lei e que ademais de tardar esta lei logo non hai présa tampouco para poñela en funcionamento cando aqueles mecanismos que son os que permiten unha protección real, porque isto é simple letra, nada máis.

Os mecanismos, os distintos planos que permiten esta protección real dilátanse no tempo sen fin, é un simple exemplo pero poderíamos poñer outros moitos, porque eu creo que vostede quedou no envoltorio da lei, di vostede que é o envoltorio ideal para a protección. Paréceme que o envoltorio si, un envoltorio bonito pero que logo non serve para nada, na realidade.

Pode que se quedara vostede no envoltorio da lei, porque á parte dos outros argumentos que xa dixen anteriormente e que non vou reiterar. Pois quero facelle mención dalgunha cuestión máis que di esta lei, e

por exemplo algo que a nós nos parece moi preocupante, artigo 46; preservación da pureza e diversidade xenética, ¿en que consiste? Non se poderá utilizar a liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente. De acordo, señor conselleiro, ata aí estamos de acordo, pero é que logo segue dicindo: baixo condicións en que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor natural amparado pola presente lei. ¿A estas alturas, está cientificamente demostrado, temos o tempo suficiente para ver se é real ou non, que hai condicións baixo as cales poden liberarse no medio ambiente organismos modificados xeneticamente? Nós entendemos que non; e de feito hai outras lexislacións e concretamente, por exemplo, a de Estremadura que fala tamén dos organismos modificados xeneticamente e prohibeos e regula algo que aquí nin se menciona para nada, regula con varios artigos moi ben regulados o uso, a utilización destes organismos modificados xeneticamente confinados, non liberados, no medio ambiente, ¿que pasa? ¿Para iso utilizamos a lei? ¿Para esa permisividade? ¿Para algo que ó mellor xa se está facendo na práctica? ¿Que pasa? Que hoxe temos problemas de vacas tolas pola alimentación, da febre aftosa non se sabe moi ben por que e dentro dalgún tempo teremos e cando haxa demostración de todas estas cuestións ¿como imos confinar? ¿Como imos illar? Porque ás vacas e o resto do gando é fácil ¿non? pero máis difícil é confinar as abellas, confinar o vento, confinar as bolboretas que son as que axudan á polinización. En fin, non lle vou explicar moito máis porque entendo que vostede sabe de que vai.

Entón, estas son cuestións da lei que non se poden pasar por alto, cuestións que xunto con tódalas demais que antes expuxen son suficientes para argumentar a necesidade da devolución deste Proxecto de lei e que se presente un Proxecto de lei que sirva eficaz e efectivamente para a conservación, protección, promoción, divulgación, etc., dos nosos valores, dos nosos recursos naturais e que ademais para que isto sexa así, se adapte –como antes expuxen– ás características e as necesidades propias, da nosa nación, propias de Galiza.

Iso é o que non se fai, e por iso nós entendemos que para o que tería que servir esta lei, que é para a posta en valor destes recursos, para que a súa posta en

valor beneficiara fundamentalmente as poboacións asentadas nesas zonas a protexer, para que servira efectivamente para iso; cuestión para a que non serve en absoluto tal e como está presentada.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Darriba.

Póñense a votación, senón hai solicitude en contra, as emendas que foron presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votámolas conxuntamente.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas, en consecuencia o Proxecto de lei segue o seu trámite regulamentario.

(Pide a palabra o señor Suárez Canal.)

¿Si, señor Suárez Canal? ¿para que quere a palabra?

O señor SUÁREZ CANAL: Si, señor presidente, para formular unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

O señor SUÁREZ CANAL: É ó respecto do procedemento que imos seguir no debate do punto que vostede está anunciando, e pretendiamos solicitarlle ó abeiro do Regulamento da Cámara e das súas atribucións para ordenar o debate, unha alternación no procedemento previsto. Explicareime nun minuto.

O artigo 79 do Regulamento contempla no seu apartado 2, a regulación dos debates de totalidade, e o artigo 120 no apartado 1, contempla a regulación dos debates das emendas particulares. Se vostede analiza o dictame que imos discutir neste momento, verá que por parte do noso grupo se presentaron dous tipos de votos particulares, un de totalidade e 60 emendas que

representan votos particulares concretos a apartados específicos do dictame aprobado na Comisión.

Ó noso xuízo agrupar nun único debate o posicionamento sobre o dictame, a emenda á totalidade e as emendas parciais deturpa un pouco a posibilidade de que sobre o dictame aprobado na Comisión se poidan producir transaccións, negociacións e mesmo debates das emendas particulares, como vostede pode concluír.

Nese sentido solicitamos que se separen os dous debates, o de totalidade e os debates das emendas particulares ó dictame aprobado na Comisión.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Supoño que vostede non descoñece que este tema xa foi tratado na Xunta de Portavoces. Entón, acordouse que se ampliaba o tempo de 5 minutos máis para que o orador puidera facer a distribución como estimase máis oportuno, pero todo conxuntamente. Así decidiu por maioría a Xunta de Portavoces e así o aprobou a Mesa cando formulou a orde do día.

Xa está, non hai réplica, señor Suárez.

O señor SUÁREZ CANAL: Non, se non é para replicar. Simplemente nós, efectivamente, aceptamos a decisión, ó único que apelamos é á súa capacidade para ordenar o debate nesta Cámara, porque, ó noso xuízo, non é unha cuestión de tempo, é unha cuestión de concepto, como falabamos antes, é unha cuestión de concepto.

Non hai posibilidade de debater as dúas cousas de forma separada a non ser que, loxicamente, o grupo maioritario xa teña tomada a posición taxativa de incapacidade para transaccionar, discutir ou entrar a considerar ningunha das emendas particulares ó dictame aprobado na Comisión, só así se explicaría a solución adoptada na Xunta de Portavoces.

O señor PRESIDENTE: Respecto o seu criterio, pero non é o criterio da maioría, señor Suárez Canal.

DEBATE E VOTACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN NON PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS ACTUACIÓNS DE BEM-POSTA E DAS DISTINTAS INSTITUCIÓNS E DOS SEUS VOTOS PARTICULARES.

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do dictame ten a palabra a presidenta da Comisión, a señora Madarro González.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: Señor presidente, señorías.

O Pleno do Parlamento de Galicia acordou a creación da Comisión de Investigación sobre as actuacións de Bemposta a e das distintas institucións conforme ó disposto no artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Constituída esta Comisión dotouse dunhas normas de funcionamento conforme as que se desenvolveron os seus traballos ó longo do segundo período de sesións do ano 2000 e os primeiros meses do período de sesións no que nos atopamos.

O plano de traballo aprobado pola Comisión consistiu nunha triple liña de actuación, en primeiro lugar tratouse da problemática derivada dos terreos propiedade da Xunta de Galicia en Bemposta e do posible traslado ós mesmos do estadio de fútbol do Couto.

En segundo lugar, a Comisión investigou sobre o proceso de incorporación dos menores salvadoreños a Bemposta e, por último, o labor investigador centrouse nas denuncias de presuntos malos tratos sobre residentes en Bemposta.

Coa finalidade de clarexalo obxecto de investigación, a Comisión solicitou documentación de todos aqueles suxeitos e organismos que puideran colaborar co labor informativo nesta materia. Deste xeito, distintas institucións públicas e privadas de ámbito autonómico e estatal, remitiron os documentos solicitados para o estudo da Comisión.

Igualmente, a Mesa da Comisión, en execución do acordado na mesma, deseñou un calendario de convocatorias para que un total de 19 persoas, compareceran no Parlamento de Galicia.

Unha vez rematado o labor recompilerio de materiais, a Comisión na súa reunión celebrada o 17 de decembro de 2000, acordou constituírse en relatorio para o estudo da documentación recibida e a elaboración do proxecto de Dictame da Comisión.

Estes traballos concluíron coa aprobación do Dictame na sesión do día 12 de febreiro de 2001 e a

súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 28 de febreiro de 2001. Simultaneamente, os distintos grupos parlamentarios, formularon os seus votos particulares ó texto do dictame que son obxecto hoxe de debate polo Pleno deste Parlamento.

Máis nada, señor presidente, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Madarro.

Rolda de grupos para a defensa dos seus votos particulares e da súa posición con respecto ó dictame.

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías.

Dende logo a historia e o resultado en forma de dictame da Comisión non permanente de investigación sobre as actuacións de Bemposta, das distintas institucións, a historia e o resultado non deixan de ser un total e absoluto despropósito. Despropósito cun obxectivo claro, non un despropósito neste caso por ineficacia da xente que traballamos nesta Comisión.

Un despropósito incentivado polo Grupo Popular cun obxectivo claro que non era outro que nunha dobre dirección, primeiro exculpar á Xunta de Galicia de calquera actuación persecutoria contra a institución Bemposta e segundo, verter as dúbidas e mante-las acusacións que, como se demostrou xudicialmente e como desmotraron os traballos da Comisión, eran inxustas sobre a propia institución Bemposta.

E isto non o dicimos teoricamente, isto avalámolo no que foi a posta en funcionamento e o propio funcionamento da Comisión. A Comisión –lembro– xorde por iniciativa da oposición esixindo que se investigue a actuación das distintas administracións sobre Bemposta. O Partido Popular para consensuar e apoiar a creación desa Comisión, esixe a súa vez que se estudien tamén as actuacións da propia Bemposta. Ata aí consenso e iso fai que se constituía a Comisión.

¿Cal é o obxectivo do grupo maioritario a constituír esta Comisión? Utilízala. Utilízala para os seus propios obxectivos, utilízala para xustificar por un la-

do diante da cidadanía que as administracións non actuaran contra esa institución porque obstaculizaba un proxecto da Xunta e por outro lado seguir –como xa dixeran– vertendo dúbidas ou acusacións concretas sobre a institución de Bemposta.

Iso vese ó comezo cando, por exemplo, o grupo maioritario cos seus únicos votos, nega que comparezan persoas que para nós, para os grupos da oposición eran determinantes. Entre outras, o ex presidente da Xunta de Galicia, señor Fernández Albor, o exvicepresidente señor Barreiro, elementos fundamentais no momento en que Bemposta lle vende á Xunta de Galicia para uns fins moi concretos uns terreos en Seixal. O Grupo Popular nunca deu explicacións de por que denegou estas comparecencias fundamentais.

Outra eiva no funcionamento da Comisión, foi que non se fixeron os esforzos suficientes para que a persoa máis implicada en todo este *affaire*, a señora Marisa D'Abuissou de Martínez, comparecese nesta Comisión; é máis déuselle creto a un fax, a un escrito enviado dende o seu país de orixe. Pero aquí non se fixo o posible para que esa señora viñese e tampouco se denunciou, negouse o Grupo Popular a denunciar publicamente esa incomparecencia da persoa que teoricamente debiera ser a que tivese máis interese en que os feitos quedaran clarísimos posto que é, primeiro, a persoa responsable da selección dos rapaces que veñen a Bemposta e, segundo, é a persoa que empeza a verter determinadas acusacións de malos tratos e traslado ilegal, etc. Esta persoa non ten a valentía de comparecer no Parlamento e no Parlamento quedámonos calados e non dicimos nada como se iso fose o normal. Tira a pedra e esconde a man e nós quedámonos completamente calados.

Maniféstase tamén o obxectivo de poñerlle atrancos ós traballos desta Comisión ó negarse numantamente o grupo maioritario a unha segunda rolda de comparecencias, solicitada tamén polos grupos da oposición. Segunda rolda que era imprescindible diante de contradicións ou mentiras vertidas por algún membro –algunha neste caso– do Goberno galego na súa primeira comparecencia, como quedou demostrado con outras comparecencias posteriores doutras persoas. O Grupo Popular negouse numantamente sen dar ningún tipo de explicación a que a señora conselleira de Familia, axente importante deste

proceso, comparecese por segunda vez para aclarar, e vouno deixar en determinadas contradicións nas que incorreu na súa primeira comparecencia.

O mesmo pasou que outra persoa que tamén é fundamental en todo o proceso, a señora Hermitas Fernández –paréceme que se chama de apelido– que tamén foi desmentida por outras comparecencias, por exemplo ás da Fundación Van Leer e tampouco se acepta que volva comparecer por segunda vez ó término da súa primeira comparecencia que era o obxectivo fundamental desta Comisión para chegar ó fondo das cuestións.

Ou sexa que se dan unha serie de eivas. Eivas que por riba aumentan cando de repente se vai á liquidación apresurada e a correr dos traballos da Comisión. Eivas que tamén aumentan cando unilateralmente o Partido Popular decide que a Comisión –fíxense ben señorías–, a Comisión para a investigación das actuacións de Bemposta e as institucións non poida visitar a institución, unha das institucións, que é obxecto da súa investigación. É dicir, obrígasenos a falar dunha institución e non se nos permite a visita. O argumento, neste caso, era que unha visita de horas, ou de días, ou dun día, non nos ía permitir coñecer a fondo o funcionamento da institucións.

En cambio na proposta de dictame que sustenta o Grupo Popular, si se lle fai caso, elévase ós altares as opinións dunha fundación estranxeira que despois dunha visita de horas si se permite verter acusacións importantísimas contra unha institución educativa galega, pon en dúbida o proxecto educativo, fala da posibilidade de malos tratos físicos, etc., e a ese informe da Fundación Van Leer, do señor Marc Mataheru, iso si se eleva á categoría de infalibilidade, si se lle fai caso e constitúe, por exemplo, un punto que o Grupo Popular propón no seu dictame.

É dicir que eu creo que queda sobradamente xustificado o cualificativo co que designei os traballos e as conclusións desta Comisión, un despropósito, ou máis ben, un propósito moi completo que non era outro que utilizar a Comisión para desde dentro torpedeala como así foi. Mesmo, chegouse cambiar o número de compoñentes da Comisión, seguramente porque o primeiro portavoz do Grupo Popular, persoa de sobrada educación, digamos, nas formas e no fondo, ó mellor

non era a persoa apropiada para defender as posturas do Goberno e mandouse a un toureiro, a un lidador, efectivamente, para que asumise o papel, para o que probablemente o outro deputado pola seriedade que o caracteriza, non estaba capacitado para defender nese estilo.

Ben, con todo isto chegamos a unha proposta de dictame que evidentemente, señorías, non é de recibo. Primeiro porque é imposto unilateralmente por un grupo negándose totalmente desde o principio a facer ningunha modificación nesa proposta, nin parcial, nin total, e deixando –como non pode ser menos porque o procedemento así o permite– deixándonos ós grupos da oposición, a posibilidade única de presentar votos particulares, ou de presentar emendas parciais; negándose total e absolutamente a debater para nada esa proposta de dictame.

Dictame que entra en consideración, señorías, de temas que non foron obxecto de investigación desta Comisión, ou de temas dos que non hai documentación. Así por exemplo, este dictame na proposta de dictame fanse valoracións sobre o proxecto “Ourense cara ó novo milenio”, cando do proxecto “Ourense cara ó novo milenio” non hai documentación sobre el, non houbo comparecencias sobre el explícitas na Comisión.

Dise que é un proxecto bo para cidade, que non sei que... de acordo non teño métodos nin para afirmalo nin para negalo, porque non foi obxecto de estudo desta Comisión e ademais serán outros foros, concretamente o concello de Ourense e outras institucións, as que terán que decidir se o proxecto é bo ou malo, pero non era o obxecto de estudo desta Comisión.

Ou ponse en dúbida o proxecto educativo da institución Bemposta tamén sen que o proxecto educativo da institución fose debatido a fondo, nin os seus materiais, nin os métodos de traballo, nin se realizou a visita para comprobalo *in situ*, nin se estudiou para nada o proxecto educativo.

Unha persoa compareceu, unha persoa que puxo en dúbida ese proxecto, dúas persoas e baseándose niso, ponse en dúbida e mesmo permítese lanzar ideas xeniais ou peregrinas, segundo se mire, como a constitución dunha fundación que leve adiante Bemposta, etc., etc. É dicir, que é un resultado totalmente sesga-

do, é sesgado porque por exemplo, se queremos falar do proxecto educativo de Bemposta, ¿por que non se permitiu a asistencia e a comparecencia en Comisión de persoas que coñecesen a fondo ese proxecto educativo e o avalasen: ex alumnos ou pedagogos coñecedores a fondo dese proxecto educativo? Iso impediuse, non puideron comparecer, compareceron os que eran contrarios ó proxecto educativo e que, no seu caso ademais, non tiñan un coñecemento a fondo dese proxecto, como é loxico porque non se pode ter despois dunha visita de *x* horas a unha institución.

Diante desta situación, señorías, o Grupo de Esquerda de Galicia non lle queda máis remedio que presentar un voto particular, un dictame alternativo ó dictame que nos pretende impoñer o Grupo maioritario desta Cámara.

Dictame alternativo que recolle o que para nós son os puntos básicos do que era o obxectivo da constitución desta comisión e que foron ademais obxecto de investigación e que dan lugar a conclusións clarísimas que a proposta do dictame ou obvia ou segue sementando dúbidas sobre elas.

E as conclusións clarísimas son: que primeiro, efectivamente hai por parte de Bemposta entre o ano 1984 e 1985 a venda á Xunta de Galicia dun terreo da súa propiedade de 63.500 metros cadrados; a venda é produto da mala situación económica que nese momento atravesaba a entidade, pero ten unha cláusula moi clara, eses terreos teñen que ser dedicados á construción de vivendas sociais. A Xunta non cumpre esa cláusula e cando precisamente polas bravas utilizando á policía, intenta tomar eses terreos atópase coa oposición da institución Bemposta. Aí empeza a persecución sistemática contra esa institución: traslado ilegal de nenos, contrabando de nenos, dito doutra maneira, malos tratos, explotación, proxecto educativo obsoleto etc., e o que realmente di a conclusión clarísima que pode sacar esta investigación –e creo que tódolos grupos estivemos na mesma comisión a non ser uns asistíramos a unha e outros a outra– as conclusións clarísimas que se poden sacar son que non existe absolutamente nada diso.

O primeiro punto, pois, quedou claro. Efectivamente hai a venda do terreo pero hai unha cláusula que di a que se debe destinar.

O segundo punto da nosa proposta fala que o Goberno galego –e os feitos demostrano– non puxo excesivo interese en acadar ese obxectivo de contrución das vivendas sociais. Efectivamente, hai algúns intentos fallidos que os que coñecemos perfectamente o funcionamento deste tipo..., de como acadar este tipo de obxectivos, sabemos que se poden realizar os intentos fallidos que se queiran, cando non se pon demasiado interese, hai algúns intentos fallidos pero logo a Xunta abandona definitivamente a idea da construción das vivendas sociais.

Logo máis tarde, co gallo da posta en marcha do proxecto “Ourense cara ó novo milenio” proxecto que –repito– como tal non foi investigado por esta Comisión, non era o caso ademais, a Xunta de Galicia pretende o traslado do campo de fútbol do Couto ós terreos antes mencionados, atopándose coa oposición dos responsables e dos moradores da *Cidade dos Muchachos* porque este non era o fin para o que se destinaban estes terreos.

Comeza entón, e nós deixamos caer unha azarosa casualidade –entre interrogacións, evidentemente–, unha campaña de acusacións nada veladas contra Bemposta que inclúan a presunta ilegalidade no traslado de nenos salvadoreños bolseiros que viñan aquí a estudar cunhas bolsas de estudos. Abusos e malos tratos, descualificacións do proxecto educativo, etc.

Acusacións, señoría, moi graves dirixidas con batuta desde o Salvador pola señora D’Abuissou, con ecos dunha fundación holandesa, a Fundación Van Leer, pero coa partitura composta por a saber quen. Desde logo, para nós, composta desde a Administración de Galicia. A Administración de Galicia por medio dunha consellería compón a partitura, a señora D’Abuissou dirixe a orquestra e o coro faillo a fundación holandesa Van Leer.

De tódalas maneiras os traballos desta comisión foron encamiñados a impedir que esta conclusión realmente puidese estar o suficientemente probada, porque a non comparecencia por segunda vez da señora conselleira de Familia, deixou con moitas dúbidas neste deputado que lles fala.

Queda ben claro, non obstante, tanto á vista das diferentes comparecencias como do estudo dos documentos, que o proceso de traslado dos cativos salvadoreños a España, fíxose de acordo coa máis estrita

legalidade. Toda a documentación así o di, e as sentencias xudiciais tamén o din. Fíxose desde a máis estrita legalidade, con independencia –que iso xa é outra cuestión– de que se estea máis ou menos a favor de que se trasladen nenos dun país a outro, para desenvolver estudos ou para o que sexa, pero ese é outro debate.

O debate, porque a acusación non era esa, non señoría, a acusación non era que educativamente sexa mellor ou peor que un cativo estudie nun lado ou noutro, que a acusación era que o traslado deses cativos se fixera de xeito ilegal, contravindo á xustiza. Esa era a acusación e iso queda demostrado que non é así. Total e absolutamente demostrado, aínda que o Partido Popular na súa proposta de dictame non o recolla. Segue sementando dúbidas sobre a presunta ilegalidade, non vale unha sentenza xudicial, non vale un estudo dos documentos, non valen os distintos documentos do ministerio de Asuntos Exteriores, etc., ¡non! séguese sementando a sospeita de que puido haber traslado ilegal de nenos e non é así, señorías, por moito que se empeñen.

Do mesmo xeito é evidente a inexistencia dos malos tratos denunciados sobre eses nenos, como demostran comparecencias do conselleiro de Sanidade, conselleiro de Educación, etc., informes médicos e mesmo outra sentenza xudicial. Pero aínda así séguese deixando caer as dúbidas sobre os malos tratos, sobre os métodos, etc., na proposta de dictame do Grupo Popular.

O proxecto educativo de Bemposta, posto tamén en cuestión por algún comparecente, non foi obxecto de estudo profundo por parte da Comisión, pero parece evidente que, ó tratarse dun centro concertado coa Consellería de Educación, ten que ter o visto e prace desa consellería para desenvolver os seus programas, e senón é así debe ser a consellería quen propoña as modificacións necesarias para mellorar ese programa, ese proxecto educativo que como tódolos proxectos educativos de tódolos centros do país son sempre susceptibles de mellorar.

Eu non coñezo ningún centro educativo que teña o proxecto perfecto, todos son susceptibles de mellora pero para iso hai autoridades educativas que terán que ser as que poñan os medios para que eses proxectos se vaian perfeccionando. Pero esta Comisión, atreverse

desde esta Comisión a seguir poñendo en dúbida o proxecto educativo dunha institución que non se estudiou parécenos, cando menos, bastante atrevido porque xa me dirán en que basean esa posta en cuestión, se o proxecto non se estudiou a fondo.

É preciso pois –e dicímolo como conclusión–, é urxente, restaurar o bo nome de Bemposta en canto ós feitos investigados, a estes tres feitos fundamentais: traslado de nenos, presuntos malos tratos, proposta educativa; por canto queda demostrado que a institución bemposteña foi inxustamente vituperada e obxecto dunha campaña maledicente de persecución baseándose en acusacións graves e falsas. Acusacións que, por sorte, moitas delas xa foron rebatidas polos tribunais de xustiza e polo tanto non ten sentido, é un despropósito, que un grupo político actuando de caixa de resonancia dos intereses dun Goberno persista en deixar diante da sociedade que sigan estas acusacións, cando foron rexeitadas por outras institucións.

Por iso presentamos esta proposta de resolución, esta proposta de dictame, porque o dictame proposto polo grupo maioritario non é de recibo, non se corresponde para nada co que foron os traballos da Comisión, mesmo eivados e torpedeados desde o Grupo Popular, pero mesmo así non se corresponden as conclusións que se pretenden aprobar hoxe aquí para nada co que foron os traballos da Comisión, a documentación que a Comisión puido consultar, as comparecencias que nos permitiron que puidesemos falar con elas, etc.

Polo tanto, nós non podemos estar cunha proposta de dictame sesgado e que ten como obxectivo unicamente protexer, esconder, agachar diante da cidadanía unha acción persecutoria do Goberno da Xunta contra unha institución que, defendendo os intereses lexítimos dos seus membros e da xente que alí está, tivo a valentía de enfrontarse a unha actuación da Administración. Se en vez de ser a institución de Bemposta fose un cidadán ou unha cidadá calquera o que se vira perseguido pola Xunta, pois Deus sabe o que podería pasar, neste caso con toda dignidade Bemposta defendeuse, e desde logo esta Comisión non pode, para nada, e esta Cámara non pode votar o que aquí se nos propón como resultado do mesmo.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Rego González do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Permítame señor presidente, que en primeiro lugar como observador excepcional que fun desde o meu escano, felicite ó señor vicepresidente primeiro deste Parlamento polos ímprobos esforzos que fixo, desde a Presidencia do Parlamento ocupada, para impedir que un cidadán de Bemposta puidera filmar cunha pequena cámara o que estaba acontecendo nese Pleno. Permítame que o felicite porque o seu labor policial dentro desta Cámara, pois, a min paréceme que é digno de mellor causa, e polo tanto merece a felicitación do Grupo Parlamentario Socialista.

Iso si, non para presidir unha institución democrática senón para outra cousa desgraciadamente ben distinta; non sei eu que interese poden ter os deputados e deputadas...

O señor PRESIDENTE: Teñen que cumprir o regulamento, nada máis.

O señor REGO GONZÁLEZ: ...de Ourense, en que isto non se poida emitir para que os cidadáns de Ourense poidan ver todo eso que aquí pasa, porque como é ben sabido non teñen nada que esconder os cidadáns desa provincia, e os de Galicia en xeral.

Ben sei que estan seguros que a través da Televisión de Galicia que dirixen e manipulan pois, loxicamente, vanse trasladar as imaxes precisas para que aquí saia o que lle interesa ó Grupo Parlamentario Popular como fixo co informe redactado pola Comisión de investigación.

Señorías, en primeiro lugar, queremos deixar ben claro as razóns polas que o Grupo Parlamentario Socialista demandou a creación desta Comisión, que non eran outras que saber con absoluta claridade se o Goberno de Galicia utilizaba os recursos que proceden dos impostos dos cidadáns da nosa terra e o poder político que ten emanado tamén de forma absolutamente lexítima por eses cidadáns para esmagar a unha

institución que discrepaba da súa opinión ou que discrepaba de actuacións derivadas da acción do propio Goberno. Eso era única e exclusivamente, o que o Grupo Parlamentario Socialista quería saber, ningunha outra cuestión porque o resto tiñamos perfecto coñecemento del.

Pero a maiores diso, aceptamos unha imposición do Grupo Parlamentario Popular, que quixo tamén lexitimamente introducir que se investigara tamén a acción de Bemposta, que era o proxecto de Bemposta, para que puideramos ter coñecemento del, polo tanto a investigación tamén se acorda que se faga sobre a institución Bemposta e así o aceptamos, señorías.

Claro, atopámonos cunha sorpresa moi importante, que quen propuxo que se investigara Bemposta logo despois non soamente se negou a ir a Bemposta, senón que impediu que esa Comisión fose a Bemposta. Cuestión que nos encheu de sorpresa, non só porque o Grupo Parlamentario Popular non tivera disposición, nin tivera vontade de acudir a Bemposta para ver o que alí pasaba e acontecía, senón porque impediu ademais que, a Comisión, o resto dos membros da Comisión, se puideran presentar como tal Comisión e tivemos que ir, e así o fixemos –quen lles fala o fixo– e o resto dos membros do Grupo Parlamentario Socialista que compoñen a Comisión: a señora Álvarez Yáñez e a señora Villarino, tamén, así o fixeron, utilizando a política de portas abertas que a institución Bemposta e quen a rexe, utilizou con este grupo parlamentario, queremos pensar que tamén cos demais, con este grupo parlamentario temos que agradecerlle moi sinceramente a política de portas abertas que utilizou connosco, que mesmo sen previo aviso e chegando alí un bo día sen avisar de nada, abríronnos as portas, ensináronnos o conxunto das instalacións, puidemos falar con quen nos apeteceu e non tivemos ningún tipo de trabas nin problemas. Polo tanto, queremos agradecer primeiro esa disposición da institución Bemposta cara ós membros da Comisión que, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, acudimos alí para ver o que pasaba.

Entre outras cousas, porque era unha demanda deste Parlamento aínda que fose a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, pois era unha demanda que fixera por unanimidade este Parlamento. Polo tanto, o

coñecemento absoluto que tiñamos xa do que era o labor que desempeñaba a institución Bemposta quixemos enriquecelo e quixemos saber se o Grupo Parlamentario Popular, que lexitimamente pediu que se incluíra iso na investigación, as razóns que podería ter para saber que era o que pasaba en Bemposta que nós, ó mellor, non sabíamos. Ben, pois tivemos esa facilidade para facelo, cuestión que agradecemos.

Señorías, dicía ó principio que o Grupo Parlamentario Socialista tiña a única finalidade de saber se o Goberno actuara correctamente con respecto á actuación do *affaire* Bemposta ou se se cometera abuso de poder desde a acción do propio Goberno. E temos que dicir que esto viña derivado, como as súas señorías saben, de que o intento de ocupación duns terreos, que non o fixera desde o ano 1994 a Xunta de Galicia, que adquirira o Goberno galego con fondos e recursos de tódolos galegos; despois direi como, por que e para que, pois non se tiña producido esa ocupación e un bo día preténdese facer esa ocupación e despois da resposta dos rexedores de Bemposta, non tanto pola ocupación senón polos fins para os que se querían ocupar eses terreos, pois oponse e hai unha controversia entre a Xunta de Galicia e os rexedores de Bemposta.

Señorías, vén isto derivado nada máis e nada menos que da adquisición duns terreos que a Xunta de Galicia, 63.000 metros cadrados, adquire nun momento determinado, propiedade da institución Bemposta para a construción de vivendas sociais. Gústame moito destacar isto, porque senón fose así, señorías, senón fose que a Xunta quixera facer cos terreos todo o que lle petara non ten ningún sentido que na escritura deses terreos se recolla o obxectivo da súa dedicación final para a construción de vivendas sociais. Polo tanto, quede isto ben claro.

Pero hai outra cuestión, señorías, que non é menos clara, e que é que a Xunta de Galicia comprou eses terreos por un importe practicamente cen veces inferior ó seu valor de mercado. E aí é onde –cando menos ó noso grupo parlamentario– entra facer unha reflexión e unha reflexión de por que unha institución benéfica, cun fin claramente social, que despois falaremos diso en relación coa actuación da señora conselleira, porque teño moito interese en poñer á señora conselleira un pouco en relación co señor Silva no tocante á de-

fensa da nenez, á defensa dos nenos, e á defensa da infancia, ó compromiso de cadaquén, heino de poñer en relación ó final porque me parece que merece a pena, porque todos debemos de aprender do que aquí ten acontecido a xuízo de quen lles fala.

Señorías, ¿por que Bemposta se desprende de tal cantidade de terreos por un importe a tan baixo prezo? E ¿por que un Goberno, que en principio non parece que entrara nas dúas prioridades a construción de vivendas sociais nese lugar, accede a adquirir eses terreos?

Pois miren vostedes, da información que aparece tanto por parte dos comparecentes como da documentación que existe no seo da Comisión, que foi remitida por distintos organismos e de xeito moi especial, das declaracións feitas diante do xuíz, do secretario da Xunta de Galicia, de quen actuaba de secretario do Consello da Xunta de Galicia, exvicepresidente da Xunta de Galicia, o señor Barreiro Rivas, que algo debe saber disto, porque era vicepresidente, e non tería eu necesidade de explicarlles ós señores deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular, canto mandaba aquel, hoxe exvicepresidente no Goberno no que o señor Albor facía de presidente. Non necesito explicarllelo porque o saben vostedes perfectamente.

Pois o señor Barreiro Rivas, di e confirma algo que está na documentación que existe na Comisión, que os terreos foron adquiridos moito máis, para tentar solventar un problema económico que tiña a institución Bemposta e que dado o seu carácter social e benéfico, pois a Xunta de Galicia –con bo criterio, diría eu– acode en auxilio dela para solventarlle un problema e non cabe dúbida que o mellor garante era a adquisición daqueles terreos. ¿E que se pon como fin? A construción de vivendas que as podía levar a cabo, tanto Bemposta como a propia Xunta de Galicia, que indubidablemente, se se levara a cabo por Bemposta a Xunta de Galicia recuperaría os recursos que tiña pagado, que procedían dos fondos públicos de tódolos galegos, e Bemposta construíría as vivendas, sendo ó revés pois non cabe dúbida que sería a Xunta de Galicia quen construíría as vivendas, pero ¿que tipo de vivendas? Vivendas de carácter social. Seguirían en gran medida a dar resposta e a cubrir necesidades que existían na provincia de Ourense, tamén na cidade de Ourense, no seu contorno, para familias necesi-

tadas deste tipo de vivendas, pero as súas señorías deben saber que tanto a Xunta de Galicia como os rexedores de Bemposta, tamén tiñan outra mira na construción desas vivendas, que era que as vivendas serviran de complemento ó proxecto educativo, cultural, benéfico e social que representaba Bemposta naquel momento.

As vivendas tamén fan en favor do proxecto Bemposta, señorías, isto queda absolutamente claro para quen queira ver de forma minimamente obxectiva o estudo que a Comisión e a documentación que a Comisión puido ver. Polo tanto, quedando estas cuestións claras, cabe preguntarse a que se debe e que razón pode haber para que entre en escena aquela película que financiada con fondos públicos un bo día foi presentar o señor presidente da Xunta rodeado de gran aparato mediático e gran cantidade de responsables do Partido Popular e apoios, a maior parte deles comprados con fondos públicos, como pouco a pouco vaise demostrando, señorías, pois o famoso “Ourense cara ó novo milenio”, claro, apareceu polo medio, e o famoso “Ourense cara ó novo milenio” non cabe dúbida de que lle fai falta xa. Imos vendo que xa fan falta desculpas, fanlle falta desculpas porque, claro, os cidadáns de Ourense e os galegos en xeral que viron unha obra de tan alta magnitude, tantos miles de millóns para investir nunha cidade e que nos presupostos levan anos sen aparecer por ningunha parte.

Indubidablemente, habería que buscar algún tipo de desculpa para ese compromiso. Non é culpa nosa, foi culpa dun señor que non nos deixou cambiar o campo de fútbol para aquí. É nada máis e nada menos que o que pretende a Xunta de Galicia, onde había previsións de construír vivendas sociais, no mellor dos casos, nada máis e nada menos que pretende instalar un campo de fútbol de grandes dimensións ó lado dun proxecto educativo. Como todo o mundo sabe, en tódalas cidades do mundo, os grandes campos de fútbol instálanse ó lado de institucións benéficas que teñen un carácter, un fin social e que, ademais diso, pois teñen un proxecto educativo, financiado, iso si, pola propia Consellería de Educación do Goberno de Galicia presidido polo señor Fraga Iribarne.

Polo tanto, señorías, a cuestión queda perfectamente fixada neses termos. ¿Cando empeza o problema da Xunta de Galicia para poñer en cuestión practi-

camente todo o que representa Bemposta por parte da conselleira de Familia? Mesmo desde esta mesma tribuna, a primeira foi a señora conselleira de Familia que puxo en cuestión o proxecto educativo de Bemposta. Dixo que habería que ver ese proxecto educativo, e cando o dixo sabía que o estaba financiando un compañeiro seu de Goberno, indubidablemente sabíao, ¡claro que o sabía, como non o ía saber!

Loxicamente, empeza a partir de aí un cúmulo de despropósitos e ataques a Bemposta que a nós nos pareceu, desde o primeiro momento, absolutamente desproporcionados. Desproporcionado ¿por que? Porque nos parece que se se pretende dobregar unha institución como Bemposta, pois imaxino que haberá que ir pola vía do convencemento, haberá que ir pola vía de ver se se poden renegociar eses terreos e despois, señorías, parécenos moi sospeitoso que non haxa ningún outro sitio, daquela non o había –agora parece que xa o hai– na cidade de Ourense, nin no seu contorno para onde se puidese levar o campo de fútbol, senón para eses terreos que ían destinados a vivendas e que se sabía claramente que de levarse a cabo levaría tamén aparelhada a destrución do proxecto de Bemposta. Iso parece que estaba fóra de toda dúbida para todo o mundo.

Ben, pois empeza o cúmulo de despropósitos e os ataques a Bemposta e aquí temos que dicir, señorías, que se chega –a xuízo de quen lles fala– demasiado lonxe. Porque o Goberno galego, non soamente utilizou o que é o propio Goberno, distintos departamentos do Goberno, de xeito moi especial a Consellería de Familia e a Consellería de Educación, tamén a Consellería de Xustiza, pero a Consellería de Familia, e a Consellería de Educación indubidablemente imaxínome que terán que facer unha fonda reflexión sobre a súa actuación sobre este proxecto.

Primeiro polas súas competencias, a conselleira de Familia con competencias exclusivas en política de infancia, de adolescencia, en política do menor, competencias exclusivas e que nada máis e nada menos que entra nun cúmulo de despropósitos onde se chega a falar dentro do noso país de malos tratos, chégase a falar de abusos e de *mirafeos* a menores, chégase a falar e de remitir denuncias á Fiscalía sen que polo de agora saibamos se a propia consellería ten feito al-

gunha inspección a Bemposta, por exemplo, como sería a súa obriga, nun mínimo afán e rigor administrativo de aplicación do que é a Lei Galega da Familia e da Infancia. Cun mínimo diso tería que facer antes de remitir a ningún sitio ningún tipo de denuncia, tería que facer unha inspección a Bemposta e ver que pasaba en Bemposta, presentarse en Bemposta e ver se ese proxecto educativo que estaba financiando o propio Goberno de Galicia era nada máis e nada menos que unha secta.

Porque señorías, temos que dicirlles que na Comisión houbo unha comparecencia dun señor en representación dunha fundación internacional, da Fundación Van Leer, o señor Mataheru, que mantivo con absoluta firmeza que Bemposta era unha secta; e ademais mantivo tamén que ese descubrimento o fixo nunha visita de dúas horas a Bemposta. Este señor teño que dicirlles que quen lles fala non puido pasar por menos que abandonar a Comisión no momento en que fixo o cualificativo de secta dunha institución que non soamente é o padre Silva e o equipo que a xestiona, ¡non, non!, dunha institución que financia o Goberno deste país, que financiamos os galegos con fondos públicos, que financia o Goberno que preside o señor Fraga Iribarne. Pois os deputados e deputadas do Grupo Parlamento Popular, asistiron impasibles a ver como un señor acusaba de secta, acusaba de malos tratos a menores a unha institución que estaba sendo financiada con fondos públicos e por un departamento do propio Goberno de Galicia.

Señorías, isto dá un pouco a idea do que se pretendía facer con Bemposta senón fose a presión social que existiu e que o Partido Popular si se dobregou a esa presión social; porque esta Comisión que se creou, señorías, non se creou porque o Partido Popular ou o Grupo Parlamentario Popular tivera intención de investigar o que pasaba en Bemposta, ben o sabía. Esta comisión créase unha vez que se lles vai das mans todo este *affaire* Bemposta e logo despois hai unha presión social importante, e o Grupo Parlamentario Popular decide o que posteriormente fixo, imos crear unha Comisión de investigación e nós mesmos imos facer un informe co que aí pasa. Que foi o que fixeron. Imos ser nós os que imos decidir que comparecentes van ir á Comisión e imos facer nós o informe que vai aprobar o Parlamento desa Comisión.

Polo tanto, o informe –non se equivoquen– non é da Comisión, o informe é do Grupo Parlamentario Popular, dos representantes do Grupo Parlamentario Popular nesa Comisión, porque non aceptaron nin unha soa coma. Estamos equivocados todos, os únicos en posesión da verdade son estes señores que ata se negaron a ir a Bemposta e iso que pretendían investigar o que alí pasaba.

Señorías, o Grupo Parlamentario Socialista presentou un voto particular que entendemos que debería ser observado polo principal grupo parlamentario desta Cámara como unha proposta conciliadora. Conciliadora ¿por que? Porque nos limitamos a describir os feitos, o que pasou e para iso ¿que temos en conta? a visita a Bemposta, o coñecemento do funcionamento da institución Bemposta, o seu labor e o seu fin social e educativo, sen ningún tipo de ánimo de lucro.

Sabemos, polo que se dixo na Comisión, que queda absolutamente descartado calquera tipo de ilegalidade no tocante á presenza de nenos procedentes de países do estranxeiro en Bemposta. Quedou absolutamente claro a través mesmo de fallos xudiciais e a través do informe do Goberno galego que remitiu a este Parlamento o conselleiro de Sanidade, que non houbo ningún tipo de malos tratos; ó contrario, o informe do conselleiro de Sanidade deixa ben claro a exquisitez alimentaria e de todo tipo con que se trata ós nenos en Bemposta. Un informe amplo, exhaustivo e perfectamente clarificador.

Polo tanto, no noso voto particular, indubidablemente, fanse escasas acusacións e non se reclaman responsabilidades, descríbense os feitos. ¿Por que non reclamamos responsabilidades, señorías? Porque entendemos que esas debe establecelas o presidente do Goberno, agora xa sabe, terá que ler os votos particulares, terá que ler a parte do informe que presentou o Grupo Parlamentario Popular e terá que ver os votos particulares dos demais e, sobre todo, rogaríalle que lera a documentación que existe na Comisión, ou que alguén lla lea, e, o señor presidente da Xunta de Galicia debe ser quen decida.

Se ó señor conselleiro de Educación valéronlle os inspectores da provincia de Ourense para inspeccionar Bemposta durante todos estes últimos anos, ¿por

que este ano non lle serviron e tivo que traelos da provincia de Pontevedra para que fixeran un informe negativo? Terá que explicalo e o señor conselleiro de Educación terá que darlle esa información ó presidente da Xunta, e a señora conselleira de Familia imaxínome que terá que explicar a que se deben as súas actuacións de desprestixio claro cara a Bemposta, a súa falla de compromiso, de defensa, mesmo, dos nenos que había en Bemposta e a súa falla de asunción de responsabilidades no tocante a aquelas competencias exclusivas que ten na defensa da infancia e da adolescencia do noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor REGO GONZÁLEZ: –Remato, señor presidente–. Terán e deberán explicar todos o porqué destas actuacións, pero pretendemos –o Grupo Parlamentario Socialista espera– que sexa o presidente da Xunta quen tome decisións, se el non as tomara nós indubidablemente as propoñeríamos. Parécenos que responsabilidades, señorías, hai dabondo.

Véxase con atención o noso voto particular, e vérase que a única cousa que facemos e que pretendemos trasladar a esta cámara é unha descrición do que ten acontecido para que tamén cada un dos deputados e deputadas dela vexan se cumprimos ou non coa nosa obriga formando parte desa Comisión de investigación a través do acordo do Pleno do Parlamento.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, parece que a tormenta contra Bemposta non amaina.

Señor presidente, señoras e señores deputados. O dictame que seguramente aprobará o grupo maioritario desta Cámara nesta sesión, proba, ó noso xuízo, sen ningún xénero de dúbidas –se aínda existise algunha– que existiu unha relación causa-efecto entre o ocorrido con Bemposta e o intento da Xunta de doblar a unha institución que non se amoldaba a unha

decisión política que quería impulsar e poñer en marcha a Xunta de Galiza.

O Dictame traduce, ademais, que hai mala conciencia e por iso desde o principio se obstruíu o proceso para que non chegara o bo fin. Non se pretendeu aclarar en profundidade ningún dos obxectivos para os que fomos comisionados, non se pretendeu investigar e, desde logo, non se respondeu ó mandato deste Pleno. O Pleno comisionou a unha representación deste Parlamento para investigar dous asuntos basicamente, a posible relación causa-efecto entre unha decisión da Xunta e a negativa a Bemposta a viabilizala baseándose nuns acordos que tiña adoptados coa Administración con anterioridade e, polo tanto, ó inicio dunha campaña de acoso e derrubo contra a institución; ese é un dos aspectos que tiñamos que investigar.

E un segundo aspecto, que era todo o proxecto educativo de Bemposta en relación, sobre todo, con dous aspectos que tiveron ampla transcendencia pública: a denuncia de malos tratos e o posible tráfico ilegal de nenos producido pola institución. Nin unha cousa nin outra fixo en profundidade a Comisión de investigación porque o Partido Popular actuou de frontón, non presentou un plano de traballo, os únicos que presentamos un plano de traballo fomos os grupos da oposición. O Partido Popular negou comparecencias, negou que solicitáramos documentos por escrito que despois, sen embargo, aceptou noutros casos, negou a visita que propuxo o Bloque Nacionalista Galego a Bemposta.

En definitiva, non houbo ánimo de investigar nada, senón de utilizar unha vez máis a institución parlamentaria para darlle cobertura a un proceder absolutamente reprobable por parte do executivo galego. Iso queda tan patente no dictame que –fíxense vostedes– é un dictame que nin sequera recolle a memoria do ocorrido na Comisión como teoricamente debería facer segundo as normas de procedemento. Non hai a metodoloxía, non se plasma no dictame que comparecencias se produciron, cales se aceptaron, cales non, que visitas se produciron, que documentos se quixeron visualizar e non se puideron visualizar. Todo isto non existe na metodoloxía do dictame, ¿por que? Porque quedaría patente que o Partido Popular non tiivo ánimo de investigar senón de ocultar.

E, señoras e señores deputados, que dirían vostedes se pensasen por un momento que o dictame que imos aprobar hoxe aquí ten as seguintes chatas graves ó noso xuízo. E fíxense porque son dunha envergadura que unha vez máis colocan a este Parlamento no ridículo como institución básica da soberanía popular. O dictame que imos aprobar oculta feitos e datos achegados pola policía, pola administración central e por sentencias xudiciais sobre un tema fundamental: a acollida ilegal.

Non hai datos achegados pola Subdelegación do Goberno que estean documentalmente acreditados pola Administración central e por sentencias xudiciais sobre ese tema. Iso ocúltase. Ocúltanse feitos e datos e documentos achegados pola Administración central sobre a acollida ilegal de nenos que demostran que non houbo tal. Ocúltanse tres resolucións xudiciais en firme sobre os feitos que estabamos comisionados para investigar. É dicir, o Parlamento de forma deliberada e intencionada, manda ó baúl dos recordos sentencias xudiciais sobre a acollida ilegal, sobre malos tratos e sobre a introdución da policía nos terreos de Bemposta, isto non existe no dictame. O dictame chega ó extremo grave e alarmante de contradicir, textualmente, dictados xudiciais, isto que xa é norma do Partido Popular, noutras instancias parlamentarias, elévase tamén a rango normal no Parlamento galego. Hai xuíces que din unha cousa e o dictame da Comisión de investigación di outra. Hai xuíces que din por exemplo, que o rango da denuncia tiña carácter penal e o dictame da Comisión di textualmente: “que non ten carácter penal”. Hai xuíces que din que a acollida foi legal e con visados de tipo D e o dictame da Comisión segue dicindo que a acollida é irregular e polo tanto non ten visos de dubidosa legalidade.

Fíxese vostede o que imos aprobar, é dicir, contradicimos á instancia xudicial no Parlamento galego en resolucións firmes. Aínda máis graves, elévase a rango de proba a intervención da única persoa que fixo *mangas y capirotas* do requirimento do comparecer no Parlamento galego; a señora Marisa de Martínez non quixo comparecer; pois o dictame dálle rango probatorio as súas declaracións por escrito. Fíxense vostede que cousa tan esperpéntica imos facer hoxe aquí. É dicir, converter ó Parlamento nun ridículo monigote dunha señora que se negou a comparecer nesta Comisión.

Ocúltanse outros datos e escritos que evidencian que, efectivamente, a compra dos terreos tiña un obxectivo claro, recollido notarialmente; sexa unha cláusula resolutoria ou non, pero ¿como nos podemos fixar niso cando o compromiso da administración para construír vivendas sociais está recollido ante notario e é acreditado polas dúas partes daquel momento, Bemposta e a Xunta a través do vicepresidente daquel momento, señor Barreiro Rivas?

Dedican a maior parte do dictame a cuestións que teñen que ver co asunto de forma absolutamente colateral. Todo un convenio que asinou Bemposta coa Deputación da Coruña –que se entramos niso habería que entrar en cincuenta mil cousas– que ten relación colateral e por suposto, como xa se dixo aquí, a avaliar o proxecto “Ourense cara ó novo milenio”. ¿Que sentido ten avaliar ese proxecto hoxe e aquí cando non estabamos comisionados para iso? É porque se quere ocultar con iso o entrar no fondo da cuestión.

E sobre todo, sobre a relación causa-efecto entre a actuación da administración de cara a intentar dobre-gar a vontade de Bemposta, a facer que claudicara e todo o ocorrido coas denuncias públicas, as actuacións ante o fiscal, etc., diso non hai nin unha palabra. Fomos comisionados para iso, ¿non? Pois fíxense vostedes, un dato clave para saber se hai relación cronolóxica que é cando o Partido Popular e a Xunta fan público o proxecto “Ourense cara ó novo milenio” e cando se posiciona Bemposta respecto dese proxecto, non aparece no dictame. A data, simplemente recoller o feito, o 30 de xaneiro do ano 1999 a Xunta fai público o proxecto e o día 1 de febreiro empeza Bemposta a posicionarse en contra baseándose nun acordo que tiña recollido notarialmente, iso non aparece no Dictame.

¿Para que fomos comisionados logo nós? ¿Que dirían vostedes cando se oculta todo isto no Dictame? ¿Que dirían vostedes cando a propia intervención do Valedor na Comisión? Detúrpase ata extremos que el dixo que se o anónimo chegara e fose tramitado a través del non tería xurdido ningún tipo de efecto. E iso se oculta. Ocúltanse ata decisións en comparecencias de institucións tan relevantes como o Valedor do Pobo. ¿Que Dictame é este? É o Dictame da instrumentalización unha vez máis do Partido Popular, da institución da soberanía para que sirva ós intereses do

executivo. Porque hai mala conciencia, senón houbera mala conciencia investiguemos, vaíamos a Bemposta e se nos equivocamos e se hai decisións que din que a acollida é legal, recollámolo; se hai decisións que din que non houbo malos tratos, recollámolo. ¡Non, non! O problema é que o Partido Popular funciona en clave de partido único. Non hai posibilidade de emendar os erros cometidos no pasado.

Este dictame, señoras e señores deputados, somete a unha degradación á institución parlamentaria probablemente como non houbo no pasado. Estamos facendo un dictame que –insisto– contradí sentencias xudiciais, oculta feitos relevantes, métese tanxencialmente noutros que non eran, denigra coas textualidades do que se propón institucións básicas do noso país como é o Valedor do Pobo e, desde logo, pretende única e exclusivamente seguir votando cizaña sobre unha institución que está claro cal é a súa situación.

Nós tiñamos que responder *grosso modo* a tres cuestións na Comisión: acollida ilegal de nenos. Si, non, ou non podemos chegar a ningunha conclusión, ¿verdade?

Segunda cuestión: malos tratos, isto en relación co proxecto educativo: si, non, ou non podemos chegar a ningunha conclusión.

Relación causa-efecto entre a Xunta e todo o ocorrido: si, non, ou non podemos chegar a ningunha conclusión. Non hai máis e se se quere despois outros aspectos do proxecto educativo, puidemos ou non e a que conclusións chegamos.

Acollida ilegal de nenos: a policía, a Administración central e un xuíz din que entraron con visado de tipo D, legalmente. Non se recolle no Dictame ¿por que? Hai que seguir sementando dúbidas.

Malos tratos, agás a intervención desa señora que efectivamente intervéen desde alá cun escrito que non deberíamos considerar e da Fundación Bernard Van Leer que curiosamente vai a Bemposta e deduce que hai malos tratos de cousas –e aquí apelo ós deputados da provincia de Ourense do Partido Popular que o saben perfectamente– cousas tan pintorescas como que Bemposta fai moeda, ou que os rapaces participan en asembleas e poden estar instrumentalizados e dun

problema que se produce nun comedor cunha nena para comer, diso deduce que hai malos tratos.

Curiosamente tódalas administracións, o conselleiro, incluso comparecentes que foron ó fiscal din que non hai malos tratos, o xuíz tamén o di e o propio fiscal que ten tódolos datos no seu poder pide o arquivo da denuncia por malos tratos. E aquí veremos ó portavoz do Partido Popular dicir que no dictame eles non recollen que haxa malos tratos, pero é que había que recollelo que coas bases que tiña a Comisión non hai base ningunha para dicir que haxa malos tratos, porque ademais eu convídoos a que lean o dictame do Partido Popular e verán como o que traduce non é, non se di textualmente houbo malos tratos, pero a impresión que el traduce e que hai base para pensar que si os houbo e esta é a ambigüidade na que se move o Dictame para seguir botando lixo sobre a institución de Bemposta.

Nisto, ¿que é o que se pretende con esta actuación? Nós estamos convencidos de que o que se pretendeu con todo iso foi, efectivamente, con todo isto –e hoxe hai xa máis probas que nunca– dobrar o espinazo do fundador de Bemposta que non quería entrar polo aro de aceptar un proxecto da Xunta porque tiña un documento notarial. ¡Dobrar o espinazo!, si señor. A Xunta antes de entrar aquí a encefalopatía esponxi-forme bovina xa tiña decretado que o espinazo do fundador de Bemposta era material específico de risco e había que o dobrar, porque era unha vontade que non se pregaba a unha decisión política da Xunta, porque tiña documentos que así o acreditaban e iso é o que ocorreu.

Por iso nós fixemos un traballo na Comisión extenso e intenso, fomos os que presentamos un plano de traballo, intentamos que a documentación estivese en tempo e forma, intentamos posteriormente xirar visita a Bemposta, fixemos dous tipos de dictame para intentar, incluso, chegar a que o Partido Popular aceptara algunhas das cousas básicas. Un que recolle fundamentalmente –ó noso xuízo– o que ocorreu na Comisión e outro que intentaba emendar parcialmente cada un dos aspectos que –ó noso xuízo– son degradantes para esta institución e que están recollidos no Dictame do Partido Popular.

Todo foi inútil, e eu convido a tódolos deputados que están nesta Cámara, que lean o dictame elaborado como alternativa por parte do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha memoria onde se recolle o ocorrido, hai un relatorio de feitos que convido ó representante do Partido Popular a que saia a esta tribuna, a que un só do relatorio de feitos que describe o Bloque Nacionalista Galego sexa contradito e, polo tanto, desde relatorio de feitos nós chegamos a unha conclusión e avaliación que é a seguinte: houbo unha campaña, efectivamente, para dobrar unha vontade política, a vontade de Bemposta, unha campaña para intentar que claudicara a un proxecto político que intentaba impulsar a Xunta e pasaba pola ocupación duns terreos no seu día vendidos pola institución. E ante iso non se reparou en ningún tipo de barras, métodos e manobras para facelo.

Fíxense vostedes que chegaron ó extremo no Dictame de imputarlle ó padre Silva unha campaña de descrédito. Dise textualmente, unha campaña exactamente que o problema é cando o padre Silva chama ó fiscal e inicia unha campaña de descrédito das institucións, mediática, exactamente. Fíxesen vostedes, a Xunta o que quería era que despois de todo ocorrido, dicíndolle que estaba traficando ilegalmente cos nenos. A Xunta dicíndolle que tiña malos tratos que o padre Silva, como dicíamos antes, dobrara o espinazo, pois iso recóllese no dictame.

E, por suposto, para xustificar que non hai relación causa-efecto, voulle ler tres perlas do dictame que evidencian como o Partido Popular non sabe como xustificar o asunto e ten que buscar os argumentos de *perogrullo*. Din ó principio: “polo tanto, a propiedade dos terreos non ten nada que ver con outras consideracións respecto de Bemposta como institución, da estadía de menores nesa institución e a normativa legal sobre a estadía de nenos e nenas estranxeiros no territorio español”. Como se nos din: é que van construír un terreo de fútbol verde e o verde non ten nada que ver coa estadía de nenos, o problema non está situado aí señores, o problema está situado na negativa de Bemposta a un proxecto que quere impulsar a Xunta e a partir de aí como se desencadea toda unha campaña onde se recorre a todo: a tráfico ilegal de nenos, a malos tratos. Claro que a propiedade dos terreos non ten nada que ver co proxecto educativo, e esa é a conclu-

sión que despois lles permite ós señores do Partido Popular dicir que non hai relación causa-efecto.

Eu insisto, lean vostedes o dictame do noso grupo e verán que hai un relatorio de feitos que levan inescusablemente a entender que ou a señora conselleira de Familia se volveu tola –e nós pensamos que non se volveu tola– ou en realidade foi un dos brazos executores de toda esta campaña de información. A única relación que tivo con Bemposta foi a relación a través do fiscal. Traducíndolle anónimos cando falamos de acollida ilegal de nenos, traducíndolle anónimos que incluso alterou porque o anónimo non fala da acollida ilegal de nenos, alterou, e tradúceos ó fiscal, fala de que veñen a unha institución que ó mellor non é a máis adecuada, e ela traduce esa denuncia en acollida ilegal de nenos.

Curiosamente cando a policía, a Subdelegación do Goberno e a Administración central en decembro dese mesmo ano, e en xaneiro, posteriormente, dille que veñen con visado de tipo D, iso non llo manda ó fiscal, deixa seguir tramitando a denuncia, oculta. A relación con Bemposta é a través da fiscalía e iso que se trata dun proxecto educativo financiado pola Consellería de Educación, un proxecto educativo concertado, e a relación coa fiscalía non só é para acollida de ilegal, senón tamén para o tema de malos tratos. Recibe un anónimo de malos tratos e unha denuncia dunha fundación estranxeira sobre un proxecto educativo con valoracións tan pintorescas para os que coñecemos Bemposta como as que dixen antes e convida á fundación a que vaia ó fiscal.

Ela non move, a consellería non move nin un só dedo para abrir unha investigación en Bemposta, para falar con Bemposta para ver se é certo ou non. Iso si, ten unha relación privilexiada cun dos axentes instigadores que non quixo comparecer no Parlamento, a señora Marisa de Martínez. Envía un anónimo alguén desde Ourense, o día 24 de marzo, señora conselleira, con mataselos, enviouse á consellería o anónimo e o 26 con fax de saída da consellería teno a señora Marisa de Martínez no Salvador. É dicir, a administración galega estalle transmitindo un fax a un particular cun anónimo que denuncia malos tratos en Bemposta e coa institución Bemposta nin fala, ¿vostedes entenden o que está ocorrendo neste asunto? Pintoresco.

A relación da consellería con Bemposta foi exclusivamente a través da fiscalía e a estas alturas do asunto ou temos que pensar que se volveu tola ou efectivamente a única conclusión posible é que houbo unha relación causa-efecto e foi a man executora de toda unha política, que non sabemos se alcanza a outros responsables, pero no caso dela témolo clarísimo, a man executora dunha actuación política que intentou o acoso e derrubo dunha vontade política non sumisa.

E remato, señor presidente. Gustárame, efectivamente, entrar polo miúdo nas emendas particulares que evidenciarían ata que punto o dictame que se nos presenta converte a este Parlamento nun auténtico esferpento e degrada á institución parlamentaria convertendo este acto nunha auténtica indignidade.

Non deberíamos –e remato, señor presidente– aprobar este dictame. Este dictame só ten unha explicación, a resposta dun partido, dun grupo que se equivocou, que pensou que tódalas vontades se poderían dobrigar, que *o estás conmigo, o estás contra mi*, aplicou esa filosofía no caso de Bemposta e atopouse neste caso cun cidadán que ten creto na sociedade, que ten mecanismos de defensa, que ten coñecementos e que ten unha emisora pública para dar coñecemento á sociedade do que ocorreu e do presunto intento de acoso e derrubo.

Volvo repetir o que xa dixen nunha ocasión desde a tribuna, a nós métenos medo que terá ocorrido en cincuenta mil casos máis con cidadáns normais que non teñen o coñecemento, o crédito social e o poder que ten unha emisora pública para defenderse dun acoso e derrubo por parte da Xunta de Galiza. Mete medo, neste caso, o seu comportamento, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Castro García polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Das intervencións dos señores portavoces que me precederon no uso da palabra, tírase unha conclusión preliminar. Se ben é certo que pertencen á Comisión,

non estou seguro que asistíramos ás mesmas sesións de comparecencia. Non me parece que manexáramos a mesma documentación. Nos tres grupos da oposición aparecen nidiamente definidas unhas posicións non froito da análise da documentación achegada polas institucións nin do estudio do que manifestaron os comparecentes.

Estou convencido, señor presidente, que cunha rolda de comparecentes ou cunha ducia delas, con 18 comparecentes ou con 118 comparecentes, os votos particulares, que non emendas parciais, señorías, os votos particulares, as emendas parciais quedaron rexeitadas en Comisión, a ver se nos enteiramos a estas alturas das normas que regulan esta Comisión, porque hai algún que aínda non se enteirou; pois ben se isto ocorre así, fan ser os mesmos, cunha ducia ou con 118 comparecentes.

Posiblemente, para disgusto dos que me precederon no uso da palabra o dictame elaborado polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia é un documento sinxelo, sen grandes pretensións, pero, iso si, claro e concreto, exposto en sentido positivo, que non vai contra ninguén, que tenta –e iso gustárame subliñar claramente– que tenta salvagardar os intereses dos menores a costa do que sexa, señorías, por riba de persoas e de institucións.

Nós non lle prometemos a ninguén ningunha posición determinada, ningún comportamento previo, non sei se outros o fixeron pero dá toda a impresión, evidentemente. Porque señorías, as nenas e os nenos, son o que hai que protexer, o que hai que coidar, polos que nos debemos preocupar, e neste punto quero que pensen as súas señorías, –que pensemos todos– nas nosas fillas e nos nosos fillos para comprender isto que estou a dicir con toda claridade.

Quixera dicir como cuestión previa, que a *Ciudad de los Muchachos* foi fundada o 15 de setembro de 1956 por Jesús César Silva Méndez. Un crego, un artista, un pintor, un bohemio, un utópico, como se cualifica a si mesmo, inspirado nas palabras evanxélicas que din: “Deixade que os nenos se acheguen a min”, algo certamente digno de louvanza e de consideración. Pero non é unha idea nova neste mundo, o precedente Bemposta Ourense teno como referente a chamada *Boys Town*, Cidade dos Muchachos, funda-

da polo reverendo Edward Joshep Flanagan, no ano 1917 na cidade de Omaha, Estado de Nebraska, conlindante con Iowa no centro xeográfico de Estados Unidos. Tamén o padre Flanagan tiña un circo como base para recadar fondos, tamén o padre Flanagan. Se ben o padre Silva comeza con aquela famosa operación Trapabocha: trapos, papeles, botellas, chatarra, cos que os ourensáns colaboraron de xeito desinteresado e entusiasta nos primeiros tempos da que hoxe coñecemos como Bemposta.

Antes de pasar a outras consideracións, señor presidente, neste intre, gustárame subliñar con absoluta rotundidade o noso recoñecemento ó labor de Bemposta durante moitos anos a prol de nenos desfavorecidos, a prol de nenos con dificultades, a prol de nenos con algún tipo de problema. Ninguén ten o monopolio nas valoracións positivas sobre Bemposta, ninguén o debe ter. Señorías, ese foi sempre o tipo de nenos que maioritariamente pasaron por Bemposta, aínda que o fundador, na Comisión, parece que perdeu a memoria histórica da institución por el creada.

Alonxados no tempo quedan aqueles momentos nos que nenos ourensáns e galegos atopaban agarimo en Bemposta. Hoxe Centroamérica, norte de África, Rusia, Portugal, etc., son as orixes dos menores que se albergan na institución. E xa recoñecemos e recoñeceremos perfectamente o que recomendan as ONG, que non se desvincule ós menores, que non se lles prive das súas familias, da súa cultura, dos seus países e da súa orixe. A nosa preocupación ten que ver con ese tráfico de nenos e nenas desaconsellado polos que viven a realidade infantil de preto.

Como lle dicía, señorías, o dictame aprobado en Comisión, que neste Pleno vai ser aprobado polo Parlamento de Galicia, non polo Grupo Popular, a ver se algún se enteira do que aquí se debate, do que aquí se aproba: as leis, as resolucións, as proposicións non de lei, os proxectos de lei, etc., apróbaos a Cámara, non os aproba tal ou cal partido, señorías. Está claro paréceme a min, agás algúns que se queiran esquecer desta cuestión.

Pois dicíalles que este dictame quere ser reflexo da análise das comparecencias e da documentación recibida na Comisión que no Grupo Parlamentario Popular analizamos con rigor, seriedade e obxectivi-

dade. Para nós nada resulta irrelevante, alá dos que tomen posicións partidarias a costa do que sexa, parciais e alonxadas da realidade, valoramos as afirmacións dos comparecentes, por suposto do padre Silva, e sen lugar a dúbidas especialmente a documentación remitida por Bemposta porque aquí tamén parecen esquecer que aquí Bemposta non remitiu nada. Claro eu sei que a algúns non lles gusta moito estudar, ese é o problema, non se enteiran do que a propia Bemposta quere que nos enteiremos de cal é o seu proxecto, de cales son as súas ideas, de cales son as súas cousas.

¿Por que os grupos da oposición traen a petición de Comisión de investigación a este Parlamento? ¿Por que amosan posicionamentos dispares? aínda que xa verán vostedes como mutuamente votan a favor dos seus dictames uns doutros. A explicación deuna na Comisión o padre Silva e cito as súas propias palabras: “O Partido Comunista na clandestinidade, reuníase na casa de miña nai na Bemposta primeira” –señor Pazos non me mire vostede con asombro, vostede verde por fóra e vermello por dentro como as sandías– Sigo coa cita: “o Partido Socialista xuntábase na biblioteca de Bemposta, o primeiro discurso de Beiras, o primeiro mitin, deuno na igrexa de Bemposta, era lóxico que se recordase e aínda que o esqueceron cando estiveron no Goberno tripartito, central e municipal nalgúns anos en Ourense, neste momento viñeron pagar un título de honestidade”. Fin da cita das palabras do fundador de Bemposta. Esta é, señor presidente, a explicación. O padre Silva o benefactor de vostedes, o que en Comisión lles chamou señorías amigas –non o esquezan vostedes– pediulles o pagamento do favor, e vostedes envorcáronse na Xunta, evidentemente, “*es de bien nacidos el ser agradecidos*”

O 21 de xaneiro de 2000 o padre Silva afirmaba nos medios de comunicación: “...*es lógico que cualquier partido político que quiera enfrentarse como la oposición utilice como arma arrojadiza nuestra causa para conseguir votos*”. Estábaos animando a vostedes por se se volvían atrás. Velaí señorías a clave das motivacións da oposición do Parlamento de Galicia, houbo entre vostedes un pacto: imos desgastar ó Goberno e imos repartir os beneficios do desgaste alicuotamente, entre os tres partidos da oposición. Os menores, a súa estadía, as súas dificultades de adaptación, os seus problemas, para vostedes son asunto secundario ou

terciario, para vostedes o obxectivo prioritario é o intento de desgaste do Goberno.

Quixera, señor presidente, apuntar sobre a marcha algunhas consideracións que me parecen fundamentais e que son as claves de todo o asunto que recolleemos nas conclusións, evidentemente, do dictame emitido polo Grupo Popular. Os terreos, ofertados a título persoal e vendidos por Jesús César Silva Méndez, non pola institución de Bemposta, en 1984 por 82 millóns de pesetas, sen cláusula resolutoria ningunha, libres de toda carga ou gravame para quen compra. Como o comprador non é un particular, nin é unha inmobiliaria, a Xunta aduce que neses terreos fará unhas vivendas de protección pública, que licitou por dúas veces quedando os concursos desertos. Vostedes mesmos recoñéceno nos seus votos particulares, recoñecen esta realidade, quedaron desertos. Non sei se é que a punta de baioneta había que obrigal a que se construíran as vivendas de protección oficial. Non é imputable –como dicimos no dictame– esta circunstancia á Xunta; iso si, rexistralmente o padre Silva recoñece que os terreos son da Xunta e non vou ser eu quen o contradí neste punto, señorías, non vou ser eu.

Quixera que reparasen nun aspecto fundamental. Cando se formaliza a venda diante de notario, ó día seguinte 12 de xuño de 1985, o padre Silva declara nos medios de comunicación, textualmente: “*Gracias a la Xunta Bemposta no tendrá que irse de Orense*” Fíxese que non di isto que vou dicir agora, non o di: “*Gracias a la Xunta por fin van a poder construírse en Bemposta vivendas sociales*” non o di, di: “*Gracias a la Xunta no teremos que marchar de Ourense*”, quizais porque naturalmente, señor Rego, o obxectivo non eran as vivendas sociais, era outra cousa ben diferente. Desde logo, o Proxecto Dragados, abandonado, implicaba a construción de chalés para *bemposteños*, non vivendas de protección oficial. ¿Por que se abandonou o proxecto? ¿Por que Dragados non seguiu con aquela historia? Teran que explicalo vostedes, evidentemente, que diso algo deberán saber.

Reparen as súas señorías que cando un concello conveniase coa Xunta unha determinada obra, xa sexa un colexio, un centro de saúde, un centro cultural, unha Edal, etc., a institución municipal pon a disposición os terreos, a Xunta constrúe a obra civil, e os

equipamentos e o mantemento queda a cargo da institución municipal. Pois ben, se o obxectivo principal era ese, ¿por que, ademais de construír a Xunta vivendas sociais, tiña que darlle 82 millóns de pesetas á institución? señorías, ¿Por que? ¿Habería que neutralizar algunha débeda pendente? ¿Algunha nefasta xestión económica? Non o sabemos. Pero si é así, non fagan vostedes fincapé no das vivendas que xa ven que o padre Silva non o fai, nin entón nin agora, como tentarei demostrar despois.

Señor Barreiro, pero disto sabía máis o señor Carreño que recibiu a carta solicitando que se lles mercaran os terreos, etc. Vostedes tiveron na Comisión ó señor Carreño preguntáronlle o que lle quixeron preguntar, claro oíron o que non querían oír, seguramente, logo entón, claro, agora que veña o señor Barreiro ver a cuestión.

Estadía de menores. Logo da Circular 23 de tres ministerios, a Consellería de Familia elabora a Circular número 1, nove meses antes do Mitch, –furacán que asola centroamérica– circular que coñece perfectamente o padre Silva, a consellería cumpre coas súas obrigas explicando que a acollida temporal precisa da conformidade dese departamento da Xunta e non negarán vostedes esta cuestión, supoño, que é máis que evidente.

Fan vostedes fincapé na lei de estranxería, especialmente no permiso para estudos visados do tipo D. E aquí queríamos chegar, señor Suárez Canal, que é especialmente belixerante, tanto en Comisión como desde esta tribuna hoxe, nesta mañá de Pleno.

Eu dígolle, señor Suárez Canal, se os menores viñeron legalmente, se a regulación desa chegada está perfectamente tipificada, ¿sería tan amable o señor Suárez Canal –e os demais se queren, pero especialmente vostede señor Suárez– de explicarnos porque o que se declarou amigo de vostedes, o padre Silva, formulou en Ourense diante das autoridades competentes, a petición de asilo político deses menores que segundo vostedes estaban legalmente con permiso por estudos en Bemposta? ¿Quere vostede explicar isto desde esta tribuna? O pedimento de asilo deses menores, que segundo vostedes estaban legalmente, ¿quere explicalo? ¿Quere explicar a santo de que esa lamentable manipulación duns nenos en nome de non sei

que intereses espurios pedindo asilo político en Ourense?

Algo non encaixa nesta historia, señor Suárez. Ou non estaban legalmente en España e a algún fenómeno ocorrúselles a idea do asilo político, ou se estaban legalmente a manipulación é rexeitable desde tódolos puntos de vista e eu agradecería moito que cando suba vostede a esta tribuna o recoñeza aquí publicamente. Que houbo manipulación dos nenos de Bemposta nesta historia, señor Suárez. Atrévase vostede a dicir que non, porque ¿que foi primeiro, os nenos ou os visados tipo D? O padre Silva acostuma a dicir, primeiro quero o neno, despois o colchón que lle fai falta, despois o cuberto e a comida. Neste caso, ¿que foi primeiro, señor Suárez, o neno ou o visado? ¿Que foi primeiro, señor Suárez? Explíqueo.

Indubidablemente o cónsul do Salvador, falou do bochornoso espectáculo de pedir o improcedente asilo político de dez menores do Salvador. ¿Lembrao, verdade? Desde logo desde o noso punto de vista, un insulto a ese país.

“Ourense, cara ó novo milenio”, a película, señor Rego, en color, Panavisión, ¿recorda? Xa temos escoitado os obxectivos lexítimos do Goberno democrático municipal de Ourense, e este proxecto non ten nada que ver nin cos menores, nin con Bemposta, nin coa conselleira aquí presente, nin co furacán Mitch. Ourense quere medrar como cidade cara ó Couto, ampliarse cara alí. Hai unha decisión política, democrática lexítima de construír vivendas de protección pública, un edificio administrativo que concentre os desperdigados pola cidade de Ourense, un parque público, un aparcadoiro... A vostedes, señores socialistas e nacionalistas que non fixeron nada en Ourense en moitos anos, moléstalles este proxecto, moito.

Todo isto choca co actual estadio de fútbol que hai que trasladar, evidentemente, un estadio de fútbol suponse que é ordinario, señor Rego, non un gran campo de fútbol. Suponse que ten as medidas regulamentarias, señor Rego, porque vostede aquí fixo un gran esforzo para dicir que era un gran estadio de fútbol, será non máis grande que o Nou Camp ¿verdade? non máis grande que o Bernabeu, supoño. Búscanselle lugares e xorden os terreos de Bemposta.

Escrito de queixa anónimo. A respecto deste asunto nós desde o Grupo Popular, queremos afirmar que os verdadeiramente importantes son os menores. Xa sabemos que isto a vostedes preocupalles bastante menos, sabemos que algúns lavan as mans como Pilatos. Eu dígolles que cando hai menores de por medio non se pode mirar cara a outro lado, non sei se vostedes, pero o Goberno de Galicia non mira cara a outro lado. A metodoloxía para investigar se había, houbo, pode haber, habería, dexiaría de haber o que sexa, onde sexa, comportamentos anómalos con menores; esa metodoloxía digo, impórtanos menos que o intento de atallar eses comportamentos anómalos caso de que os houbera.

Nós no dictame non dicimos que os houbo, señorías, son vostedes os que afirman que non os houbo que é ben diferente. Sabemos o que dixo o Valedor, certo, escoitamos que só se movería, só se moveu, porque o escrito de queixa viña desde o Defensor del Pueblo de Madrid, só se moveu por iso. E eu preguntado, ¿e se as hipotéticas queixas fosen certas? ¿E se houbera algo? ¿Como lle quedaría o corpo o que sen investigar tirase ó lixo dos papeis o escrito anónimo? ¿Faría honra ó seu nome e á súa función que actuase así? Xa sabemos que vostedes non dan por válidos os anónimos, evidentemente.

O teléfono do menor que recolle chamadas queixándose non serve absolutamente para nada, ¿quere *ergo* iso dicir *que sigan los maltratos cuando los hay*? O teléfono que permite saber se hai maltratos en señoras que unha veciña que non se quere comprometer porque a van chamar pero que detecta certas historias cando fai unha chamada anónima non serve para nada, *sigan las historias sin controlar*. O teléfono da policía que permite que un cidadán poña sobre a pista certos movementos anómalos, non digo onde, nin cando, nin como, tamén é non válido para vostedes.

Recole o señor Suárez parágrafos dunha sentenza xudicial no seu dictame, e eu tamén quero recoller algúns aínda que non os poñemos aquí, por delicadeza, señor Suárez, que quede claro, pero vostede leunos coma min: "*Creemos necesario poner de relieve la conducta de obstrucción de la investigación llevada a cabo en Bemposta y por su director quien de una forma terca, recalcitrante y actuando con evidente deslealtad y mala fe procesal...*". (Interrupcións.)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor, non interrompan.

O señor CASTRO GARCÍA: "...*Asumiendo una conducta impropia de una persona encargada del cuidado y de la educación de los niños, trataron en todo momento de impedir que la persona imputada de malos tratos pudiera ser identificada por la autoridad judicial*". ¿Que se quería ocultar, señor Suárez, aínda que sexa o fiscal o que investiga? ¿Que se quería ocultar en Bemposta, señor Suárez, dígaos desde aquí? Con esa famosa confusión *de los Antonios*, diga vostede o que se quería ocultar. Porque Bemposta non deu facilidades para isto, non era ela a máis interesada en clarexar as cousas, señor Suárez, conteste vostede desde aquí, que é o que quería ocultar Bemposta. "*La investigación podría haber concluido en tres o cuatro días pero duró de mayo a septiembre, por la conducta premeditada de ocultación llevada a cabo por Bemposta y Jesús Silva, respondiendo a un desconocido designio que no comprendemos como no sea el de aparecer en situación de víctima y de perseguido ante la sociedad, con el fin de buscar un apoyo popular para la institución que preside*".

Sen comentarios.

Marisa de Martínez. Hai certificación do padre Silva para que María Luisa D'Abuison de Martínez sexa a embaixadora plenipotenciaria de Bemposta no Salvador. Mentres isto vai así, vai ben, reúnese coas familias, preséntalles ó padre Silva, fórmúlalle dúbidas sobre o proxecto Bemposta, sácanlle o compromiso dos gastos de volta dos nenos de Bemposta cando se produza ese momento. Falan dos adultos que supervisan ós menores, falan do persoal especializado, dos psicólogos, pedagogos, claro fálalle dos adultos, pero se vostedes leron a documentación, saben que Bemposta, asome como propio que os adultos son os que teñen 16 anos, supervisión de adultos de 16 anos sobre nenos, nenas de 13, 14, 15 anos. ¿Como é que deixa de ser heroína para pasar a ser a *villana* esta señora? Cando os nenos chaman as súas nais dando queixas, as nais pídenlle explicacións a Marisa, que era a valedora diante de Bemposta, ela asumira un compromiso diante das nais, fai chamadas, manda fax a Bemposta, hai certificación documental desas chamadas, e as súas chamadas empezan a ser molestas en Bemposta. Por iso contacta con Hermitas Fernández e

coa Fundación Van Leer, vaian vostedes que están máis preto e miren que pasa con eses nenos do Salvador. Despois xa sabemos que pasou o que pasou.

Falan vostedes –e xa termino, señor presidente– de acoso e derrubo, de desprestixio, escoiten algunhas perlas. *O padre Silva dió al fiscal un convenio de acogida distinto al que firmó con Lendoiro*, non sei quen prestixiaba a quen, e quen se desprestixiaba. Bemposta di que *el fiscal del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia está al servicio do pelotazo urbanístico...*

O señor PRESIDENTE: Remate, señor deputado.

O señor CASTRO GARCÍA: –remato, señor presidente–.

...los niños que se encuentran en Bemposta tenían que venir a España por encima de legalismos, pasándose polo arco a lei que existe en España, especialmente en Galicia.

Señor presidente, non me queda máis tempo, seguiremos na segunda rolda aclarando algunhas cousas moi interesantes.

Máis nada, señor presidente e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Castro.

Réplica por parte do Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías.

Dende logo, xa o intuía eu antes. Evidentemente, hai posicións parlamentarias que non calquera está capacitado para defender, e aí pódese –como xa dicía– pódese entender o cambio apresurado do portavoz do grupo maioritario porque desde logo posicións como as que acaba de defender o señor Castro hai que ter moito estómago para vir aquí defendelas.

Porque ademais utiliza como primeiro argumento que o que ten como obxectivo fundamental o Grupo Popular, ó presentar este dictame, é salvagardar os intereses dos nenos. ¡Aí é nada! En nome desa salva-

garda dos intereses dos nenos séguense a manter dúbidas, séguense a manter acusacións que sentencias xudiciais demostraron que eran falsas, ¿para salvagardar os intereses dos nenos? non, para salvagardar os intereses da Administración que cunha actuación repugnante politicamente, de abuso de poder, acosou e perseguiu a unha institución como Bemposta.

Hai manipulación, señor Castro, por suposto. Hai manipulación dos nenos, por parte de quen defendeu este dictame, por parte de quen o elaborou e eu non sei como se pode acusar a tres grupos diferentes de ter posicións previas ós traballos da Comisión de investigación cando é total e absolutamente o contrario, tan previa é a posición do Grupo Popular ó presentar este dictame que nin sequera ten en conta as sentencias xudiciais. Non importa, hai sentencias xudiciais en casos claros, traslado de nenos, legal, séguese mantendo que é irregular. E en canto a inexistencia de malos tratos non se quere falar do tema, cando é unha das acusacións fundamentais e un dos obxectivos da Comisión era, se fose o caso, que o é, repoiñer o bo nome dunha institución que foi publicamente, non en privado, publicamente vilipendiada.

A respecto dos anónimos, señor Castro, de verdade, se a Consellería de Familia, se a conselleira de Familia puxese o mesmo ímpeto que puxo en tramitar anónimos en investigar á CEG algo máis teríamos avanzado neste país, niso non se pon ímpeto ningún. En tramitar anónimos si, non en investigar, en buscar un camiño vía Madrid para que poida chegar ó Valedor do Pobo, e ó mesmo tempo en publicitalo, claro. Isto non se fai tranquilamente e en segredo, non, publicítase ó mesmo tempo para soltar lama sobre o nome dunha institución. E iso todo no nome dos sagrados intereses dos cativos. Vostedes, señorías, están manipulando totalmente ós cativos.

Desde logo, manter no dictame propostas contrarias ás sentencias, ¿como lle chama vostede, señor Castro? Cegueira política, vai moito máis aló. Señorías do Grupo Popular, deberan todos vostedes e todas, ver ben que é o que se lles vai poñer a votación, deberan ter lido –supoño que o farían, as súas conciencias así llo pedirán– esta proposta de dictame que segue mantendo acusacións, segue vertendo dúbidas sobre aquilo que está clarísimo mesmo en instancias xudiciais, claro que para iso hai que ter moito estómago.

Señor Castro, pois mire, de verdade, eu non sei se o PC na época da clandestinidade se reunía en Bemposta, non o sei. O PC reuníase en moitísimos sitios, por desgracia, en moitísimos sitios, outros reuníanse nos locais da Falange e non tiñan que esconderse ou xogaban ó ping-pong nos da OJE, tranquilamente, o PC tiña que reunirse en moitos sitios pero sospeitar por iso, se fose certo, que o padre Silva xa daquela sabía que anos despois lle ía vir enriba unha campaña de desprestixio e entón deixáballo o local ó PC para por se acaso logo, os seus herdeiros ideolóxicos, vermello por dentro e por fóra, señor Castro, tiveran que defendelo, iso xa é moito supoñer.

Vostede instalouse no delirio, na ficción, para aca-
dar o que era obxectivo fundamental do seu grupo ó
aceptar esta Comisión, ó manipulala, ó eivala, ó impe-
dir o seu funcionamento correcto. E o obxectivo fun-
damental non era outro que xustificar unha actuación
anómala, totalmente anómala, da Administración ga-
lega contra unha institución.

E chega vostede a negar aquí, no colmo do descaro
político, que exista ningunha cláusula na estrutura de
venta do terreo. Pero ¿como? Se xa aquí en debates
previos á constitución da Comisión deuse lectura a
esa cláusula onde se especificaba total e clarísima-
mente que o obxectivo da venda deses terreos era a
construción de vivendas sociais ¿Como vostede nega
agora a existencia desa cláusula? E que se esa cláu-
sula non existise non existiría o contencioso, que está
agora mesmo en proceso xudicial, sobre se a Xunta
ten dereito ou non...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS VARELA: ...a cambiar a finali-
dade deses terreos, non estaría no xulgado, ninguén
lla quitaría.

E agora mesmo, vostedes mesmos están propoñen-
do outros terreos alternativos por se a sentenza non
lles é favorable. Senón existise a cláusula non debería
haber dúbidas, non debería haber proceso e todo isto
non tería existido.

Vostedes van votar, non o vai votar este
Parlamento, vaino votar o seu grupo, un dictame que
fixo o seu grupo –supoño que nun día de calentura

política– que fixo o seu grupo e que o seu grupo lle
vai impoñer, total e absolutamente a esta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, re-
mate.

O señor PAZOS VARELA: ...e a toda a cidadanía
galega, que nisto como noutras cousas non se vai dei-
xar enganar.

O prestixio de Bemposta está por riba das insinua-
cións, das afirmacións malévolas totalmente do señor
Castro.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor
Pazos.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo
Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias,
señor presidente.

Señorías, xa saberán vostedes as poderosísimas ra-
zóns polas que o señor vicepresidente primeiro non
quería que se filmara nada aquí. Xa o saberán voste-
des porque a intervención do señor Castro, sabía el
perfectamente que os cidadáns e cidadás de Ourense
tiñan moito interese en vela integramente, é tan cons-
tructiva, é tan defensora dos nenos, é tan defensora
das políticas do menor, que os cidadáns de Ourense
estarían encantados de vela, ¿por que vostedes preten-
den privarllo? ¿que vexan o que vostede dixo aquí!
que é moi constructivo, mesmo moi aleccionador,
mesmo o que vostede dixo do famoso “Ourense cara
ó novo milenio” e do mapa que segue vostede empe-
zando..., de momento o mapa, e que segue ensinando,
porque non hai ningunha cuestión, ningunha outra
cuestión, señor.

Ese élle o principal problema, “Ourense cara ó no-
vo milenio”, porque ata que apareceu iso, señor porta-
voz do Grupo Parlamentario Popular, neste caso, non
existían problemas en Bemposta. O padre Silva trata-
ba ben os rapaces, non había malos tratos, o proxecto
educativo era o mellor do mundo, non había proble-
mas. Cando apareceu iso é cando a señora conselleira
de Familia empeza a ver problemas en Bemposta,

desmentidos, por certo, polo señor conselleiro de Sanidade, oportunamente, como non podería ser doutro xeito, en aras da responsabilidade que ten.

Polo tanto, señor Castro, vostede veu aquí dicir e defender un informe que é o que vostedes tiñan predestinado como principal argumento de defensa da actuación do executivo de algo que, afortunadamente, foi incapaz de cumprir; dobregar Bemposta, porque non é fácil; e non lle é fácil polo arraigo social que ten, e polo apoio social que ten, e do que vostedes por fin se deron conta. Pensaron que non, estaban perfectamente trabucados. E vostedes teñen outro problema ademais con Bemposta e é que Bemposta ten un medio de comunicación que vostedes non controlan e iso vostedes lévanno mal. Esas cuestións vostedes lévanas mal.

A vostede, señor Castro, polo que dixo aquí, dá a sensación de que lle importa bastante pouco o que pasara cos nenos en Bemposta, e á señora conselleira tamén, porque non lle importaba antes, para nada, ¿onde están os informes da consellería destes últimos dez anos do que acontecía en Bemposta? ¿Ou é que en Bemposta non había nenos nestes últimos dez anos? ¿Empezou haber nenos en Bemposta cos procedentes do Salvador? Non.

Por certo, señor Castro, quen di que viñeron legalmente e que estaban legalmente en España é o Ministerio de Asuntos Exteriores, non se equivoque vostede, é o ministerio, é o propio Ministerio de Interior quen di que están legalmente en España. Ten vostede a documentación na Comisión, a señora conselleira, parece que tampouco a viu, porque neste caso, a señora consellería ve nada máis o que lle interese ver, como máxima instigadora do ataque a Bemposta, como demostra señora conselleira a súa actuación no bloqueo e no boicoteo ó convenio que Bemposta tiña asinado coa Deputación da Coruña. É vostede quen o bloquea e quen o boicotea.

Por iso eu quero establecer unha relación entre vostede con responsabilidade exclusiva en políticas do menor, da infancia, da adolescencia no noso país, e o señor Silva, hai que establecela. Vostede sería capaz de poñer ó servizo da nenez, ó servizo da infancia, ó servizo dos nenos, da defensa dos intereses dos nenos, o seu patrimonio, a súa dedicación persoal como

a puxo o señor Silva toda a súa vida. ¿Sería capaz vostede de facelo? A diferenza entre vostede e el, e que mentres el fixo iso toda a súa vida, vostede con responsabilidades de Goberno, señora conselleira, ¿que fai? ¿Que fai vostede? Escatimarlle recursos públicos ós menores do noso país dentro das súas competencias, mentres tanto os gastan en campañas de publicidade e propaganda de exaltación da súa figura política e persoal que cada vez é máis difícil de facer. Ese é o problema, señora conselleira, esa é a diferenza.

Por iso vostede vai a un ataque duro cara a Bemposta ¿a través de quen? Primeiro, a través de tódalas institucións que vostede poida manexar na área de Goberno. Indubidablemente á Consellería de Educación á que vostede chega con absoluta facilidade e todo o que vostede representa. Non parece que fose así co tema da de sanidade, e con aquelas institucións do seu contorno que vostede subvenciona e financia porque senón xa saben o que lles queda. Ese é o ataque que vostede lle propón, procédelle a Bemposta e claro á Deputación da Coruña, ó actual presidente e algúns outros. Ese é o problema, señora conselleira.

Polo tanto, vostede que fala de responsabilidade e permítelle ó portavoz do Partido Popular que acuse ós membros da oposición de que non nos importan os nenos cando vostede sabe perfectamente que para sacar para adiante este informe houbo que ampliar a Comisión porque vostedes empezaron cun portavoz desta Comisión e tiveron que cambialo porque non lles valía e para iso houbo que ampliar o número de membros da Comisión, porque que vostede veña aquí, señor Castro, dicir estas cousas non lle é ningunha casualidade. Porque en Ourense coñécense todos, os que están e os que non están, por certo. Coñécense todos, ¿entende vostede? Coñécense todos perfectamente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ: Polo tanto, que vostede veña aquí non é ningunha casualidade, antes de vostede había outro que estou seguro que non diría as cousas que vostede dixo aquí e estou seguro que se dependera del non faría o informe que vostedes fixeron aquí. E entre outras cousas...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: ...-remato xa, señor presidente- o que fai é promover, nada menos, que este Parlamento tente xudicializar a vida política deste país, ¿entende vostede? Eso é o que pretende o informe que vostedes traen aquí.

Espero que o señor fiscal ó que vostedes propoñen remitirle este tema, espero que poña a cadaquén no seu sitio, e poñer a cadaquén no seu sitio será seguramente saber se é...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor REGO GONZÁLEZ: ...que a Xunta de Galicia cos fondos públicos de tódolos galegos estivo financiando unha secta, señor Castro.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Rego.

Señor Rego, quero comunicarlle que, o que fixo o señor vicepresidente primeiro, é cumprir cun acordo asinado e aprobado pola Mesa por unanimidade desde hai dous anos que non poden entrar aquí nada máis que as televisións que teñen concertada a autorización.

O señor REGO GONZÁLEZ: Pode ser. Mire, eu son coñecedor dese acordo, entre outras cousas porque o Grupo Parlamentario Socialista ten un representante na Mesa do Parlamento, pero eu e vostede sabemos perfectamente, estou seguro que vostede o sabe e o señor vicepresidente tamén que nesta tribuna se filmaron, que se sacaron fotos de distintos grupos de persoas que viñeron sen que ninguén lles puxera ningún tipo de impedimento, a pesar do acordo da Mesa, cuestión coa que o señor vicepresidente primeiro do Parlamento non estivo tan dilixente como estivo hoxe.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Iso saberao vostede pero eu non o sei e paréceme que, ó mellor, é un atrevemento afirmalo aquí, que conste que non o sei.

Ten a palabra o señor Suárez Canal do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Despois da transfiguración da señora Marisa de Martínez que vimos comparecer hai pouco nesta tribuna porque o que subiu a facer o protavoz do Partido Popular é defender *grosso modo* o dictame da señora Marisa de Martínez, eu o único que lles pido é que teñan presente que Bemposta non necesita actitudes hipócritas e farisaicas.

Non é necesario que vostedes veñan a darlle o bico de Xudas dicindo que o fixeron moi ben para despois, efectivamente, seguir sementando dúbidas. Diso non tiñamos que falar aquí, señor Roberto Castro, temos que falar da acollida ilegal, temos que falar dos malos tratos, temos que falar se hai relación causa-efecto. Non tapen a súa actitude dubitativa e que volven emitir un Dictame que sementa dúbidas cunhas presuntas loas ó proxecto de Bemposta no pasado.

Menores polo medio, señor Roberto Castro, xa se dixo aquí, os menores polo medio para a Xunta existen desde o ano 1999. Ata este momento Bemposta nin acollía nenos, nin tiña un proxecto educativo, nin nada, a partir dese momento si. Pero é que curiosamente só existen para tramitar as denuncias a nivel xudicial. Ten anónimos, ten denuncias e un proxecto que está concertado coa Xunta non se investiga administrativamente, non se fala con Bemposta, non se vai alí para nada, a conselleira o único que fai é remitir todo ó fiscal, e curiosamente, tódalas cousas que tramita o fiscal, as sentencias xudiciais quitanlle a razón á consellería, ¿a que responde isto?

Se houbera intención de preocuparse polos nenos, o primeiro que habería que facer ante esas denuncias é ir alí, analízalo, investigar, aínda que sexa unha investigación administrativa. Non, non, non, a Bemposta unha vez que se pronuncia o ano 1999 en contra do proxecto da Xunta hai que darlle *caña* a nivel fiscal e, efectivamente, é tan pintoresco que incluso un fiscal que pide o arquivo por malos tratos, fai todo un xuízo de valor que lle imputa implicitamente como acaba de ler aquí, o señor Roberto Castro, actuacións delictivas que terían que seguir actuando contra Bemposta.

Fíxense vostedes ata que extremos chegamos: a que un fiscal teña que facer xuízos de valor imputándolle delitos no mesmo auto que pide o arquivo do proceso de acollida sobre malos tratos. E nesta comi-

sión hoxe nin máis nin menos e por iso eu pídolles, señores do Partido Popular, que aínda que voten a favor, que non aplaudan; non aplaudan porque no fondo estamos sometendo a unha indignidade a este Parlamento.

A Comisión realmente funcionou en clave de tribunal de orde pública; negouse a investigar e é tan claro que nin sequera se recollen sobre a acollida ilegal os tres feitos máis relevantes: a policía di que a acollida é legal; o Subdelegado do Goberno de Ourense documentalmente, a Administración Central di que para as estadías de Bemposta o único que precisan os nenos é o visado tipo D, e di iso documentalmente, e un xuíz, ademais, decrétao nunha sentenza e nós seguimos sementando dúbidas ¡Non aplaudan! que estamos sometendo a esta indignidade ó Parlamento.

E no tema dos malos tratos, este señor aquí presente, o conselleiro de Sanidade, acreditou fidedignamente, con datos e con toda a historia clínica dos nenos que non hai malos tratos. Un xuíz tamén o di, e o fiscal ó que alude o señor Roberto Castro pide o arquivado de toda a documentación. E nós seguimos dicindo que hai posibles malos tratos. ¡Non aplaudan! porque é someter ó bochorno a esta Cámara.

Respondan vostedes ós que fomos comisionados ¿Para que fomos comisionados? Hai acollida ilegal, ¿si ou non?, dígano porque ademais teñen documentos; hai malos tratos, ¿si ou non? E desde logo na relación causa-efecto, señora conselleira, vostede só se relacionou con Bemposta a través do fiscal e nos tres aspectos máis relevantes en que a Xunta se relaciona con Bemposta a través do fiscal recibe paos en sede xudicial. Os nenos están legalmente, segundo un xuíz, non houbo malos tratos, segundo un xuíz e aínda por riba outro xuíz di que a policía entrevistou en Bemposta de forma absolutamente improcedente e usando, a Xunta, a policía como xuíz e parte.

Ante isto eu o único que digo é que, desde logo, a aprobación deste dictame hoxe é un auténtico desperpento que degrada a uns niveis moi baixos a esta institución parlamentaria.

E remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, gracias.

O señor SUÁREZ CANAL: Dicía o señor portavoz do Partido Popular, aludindo a unhas frases do señor Padre Silva, que se nós queríamos pagar favores con isto, etc. Pode vostede ter claro señor Roberto Castro —e dígollo en ton metafórico— que nese tema vostede está movido por un refrán moi coñecido na nosa terra: “Pensa o ladrón que todos son da súa condición”.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Ten a palabra o señor Castro García polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, señorías.

O señor Pazos na súa primeira intervención falaba do toureiro lidador, efectivamente eu pensei que íamos ter uns *Mihuras* de categoría, e atopeime, señor Pazos, en concreto sobre vostede, cun becerraño afeitado. É cuestión de gando simplemente, metaforicamente. Cando vostede fale de OJE, Organización Juvenil Española, fale de *vale quien sirve* e pense nese espectro que hai por ese lado quen formaron parte da OJE que debe haber máis dos que vostede pensa, incluído vostede, señor Pazos.

Señor presidente, utiliza o señor Suárez o termo fariseos como insulto contra o Grupo Popular. Xa sabemos o que pensa da relixión o marxismo, evidentemente, a UPG entre eles e, claro, utiliza o insulto como puñalada de pícaro, sen saber realmente o que di. Porque, claro, cando insulta utilizando o termo fariseo eu que creo que hai que falar con certa propiedade, señor Suárez, teño que dicirlle que unha das obras de misericordia é ensinar ó que non sabe. Señor Suárez, fariseos en termo arameo era *parschi* un partido relixiosopolítico que se fixeron nacionalistas intransixentes en política créndose a si mesmos o mellor da nación e separándose da masa común do pobo xudeu. Esta definición, que non é insulto, vénlle moi acaída ó Bloque Nacionalista Galego, en xeral, ó señor Suárez en particular, e a algúns dos seus amigos cos que se andan dando abrazos polo norte do país.

Señor presidente, o Grupo Socialista propón na Deputación de Ourense o pagamento de 80 millóns de

pesetas a Bemposta para dar carpetazo ó conflito, señor Rego, 30 de xuño do ano 2000, recórdevo vostede. Quérese dicir que por parte de vostedes os 80 millóns pagados, novamente, resolverían a demanda das vivendas sociais, mesmo xa non lle farían ascos ó estadio enorme de fútbol. Supoño que con esta proposta teñen vostedes o visto e prace do fundador, do padre Silva tamén, por suposto. Quere dicir que el o dixo claramente, que eses 82 millóns eran para gastos, danos e perdas, perfectamente.

Señor Rego, se é de boa fe a pedimento de vostede na Deputación de Ourense, é un pagamento indebido, vostede sabe o que quere dicir iso. Se é de mala fe é unha proposta dunha estafa, elixa vostede a que máis lle pareza oportuna. Xudicializar ó Parlamento, non señor Rego, non.

Mire, as normas da comisión coñéceas, vostede coñece perfectamente as normas, non llas vou recordar, pero si gustárame facer fincapé especialmente no artigo 52.5 no Regulamento da Cámara, desa Cámara á que vostede máis eu pertencemos, nese regulamento que a vostede e a min nos regula, sirva a redundancia. O artigo 52.5 estase referindo ás Comisións de investigación, “ás conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara serán publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicadas á Xunta de Galicia sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento lle dea traslado das mesmas ó Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas”. Supoño que quen inventou o Regulamento do Parlamento de Galicia non estaban pensando obviamente no dictame da Comisión Bemposta.

Efectivamente, señor Rego, fixo referencia a uns terreos que segundo vostede son cen veces o prezo de mercado. Calcule vostede o prezo de mercado que teñen os terreos que quedou o padre Silva, que se recualificaron para esta operación, calcúleo vostede. Déixoo aí para vostede reflexione sobre esa cuestión.

Visita a Bemposta. Xa lle dixemos na Comisión que sería a utilización mediática da Comisión parlamentaria, un acto propagandístico de nula utilidade para os traballos da Comisión porque de habelas –que eu non digo que as houbera– ían producirse irregularidades coa presenza física desta Comisión parlamentaria visitando Bemposta, señor Rego. Home mire,

sinceramente, eu penso que non. O que si é certo e que se estudiasen os quilos de papel que remitiu Bemposta pois posiblemente estiveran máis ó día do que hai por aí.

Señor presidente, como queda de manifesto no dictame, este non vai contra ninguén. A señora conselleira cumpriu coas súas obrigas e responsabilidades.

Señora conselleira ademais de ser vostede unha dama encantadora –e quero que quede constancia nesta acta– é vostede eficiente, eficaz, traballadora, preocupada polos menores entre outros cometidos que son da súa absoluta obriga. Ten vostede o apoio ademais do presidente do Goberno, o do Grupo parlamentario que o apoia, como ten, por suposto, a simpatía deste grupo parlamentario, e neste punto, señora conselleira, non se preocupe; lémbrolle aquelas palabras do *Ingenioso Hidalgo* cando se refería a Sancho, “*Sancho amigo, ladran, luego cabalgamos*”.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor deputado.

O señor CASTRO GARCÍA: Remato, señor presidente.

Queremos que a Resolución 18 vaia ó Ministerio Fiscal. Non temos nada que ocultar a este respecto –e xa remato, efectivamente, señor presidente– remato xa dicindo en clave ourensá que o que padece Bemposta nalgúns aspectos é unha altísima dose de *pocholidade*, os ourensáns que están nesta Cámara enténdenme perfectamente e saben o que estou a dicir.

Indubidablemente, Bemposta ten que abrirse ó contorno, teñen que integrarse ós nenos na vida da cidade, e teñen que deixar de ser un gueto, teñen que deixar de ser esa illa con crocodilos ó redor, como dicía o seu fundador, e abrirse ó mundo, os nenos, señorías, señor presidente, ben o merecen.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Castro.

Procedemos a votar, se ocupan os seus escanos. Senón hai pedimento en contra, votaremos as emendas... (*Pide a palabra o señor Rego González*.)

¿Si, señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Gustaríanos que se se vai votar o voto particular do Bloque Nacionalista Galego, que me imaxino que si, loxicamente, gustaríame que se votaran por separado se é posible os apartados do punto 2, o apartado b), o apartado c) e o punto 3º.

O señor PRESIDENTE: ¿Eses votaríanse conxuntamente ou tamén por separado?

Se é esta a única petición de votación por separado entón votaremos as emendas do Grupo Parlamentario Mixto número 17.990, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista que son as número 18.000 e as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que son as número 17.992.

Procedemos a votar as emendas á totalidade, que son os números que eu lin.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Póñense agora a votación as emendas particulares parciais, o punto 2... *(Pide a palabra o señor Rego González.)*

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, ou explíqueime mal ou entendeume vostede mal.

O señor PRESIDENTE: Entendín eu mal entón.

O señor REGO GONZÁLEZ: O que pretendía era que se votara por separado da emenda de totalidade do Bloque Nacionalista Galego, do que é o voto particular, os apartados: o apartado b) e o apartado c).

O señor PRESIDENTE: ¿Da emenda de totalidade?

O señor REGO GONZÁLEZ: Exactamente, si, e o punto terceiro.

O señor PRESIDENTE: Aínda estamos a tempo de rectifica-lo erro.

Entón, votamos agora as emendas a totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista os puntos 2, b), c) e o punto 3º, porque o resto dos puntos xa están votados na votación anterior.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 36; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

Pasamos agora á votación dos votos particulares parciais que son as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento 17.993 do número 1 ó 60.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente. Nós solicitamos que se voten a emenda número 58, a número 59 e a número 60 individualizadas.

O señor PRESIDENTE: ¿Cada unha delas?

O señor REGO GONZÁLEZ: Queremos que quede claro se hai ou non acollida ilegal, se hai ou non malos tratos e se se vai remitir ó fiscal anticorrupción.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ponse a votación en primeiro lugar o voto particular número 58.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

Ponse a votación o voto particular número 59.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

Ponse a votación o voto particular número 60.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 36; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto.

Póñense a votación os votos particulares do 1 ó 60 ambos inclusive agás os que xa foron votados anteriormente.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes votos particulares.

Votadas os votos e as emendas, procede entón a votación do texto elaborado pola Comisión.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 26.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda aprobado o texto elaborado pola Comisión.

O punto seguinte da orde do día pasarémolo ás cinco da tarde, ata entón suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Ábrese a sesión as cinco da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámola sesión.

COMPARECENCIA DO SR. CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E COMERCIO, POR INICIATIVA DE CATORCE DEPUTADOS E CATRO DEPUTADAS DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARA INFORMAR SOBRE O PROXECTO ENTELEQUIA DA PLANTA REGASIFICADORA GALEGA, NO CONTEXTO DOS AVANCES QUE SE ESTÁN A PRODUCIR NESTE SECTOR.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor conselleiro de Industria e Comercio.

O señor CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E COMERCIO (Rodríguez Yuste): Señor presidente, señorías.

Comparezo ante as súas señorías, para informar do estado do proxecto de planta de regasificación de Mugaros. Por certo, señor Díaz, un proxecto que se temos tempo despois explicarei o sentido da entelequia que neste caso non é a mellor palabra para aplicar o proxecto como inmediatamente tratarei de demostrar.

En primeiro lugar, señorías, poucos minutos poderían gastarse en explicar a importancia estratéxica deste proxecto. Un proxecto clave no sistema enerxético de Galicia un proxecto absolutamente clave no sistema gasista da nosa comunidade autónoma. Moito máis, por certo, cando as previsións de demanda dentro de España, case se duplicarán nos próximos dez anos pasando de 20 a 50 bcm, que como as súas señorías coñecen é unha unidade de medida do sistema gasista, máis ou menos trátase dun millardo de metros cúbicos, mil millóns de metros cúbicos medidos en condicións normais, equivalente a un número de termias próximo ós 10.000 millóns de termias.

Neste momento, atopámonos nun proceso de liberalización que anda aínda con determinados problemas e atrancos pero no horizonte dos próximos dez anos podemos pensar que, o sistema gasista, terá xa fundamentos importantes para que a opción enerxética teña un claro posicionamento cos puntos de entra-

da de gas natural licuado, como sería o caso de Galicia.

O proxecto actual de Mugardos é unha realidade nestes momentos, como pasarei inmediatamente a informar as súas señorías. Por unha parte os datos administrativos do proxecto son os seguintes. Neste mes e como moi tarde na primeira quincena de abril, estará sometido a información pública, para autorización previa, segundo escrito da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de data 6 de febreiro pasado. Con esta mesma data está xa instado a información pública para efectos ambientais que será órgano substantivo para facelo a Xunta de Galicia.

No mes de abril ten xa prevista a publicación no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* o concurso para a execución do proxecto do cal darei agora algúns datos de tipo empresarial, económico, técnicos etc. En canto a datos empresariais, a empresa que xestionará a planta de regasificación, Reganosa que, por certo, é Regasificadora do Noroeste, S.A. ten polo tanto pretensións de seguir nun espazo xeográfico bastante máis alongado que o que sexa estritamente Galicia, incluído o norte de Portugal, neste mes pasará de 500 millóns a 1.500 millóns de capital social, subscripción xa acordada e que será desembolsada nos próximos días, desde logo antes de que finalice o mes de marzo.

Os accionistas desta empresa quedarán entón así: Endesa o 20%, Fenosa o 20%, o Grupo Tojeiro o 18%, a empresa arxelina Sonatrach o 15%, a Xunta de Galicia 10%, Caixa Galicia o 9%, Caixanova o 4%, Banco Pastor o 4%, que suman 100. Neste acto antes de que remate o presente mes, adquiriranse activos, xa investidos na zona por 4.237 millóns. Constituirase o primeiro Consello de Administración e mais a Comisión Executiva. Todos os acordos están xa consensuados materialmente e faltan determinadas formalidades ante o notario.

En canto a datos do proxecto, vou contar de forma moi resumida, evidentemente, algún dos seus relevantes datos técnicos. Por exemplo consiste nun ataque para metaneros de ata 135.000 metros cúbicos e dous tanques de 150.000 metros cúbicos cada un o que permite introducir no sistema 2,5 bcm en réxime normal, e ata cinco bcm máximo. Existe aínda a posibili-

dade de instalar dous tanques máis duplicando deste xeito a capacidade de almacenamento e podéndose, neste caso, introducir no sistema ata sete bcm/ano.

Respecto ó proxecto de enxeñería, cabe resaltar o seguinte, en primeiro lugar tecnoloxía achegada polo contratista *Chicago Bridge and Iron* que é unha empresa de enorme prestixio internacional como vostedes coñecen, sobre normas básicas de deseños, moi complicadas NFPA 59A, UNEN 1473 e API (*American Petroleum Institute*). En fin, normas de seguridade de última xeración, medioambientais, etc.

En canto a outros aspectos técnicos, laborais e económicos cabe dicir o seguinte, a planta en si supón un investimento de 39.075 millóns de pesetas. Empregos directos 544, a localización –despois dos estudos que xa temos feito– óptima, Mugardos. En canto a proxectos conexos; contrución de gasoductos de transporte deseñados para operar a 80 bares de presión, orzamento de 5.630 millóns de pesetas. Un deles, o gasoducto este transcorrerá desde a terminal ata As Pontes e terminará en Vilalba, no sistema gasista xeral. Un segundo, o gasoducto oeste, ata Begonte seguirá cara á Arteixo para alimentar Sabón e despois conectar co sistema xeral.

Ciclos combinados, e nas Pontes e en Endesa de 800 megavattios e Sabón 800 megavattios, investimento aproximado de 212.000 millóns. Ben sei que o señor deputado don Xosé Díaz inmediatamente falará aquí do caso do Real Decreto Lei 6/2000 no artigo 16, en concreto no punto 2 e xa teremos na réplica ocasión de perfilar o que sexan os afectos que máis interese teñan para min. Eu penso con estes datos moi primarios, porque poderían naturalmente ampliarse visto que o proxecto é enormemente complicado, tanto no deseño da planta como nos aspectos colaterais, como pon de ser os gasoductos, xa dá unha idea do grao en que o proxecto está desenvolvido pensando que ó longo deste ano actual, este tipo de tramitación pode absolutamente consolidarse para terminar o proxecto e estar xa operativo de acordo cos compromisos adquiridos polas empresas no segundo semestre do ano 2004.

Insisto, señorías, en que estamos a falar dun proxecto que ten agora a grande oportunidade de verse feito unha realidade, a grande oportunidade estratéxi-

ca de que nos próximos dous ou tres anos. Xa dispoñamos aquí dun centro importantísimo de distribución gasista en termos competitivos, aínda no caso de que prosperen por moitos anos as tarifas actuais positaís e o que o futuro diga sobre taxas que sexan reais unha vez que o sector se liberalice, unha opción estratéxica de primeira orde.

Polo tanto, carácter estratéxico que non insisto máis nisto porque creo que a percepción das súas señorías é suficientemente clara respecto ó particular.

Respecto ó emprazamento, temos a seguridade de que é óptimo o emprazamento de Mugardos. Entre outras cousas porque a situación de movementos de mareas e un montón de cuestións de tipo técnico moi minuciosas aseguran a seguridade, e o respecto ó medioambiente está garantido polos propios procesos industriais desta categoría que teñen unha especial sensibilidade a estas cuestións, a estes aspectos que podemos asegurar que son este tipo de planta da maior seguridade dentro da oferta enerxética xeral e de feito nestes vinte anos non tivemos ningún informe respecto dalgún problema que houbera aquí, ou no resto do mundo, en España ou no resto do mundo.

Polo tanto, temos que pensar que o empeño de tódalas empresas que aquí están consideradas non soamente a través de documentos asinados, subscritos o 20 de xullo do ano 1999 e do 20 de marzo do ano 2000 aseguran garantías de consumo, senón polo feito de que nestes momentos podo dicir, sen poder dar detalles no particular, que os contratos de gas están xa consolidados, un deles asinado, o outro en vías de facelo nas próximas, penso, que semanas. Polo tanto, con empresas que están xa en disposición de face-los investimentos, con tódolos acordos empresariais e accionariais tomados, cos procedementos administrativos en marcha, temos a seguridade de que este proxecto dificultoso, complexo, difícil, será unha realidade nos próximos anos. E con esta esperanza naturalmente convoco as súas señorías a que entendan que a opción que agora presentamos é a mellor de tódalas posibles.

Naturalmente despois, nas réplicas, terei ocasión de facer algún tipo de precisións a instancia dos señores deputados, e tamén facer algunha referencia a algún problema pendente de ser resolto, pero polo de

agora sirva a esta pequena introducción de carácter esquemático para abrir o debate.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Polo grupo solicitante da comparecencia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Díaz Díaz.

O señor DÍAZ DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados. Imos falar hoxe dun proxecto que naceu no ano 1989, que naceu hai máis de 11 anos e ó señor conselleiro estráñalle que eu cualifique este proxecto de proxecto entelequia. Antes de que mo explique vostede xa sabe, señor conselleiro, que Aristóteles consideraba a entelequia como o estado acabado do ser, como ser en acto en oposición ó ser en potencia, e ademais que lle interesa moito a vostede ese tránsito, esa traxectoria entre o ser e o acto, entre ser en potencia e ser en acto, chámala enerxía mire por onde, o cal demostra que o señor Fraga, os seus Gobernos demostran escasa enerxía, demostran escasa capacidade porque seguramente aman demasiado a España, e esquecense de defender os intereses de Galiza. Esa é a acepción que ten vostede aí realmente de entelequia, pero vai moito máis alá, eu creo que se non nos quedamos en Aristóteles, e vemos a acepción moderna que hai nos dicionarios de entelequia verá que significa algo así como asunto fantasmagórico ou ficticio e esta é a acepción á que realmente eu me quería remitir.

Xa presenteí tantas veces esta cuestión aquí, que realmente buscando na filosofía grega da que son eu tan admirador, pois acordeime e non é unha cuestión de índole persoal, señor conselleiro, do argumento do mentiroso que se atribúe como saben a Eubulides de Mileto, ese famoso sofisma que di do seguinte teor: “Se dis que mentes, e o dicilo dis a verdade, mentes; agora ben, como estás dicindo que mentes, e o que estas dicindo é con verdade, mentes, mais se mentes non dis a verdade, polo tanto non é verdade que mentes”. E este é o problema de fondo, este é o problema de fondo, señor conselleiro, porque a iniciativa era que vostede comparecera aquí para que me explicara á luz do que está a suceder no mercado de gas e no

mercado enerxético que posibilidades ten este proxecto entelequia de planta regasificadora galega nacido por decisión do Goberno central no ano 1989 como constan no PEM 1990-2000 e este é o problema de fondo.

Vostede sabe que se acaba de aprobar a planta regasificadora de Bilbao, ¿por que? Porque alí hai un Goberno e a través do EB, do BP, de Iberdrola, das Caixas vascas e do BBVA, fixeron valer ese poder e esa planta estase comezando a construír, está lista o cal xa é un elemento. O sistema gasístico ten agora cinco entradas, dous gasodutos e tres plantas, con esta planta que ademais ten unha capacidade de almacenamento que é o 60% das tres que xa existen, realmente este proxecto noso ten moi pouca virtualidade. Primeiro punto.

Xa non falo do proxecto de planta asturiano onde está metido Gas Natural que precisamente Gas Natural foi quen impediu que aquí realmente tiveramos unha planta regasificadora. Pénsese que Galiza puido dispor dunha planta regasificadora no ano 1995 e isto daríalle unha vantaxe competitiva hoxe ao noso país increíble, pero a cegueira do señor Fraga e os seus gobernos que traballaron exclusivamente para frustralo e poñer en servizos de Gas Natural, impediron que ese feito hoxe se puidera ter realizado. Non falo do Proxecto de planta regasificadora en Sines en Portugal porque iso nos queda no estranxeiro, no país veciño.

Pero ¿que me fala vostede dos intentos das eléctricas de participar no negocio de gas? ¿Leu vostede o documento sobre o mercado de gas de Unesa, que representa ás catro grandes irmás eléctricas, o que di? Pois mire, é unha auténtica marabilla, a min intelectualmente deixoume extasiado. Nada menos que a máis contundente crítica que eu escoitei na miña vida o monopolio iso si, feito por oligopolistas. E non teño tempo para pararme niso.

¿Que me di vostede do acordo de Endesa con Repsol, Gas Natural, para que alimente os seus proxectos de ciclos combinados en Andalucía e no Levante? ¿Que me di diso? ¿Por que Endesa acepta que os ciclos combinados, aquí nas Pontes, non se fagan e en cambio cando se lle impiden en Tarragona xunto coa presión da Generalitat aplica a cláusula de

excepción e automaticamente vai facer o de Tarragona e cede o de aquí? Despois imos falar diso porque isto é exactamente moi importante. ¿Que sabe vostede do acordo de Unión Fenosa, que é outro dos socios industriais claves? Se non interveñen Endesa e Fenosa na planta regasificadora, non hai planta regasificadora. Se non hai eses socios industriais e de consumo non hai plantas regasificadoras, señor conselleiro, non se engane.

¿Sabe vostede o que acaba de facer Unión Fenosa? –fíxese o interese que ten na Planta regasificadora galega– un acordo con *Egyptian General Petroleum Corporation* e que vai fabricar xa, está autorizado en Marieta polo Goberno exipcio unha planta de licuefacción ¿non sabe iso? 40.000 millóns de termias, o 25% do consumo actual no Estado español. En cambio vostedes si que fan publicidade e propaganda, cando Unión Fenosa se mete con dous metaneros para esta cuestión din que polo visto é para alimentar a planta regasificadora galega.

Se isto é a verdade pobre situación dos medios de comunicación en Galicia, porque eu sempre souben a través deste documento, que vostede citou, de nullo que o subministrador de gas para a planta nosa, se algún día existe este proxecto entelequia, é Sonatrach, non é Unión Fenosa o subministrador desa planta de gas. ¿Que me di vostede, señor conselleiro de acordo o que acaba de facer Unión Fenosa con Itera? o segundo grupo gasista ruso que vai para facer outra planta de licuefacción esta vez no Mar Negro, na costa rusa, no Mar Negro, nada menos que por 80.000 millóns de termias/ano.

¿Que me di vostede, señor conselleiro, da denuncia de Unión Fenosa e de Iberdrola a Enagás porque pretende non subministrarlle gas ós seus ciclos combinados? e non teño tempo para meterme niso. Pero máis novidoso, señor conselleiro, ¿sabe vostede que Fenosa posúe, nos terreos de Altos Hornos do Mediterráneo en Sagunto, 365.000 metros cadrados e sabe o que vai facer alí? Voullo dicir, unha planta, unha central eléctrica de carbón importado, o primeiro proxecto que non é de ciclo combinado desde hai moitos anos. Vai gastar aí 80.000 millóns de pesetas, unha planta de ciclo combinado entre 800 e 1.200 megavatios. E ¿sabe cal é o terceiro proxecto, señor conselleiro? unha planta re-ga-si-fi-ca-do-ra, ¿para que?

Para tratar o gas que licua en Exipto, polo visto o señor Fraga viaxou a Libia e equivocouse naturalmente de sitio.

Fíxese o que lle interesa a Endesa e a Fenosa o noso proxecto de planta regasificadora, e xa lle dou o último dato, que eu crin que me ía dar vostedes estes datos. ¿Sabe vostede que hai un acordo entre Cepsa, Sonatrach –o subministrador da planta galega– Endesa, BP, Gatefrance, Total, Fina, Elf ? Vaia equipo e xa crearon unha sociedade nominada Medgas, debe ser Gas do Mediterráneo, ¿sabe para que? Para facer un novo gasoducto, Arxelia-Almería por mar incluso para trasladar o gas cara a Europa. Vostede e que non sabe iso, pois mire, isto é a realidade do que está pasando e neste contexto que temos que analizar en once anos logo, ¿que posibilidades ten o noso proxecto?

En consecuencia, señor conselleiro, non hai ciclo combinado en Endesa, isto quere dicir, que Endesa ata o 2005 non vai ter ciclo combinado. Se Endesa decidira facer os ciclos combinados despois, cando xa hai un novo modelo eléctrico no Estado –que é moito supoñer– ata o ano 2009 Endesa naturalmente non vai ter necesidade de ter subministro de gas. Esta planta, o noso proxecto, o proxecto galego, naturalmente o subministro de Endesa, documento do 28 de xullo do ano 2000 non do ano 1999, señor conselleiro, 1.000 millóns de metros cúbicos, ou 10.000 millóns de termias. Iso é o 40% do consumo previsto para xustificar esta planta, ¿vostede cre que alguén vai aprobar isto sen o 40% de subministro? Vostede sabe que no gas se fan contratos a longo prazo, a 25 anos, con prórroga de 25 anos e ademais o consumo ten que ser moi exacto porque ese tipo de contratos son en inglés *take or pay*, toma ou paga, un contrato unha cantidade e senón a consume paga exactamente igual. ¿Que dice Sonatrach a este cambio, a respecto das condicións disto? Alén disto, señor conselleiro aquí dise, no punto número 11, que esa curiosa cuestión da cesión dos dereitos de uso de Forestal do Atlántico a Reganosa –isto dise o 28 de xullo– que o día 30 de setembro tiña que estar xa realizado, o 30 de setembro do ano 2000, por favor.

Mire, vostede di aquí exactamente, e falo de memoria pode crermo, que no caso de non terse feito iso nesa data as partes son libres para tomar calquera de-

terminación. ¿Quéreme dicir que fixo Unión Fenosa, que fixo cada un deses socios? ¿Quéreme dicir señor conselleiro –xa remato, señor presidente– que no punto número 3 –despois volvei o tema– disto inclúese un plano de acción? ese plano de acción do 28 de xullo de 2000 di o seguinte: “Subscrición dun acordo de accionistas sobre cuestións fundamentais”. Setembro de 2000, contésteme, ¿está feito? xa digo eu, non.

Primeira ampliación do capital de Reganosa, outubro de 2000 ¿está feito? Non. É verdade que a Xunta ten que ter o 10%, agardo que me diga canto é o 10%. Carta de intención para adxudicar a regasificadora, outubro de 2000. Dígame se está feito iso, non. Obtención de autorización administrativa previa, decembro de 2000, vostede xa recordou agora que iso está na fase na que se anda, estase iniciando o trámite da utilización administrativa previa, decembro 2000, non. Concesións de axudas e subvencións, decembro 2000, non. Inicio da autorización administrativa da construción, abril de 2001, vai estar en abril do 2001 autorización administrativa da construción e logo falaremos do emprazamento, señor conselleiro; maio de 2001 inicio da construción ¿quere que continue co punto número 3? Pero isto é feito o 28 de xullo do 2000 e os proxectistas e deseñadores, planificadores deste enxendo atinan tan pouco que é que non cumpren absolutamente nada, ¿como cre que nós podemos estar satisfeitos coa marcha desta situación?

Polo tanto, e para non abusar, logo continuarei co tema que é bastante longo, señor conselleiro, realmente métenno a vostede en leas bastante difíciles, eu coincido con vostede que Galiza unha vez máis vai ter un fracaso industrial de proporcións considerables porque non vai perder a planta, vai perder Endesa quizais dentro de dez anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ DÍAZ: ...vai perder o complexo químico, que son sete plantas de Tojeiro, que ten concedidas as axudas do Ministerio de Economía en setembro do ano 1997, e no ano 2001 no que estamos, non sabemos nada dese proxecto e está no BOE a concesión desas axudas.

Polo tanto, naturalmente imos deixar que as nosas empresas estean en peor condición de competitividade e isto é todo o que lle temos que agradecer ó señor

Fraga, ós seus gobernos e ven que unha persoa coma vostede teña que facer este papel triste, lacónico e defender o que realmente non é máis que lamentablemente un proxecto-entelequia e vostedes son, serán, incapaces de sacalo adiante, antes de nada porque vostedes non queren que iso se produza.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, eu creo que hoxe estamos nun trámite parlamentario ante un tema moi importante, e é tamén necesario que vostede fale aquí con claridade. Con claridade, que comprometa aquí a súa palabra, evidentemente, non pode nun tema deste calibre, seguir xogando con formulamentos abstractos, necesidades obvias, pero que están postas en entredito.

A situación do gas en Galicia, eu parto de que temos neste momento un monopolio do gas, por parte de Gas Natural, neste momento un monopolio de gas natural, baseado na compra no seu día dunha empresa pública Enagas. E a primeira cuestión que hai que dicir é que a día de hoxe, o monopolio de gas natural en Galicia, ten deseñado un modelo que exclúe a Galicia da planta regasificadora, iso está bastante claro nos planos de gas natural. Galicia non conta no deseño enerxético de gas natural cunha planta regasificadora.

En Galicia –xa se dixo aquí– hai cinco puntos de entrada e dous de gasodutos e tres puntos por barco para as plantas regasificadoras, polo tanto en Galicia, no actual monopolio de gas en Galicia que ostenta Gas Natural baseado na compra de Enagas, non contempla a Galicia como unha planta regasificadora. Polo tanto, esa situación trae ata agora, e traerá a Galicia, dificultades moi importantes na súa utilización e un encarecemento moi serio desta enerxía e polo tanto situará ás nosas empresas nunha situación moi difícil de competitividade fronte ó resto do Estado, das empresas do Estado e europeas. Iso debe-

mos de admitilo no contexto onde estamos, no momento en que falamos.

Nese contexto, nace un proxecto empresarial, fórmase un proxecto empresarial, unha importante iniciativa empresarial protagonizada polo Grupo Toxeiro que consegue inicialmente unha serie de elementos positivos, de éxitos positivos. Primeiro un acordo con Sonatrach en dúas direccións, un acordo para subministrar a longo prazo o gas, establemente e logo logra a participación desa empresa no capital social.

Loxicamente para levar isto adiante non chega con isto, o que dicía o señor Díaz é absolutamente claro, senón se establecen as alianzas empresariais para levar esta planta adiante non será posible, e polo tanto, empresas como Endesa, ou Fenosa son absolutamente imprescindibles para facer esta situación. Polo tanto, aquí convén que nos diga exactamente cal é o compromiso destas empresas, porque efectivamente máis alá das porcentaxes teóricas de investimentos, de participación no capital social das empresas hai un dato moi importante, e o dato moi importante é que ata o 2005 non se contempla o ciclo combinado, teoricamente, xa veremos se se contempla o ciclo combinado nas Pontes e en Sabón. E polo tanto se iso non está claro, vostede comprenderá que as dúbidas sobre a actitude que vai tomar Endesa e Fenosa sobre este proxecto son dúbidas, non me atrevería a ser tan tallante como o señor Díaz, pero que son dúbidas claras sobre a viabilidade que este proxecto acabe materializándose son evidentes, dúbidas evidentes.

E vostede como conselleiro de Industria, ten que despexalas hoxe nesta tribuna, nunha ou outra dirección, ten que dicirnos exactamente o que sabe, porque claro, vostede vén a esta tribuna e dinos que hai problemas que xa nos explicará noutra intervención... ¡Vostede ten que dicirnos que problemas hai! Non pode dicilo ó final cando os grupos parlamentarios non poidamos contestar. É dicir, vostede admite que hai problemas, non nos dixo cales na súa intervención, paréceme lóxico que se diga, cales son e cal é a actitude que vostede coñece das estratexias empresariais necesarias para levar esta planta adiante, en concreto de Fenosa e Endesa, ten que dicírnolo aquí, cal é o compromiso das empresas. Porque sen elas non é posible realízalas.

Pero en fin, o proxecto era un gran proxecto industrial que está en entredito. E segundo e eu non quero evitar tamén a cuestión, é tamén un proxecto empresarial que caso de levarse a cabo, señor Díaz, ten tamén graves problemas ecolóxicos e ambientais, as dúas cousas. Está en dúbida que se faga e eu non sería tan tallante de que iso non se vai facer, pero aínda que se faga sería un gran proxecto industrial con gravísimos problemas ecolóxicos e de seguridade, malía o que vostede diga aquí.

Está claro que o grupo ten unhas instalacións na ría de Ferrol-Mugardos e decide crear un porto gaseiro dentro da ría. Vostede pode dicir aquí o que queira, pero iso ten graves problemas ecolóxicos e ten graves problemas de seguridade, gravísimos problemas. ¿Como é posible que vostede diga que entran barcos de gran tonelaxe nesa ría, que coñecemos todos, non é un problema moi grave? Non é o problema do gas exclusivamente que vén a trinta graos baixo cero, por tanto é un problema que nin se move iso. O problema non é só o gas, é o problema do tráfico de buques que se produce dentro dunha ría que todos coñecemos suficientemente.

E segundo, caso de levarse a cabo este proxecto, cal sería o impacto de admitir que sexa, non sei vostede afirmou aquí que é a situación idónea a ría de Ferrol, haberá que dicir por que é a idónea. Porque como vostede sabe isto estaba previsto no seu día facelo no porto exterior de Ferrol, en Caneliñas, estaba previsto iso. ¿Por que se cambia esa situación?

Vostede sabe que se o suposto porto exterior de Ferrol sen o tráfico gasístico non ten sentido, é un golpe mortal a ese proxecto. Non se xustifica un porto exterior sen o maior tráfico, sen o tráfico máis importante desa comarca, non pode quedar reducido a carbón, a madeira e a papel, non pode quedar reducido ese porto exterior, non se xustifica. É un golpe decisivo a todo o proxecto do porto exterior de Ferrol. Supoño que terá algo que ver iso coa dimisión ou co cesamento da anterior Autoridade Portuaria de Ferrol, ¿non? Algo terá que ver.

Ben, polo tanto está claro que aquí hai dous tipos de cuestións. Primeiro, fai falta, é necesario para a competitividade da economía galega ese proxecto. Segundo, é necesario rompe-lo monopolio que ten

Gas Natural sobre o gas en Galicia que nos discrimina do seu modelo. E terceiro, hai que explicar se iso é posible, porque a situación se fai –eu creo que no peor sitio da ría– porque é precisamente o que non crea nin seguridade e crea graves problemas ecolóxicos e de seguridade. E esas son as cousas que hai que explicar con claridade hoxe aquí.

Primeiro, ¿a Xunta de Galicia responde hoxe solemnemente neste Parlamento que o proxecto se vai facer?

Segundo, ¿de non facerse cales son as consecuencias que vai ter para a nosa competitividade e para algunhas empresas decisivas como Endesa e Sabón, particularmente?

E terceiro, caso de realizarse, ten que explicar –non afirmar vostede, senón explicar– por que se fai dentro da ría e non se fai como estivo previsto sempre no porto exterior de Ferrol, no suposto, no planificado porto exterior de Ferrol en Caneliñas, que é o que daría plena seguridade e maiores garantías ecolóxicas e ademais é a peza clave para que exista ese porto, porque senón ese porto deixará de existir. Entón vostede ten que afirmar aquí que se é idónea a instalación dentro da ría de Ferrol, vostede con seriedade e con rigor ten que dicir que o porto exterior de Ferrol é un proxecto... iso si que é entelequia, non ten sentido ningún, non haberá proxecto de porto exterior de Ferrol porque lle faltará o tráfico máis importante de mercadorías que ten esa ría.

Esas son as cousas que antes, nesta primeira intervención, queremos que vostede explique para na resposta tomar unha posición máis concreta. Pero hoxe debe vostede comprometer aquí a posición do Goberno, non facer teoría política, non facer teoría académica, senón responder con claridade, dar seguridade ou non, senón a ten, de que este proxecto é viable nos prazos nos que estamos falando.

Ten que comprometerse claramente aquí vostede neste caso.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Caballero Álvarez.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, coincido con vostede no principio da súa exposición. Este é un tema dunha enorme e substancial importancia para Galicia. Substancial importancia polo sector no que se sitúa e primordial importancia porque da construción ou non desta planta gasística dependen moitas e moi importantes cuestións.

E quero empezar a miña intervención citando como argumento de autoridade sen que sirva como precedente, o Libro Branco da Enerxía en Galicia. O que vostedes dende a súa consellería publicaron. E aquí dise literalmente: “Galicia encóntrase entre as áreas máis afastadas dos puntos de entrada de gas á Península, a máis de mil quilómetros do máis próximo. Por iso –e isto é importante afirmalo neste texto– ningún dos potenciais usuarios para a xeración ou grande industria tomará a súa decisión de investir na nosa comunidade mentres permaneza a actual situación. Xa que nun sistema liberalizado a tendencia é que o gas teña que alcanzar tódolos custos incorridos ata chegar ó usuario”.

Señor conselleiro, fíxese ben o que vostedes din neste texto. Ningún gran usuario industrial vai investir en Galicia senón hai planta regasificadora en Galicia.

Algo desta envergadura é o que neste momento se está a debater nesta Cámara. Os grandes consumidores sexan de xeración eléctrica –da que falaremos e da que vostede falou– ou sexan industriais, afirman vostedes que non van levar adiante os seus proxectos en Galicia senón se leva adiante a planta regasificadora. E por tanto, estamos a falar dunha cuestión realmente fundamental que atinxe ó sector enerxético, pero afecta directamente ó sector futuro industrial en Galicia.

E de aquí xorde a primeira reflexión política que aquí temos que facer neste debate. E é, se isto é tan importante, ¿como é que no ano 2001, cando os gasodutos están construídos, cando este proxecto está tan avanzado, non existe aínda un proxecto acabado de planta regasificadora?

Esta é a primeira gran reflexión que hai que facer. Como se o noso dictame sobre a importancia da planta regasificadora, a da Xunta de Galicia, é desta envergadura, ¿como é que neste momento estamos dependendo dun proxecto aínda nunha fase tan inicial?

Porque, efectivamente, o que neste libro se di é certo, é que estamos a mil quilómetros dos centros de entrada. E, por tanto, o prezo do gas para a industria en Galicia vai estar gravado por esa peaxe de mil quilómetros de gasoduto. E por tanto, situación competitiva adversa con respecto a outros territorios, enténdase Barcelona, enténdase Euskadi cunha planta regasificadora ou enténdase o sur de España que teñen entradas e, por tanto, custos menores. Pois, nesas condicións é imprescindible que este proxecto se leve adiante.

¿E cal é a preocupación? ¿E cal é o que neste momento ó meu grupo está preocupando? Que existen moitas sombras e moitas dúbidas sobre esta planta regasificadora. Algunhas de maior teor e outras de menor importancia.

E a primeira ten que ver coa situación de autorización. Porque a Lei do sector de hidrocarburos establece que as plantas regasificadoras requiren de autorización administrativa previa e dan os rangos desenvolvidos de cales son as razóns e cales son os requisitos técnicos que teñen que cumprir. Fáceis todos eles de ver no artigo 67, apartado primeiro, puntos a, b, c, d, etc., que son simples cuestións técnicas.

Pero neste momento, señor conselleiro, cando xa outras plantas están aprobadas, avanzadas e a planta de Euskadi con licencia, a nosa está aínda en proceso inicial para a súa autorización administrativa. E por tanto atrasado, señor conselleiro. Entenda vostede e entendan vostedes dende o Goberno que hai unha seria intranquilidade sobre este atraso para algo tan importante como é a planta regasificadora.

Segundo, e que vostede mesmo aquí nesta tribuna nos dicía na súa primeira intervención –aínda levaba vostede pouco tempo na consellería– falábanos das dificultades pola necesidade de asegurar unha demanda suficiente para a construción da planta, o cal é absolutamente razoable. E vostedes no proxecto e neste Libro Branco –documento político ó que me quero referir de forma permanente– presentan cales son as po-

sibles fontes de demanda. E vostede mesmo aquí hai un rato falaba das centrais de ciclo combinado, de Sabón e de Endesa.

E, por tanto, vostede di: despois entraremos nos aspectos empresariais. Vostede di: vai depender de forma capital da demanda que xurda dos ciclos combinados. Pero ó mesmo tempo fai unha segunda aserveración: é que se non hai planta non vai haber ciclos combinados.

¿E como nos atopamos neste momento coas autorizacións necesarias para as centrais de ciclo combinado? Con que están paradas.

Neste momento, por outras razóns de política enerxética –coas que vostede sabe ben que nós discrepamos– resulta que a autorización do ciclo combinado para a planta de Endesa, está paralizada. Porque como na situación na que está ten máis capacidade productiva de xeración do 40% que permite o Real Decreto Lei 2 do ano pasado, resulta que a autorización administrativa para o ciclo combinado, capital para que exista demanda para a planta regasificadora, está parado.

E, por tanto, fíxese, señor conselleiro, cantas sombras hai sobre este proxecto. Hai a sombra do propio atraso da autorización administrativa da planta. Hai a sombra do atraso das autorizacións administrativas das propias centrais que van ser determinantes na súa propia demanda. Pero ademais existe un atraso no propio proceso empresarial. E eu, señor conselleiro, quero ser aquí xeneroso en termos políticos, creo que era difícil. Estou disposto a aceptar que a constitución de Reganosa, a constitución da empresa que efectivamente ten que levar este proxecto adiante non era fácil. Porque poñer de acordo a Endesa, a Fenosa, a Tojeiro –grupo motriz do proxecto– a Sonatrach, Xunta de Galicia, dúas caixas de aforros mailo Banco Pastor non era nada fácil.

Pero ó mesmo tempo que isto debe ser recoñecido, debe recoñecer vostede, señor conselleiro, que existen dúbidas sobre, digamos que a vontade real dalgúns destes posibles socios. Vostede dixo algo importante aquí, que me gustaría que o ratificara. E é o desembolso de 1.500 millóns de capital social con data fixa.

Ben, isto sería algo que eliminaría unha das sombras. Cando menos se todos os que constitúen a empresa desembolsan o capital –e creo recordar que vostede deu data de abril no que vostede dicía– pois, ben, efectivamente algunha das sombras empezaría a desaparecer, pero non suficientemente porque aínda resta algo que segue planando e é a capacidade de Gas Natural e algúns dos socios de Gas Natural para atrasa-la concepción dos proxectos administrativos.

Porque, señor conselleiro, aquí vostede agora debería dar unha data de autorización administrativa da planta regasificadora. Vostede aquí tería que dicir que dentro de seis meses a autorización administrativa –ou de sete, ou de cinco, ou de tres– unha data para autorización administrativa da planta. Unha data na que vostedes se comprometan a que iso se leve adiante.

E, por tanto, dende aquí vostede contribuíría a eliminar algunhas das sombras que efectivamente hai sobre este proxecto.

Porque xa ve o que adicionalmente plana sobre isto. Plana o feito de que Gas Natural cando entra nesta cuestión, ten unha expectativa de monopolio; e ten, por tanto, unha expectativa de prezos. E neste momento é perfectamente constatable a presión que está exercendo para que non se estableza esta planta regasificadora que en termos empresariais pode ser entendido, en termos políticos rexeitaríamolo, ¿verdade? E, por tanto, por iso apoiamos o establecemento desta planta con conexión ó resto das redes para que –e isto si que é o importante– se poida elixi-lo subministrador. Para que non soamente as centrais de ciclo combinado, senón as industrias de Vigo, de calquera polígono industrial de Galicia decidan cal é o subministrador e eventualmente poidan ir á planta de Reganosa. ¿Por que? Porque vai ser capaz presumiblemente, se son eficaces, de dar un prezo máis adecuado.

E aquí hai unha certa dúbida, señor conselleiro, crea que realmente é así, dúbida honrada de moita xente que cre que estas presións están atrasando o proxecto.

E que ó lado dun interese dalgunha xente –e eu incluso estou disposto a admitir a boa vontade da Xunta de Galicia, estou disposto a admitila– pero ós intere-

ses de investidores anteriores, tal como Gas Natural, presionando diante do Goberno de España e algúns destes accionistas por relacións indirectas son factores que contribúen a atrasar este proxecto.

Quero dicir algo máis. Se vostede necesita apoio político do Grupo Socialista para este proxecto, e falo dende Galicia e dende España, solicíteo nesta Cámara porque para isto llo daríamos.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Caballero.

Réplica por parte do Goberno.

Ten a palabra o señor conselleiro de Industria e Comercio.

O señor CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E COMERCIO (Rodríguez Yuste): Señor presidente, señorías. En primeiro lugar eu agradezo as intervencións dos señores deputados e, particularmente, a intervención do deputado don Abel Caballero, como sempre enormemente constructiva.

Por comezar co deputado don Xosé Díaz, eu comprendo perfectamente que vostede teña preocupacións moi razoables sobre a interpretación, por exemplo do artigo 16 do Real Decreto 6/2000 na que está establecida a cláusula de excepcionalidade aplicada, efectivamente, no caso de Tarragona por Endesa.

Pero, vostede e tódolos señores deputados deben saber que a interpretación dese artigo 16 vai ser feita polo ministerio de Economía con carácter amplo. De tal maneira que aínda que sexa despois do 1 de xaneiro do 2005 a decisión da autorización administrativa correspondente, pódese admitir a trámite o ciclo combinado inmediatamente para ser estudado nese proceso e, por tanto, a Administración pode contestar, para entendermos, ó día seguinte.

Pero ademais deben sabe-los señores deputados, un empeño e un compromiso firme e por escrito de Endesa, que no caso –que non pensamos que se dea– de que iso non sexa posible por unha interpretación flexible do artigo 16.2, Endesa estaría disposta a facer un descarte enerxético para asegurar que os dous ci-

clos combinados de 400 megavattios das Pontes fosen unha realidade.

Pero aínda máis. O compromiso de todos estes empresarios, de todas empresas que constitúen a demanda solvente é firme, en todo caso, en termos de consumo. É firme o compromiso por escrito de todas estas empresas.

Eu penso, señorías, que temos que pensar que están aquí empeñadas na planta de regasificación empresas tan solventes como Endesa, Fenosa, Tojeiro, á parte das institucións financeiras. E que iso non é gratis, e que iso non é por xogos florais, iso é porque lles interesa a estas importantes empresas que sexa unha realidade a planta de regasificación de Galicia. E porque lles interesa van facer neste mesmo mes de marzo –e eu corrijo ó señor deputado, don Abel Caballero– o desembolso do resto de 1.000 millóns de pesetas e a compra de activos por 4.137 millóns de pesetas que son investimentos feitos xa dentro do que é a construción do porto de recollida en Mugar dos.

Estes son diñeiros e estes son compromisos e isto é credibilidade. Grandes empresas, empeños absolutamente comprometidos por escrito e publicamente e desembolsos concretos e xa nos próximos días que dan absoluta credibilidade e non pode ser tomada en modo ningún a miña intervención de retórica, porque eu non fixen máis que dar datos concretos e números concretos probablemente ata aburrir ás súas señorías. Eu non fixen ningunha retórica, fixen un repertorio de empeños e datos concretos destas empresas que eu penso que teñen que te-la credibilidade e penso que agradecemento porque eu levo un ano e pico traballando arreo neste proxecto e podo dicir, aínda que sexa argumento *ad dominum* que o empeño destas empresas é absoluto, non digamos xa do grupo Tojeiro.

Por tanto, credibilidade a través, señoría, dos números, credibilidade a través dos desembolsos dineros importantes destas empresas. Estamos a falar dun proxecto rematado aínda que queden cousas por facer, cousas de trámite por facer.

Proxectos, don Abel Caballero, existen. Proxecto completo detalladísimo nos seus aspectos enxeñerís, de seguridade e medioambientais.

Don Anxo Guerreiro, mire, eu coñezo bastante ben o proxecto porque tiver –por cuestión de oficios e por unha certa devoción persoal polas cousas que están escritas– tiver ocasión de ver en profundidade os aspectos de seguridade e os aspectos medio ambientais. Podo asegurarlles, existen informes técnicos moi precisos que no aspecto da seguridade industrial son absolutos neste tipo de plantas, son mínimos os riscos deste tipo de planta e teño absoluta seguridade, e cando queira a súa señoría podo subministrarlle informes técnicos sobre o particular que non sería cousa de debater aquí.

En canto ó medio ambiente, señoría, pola mesma razón, os efectos medio ambientais son absolutamente mínimos con informes técnicos solventes de todo tipo.

Localización. Mire señoría, aquí as cousas non se trata de ver se a Caneliñas ou a Mugardos. Aquí do que estamos a falar e de se queremos planta de regasificación ou non queremos planta de regasificación. Ese é o asunto capital.

Falar dunha localización alternativa á parte de miles de millóns de investimento, sería dilatar isto para dez anos e dentro de dez anos non temos nada que facer no mercado gasista. Témo-lo que facer dentro dos tres próximos anos e iso sábeno perfectamente as súas señorías, sobre todo os especialistas que aquí están.

Por tanto, non é unha alternativa respecto doutra, iso sería un dilema cornudo –xa que estamos hoxe falando da lóxica medieval–. Iso sería exactamente poñer un mal dilema. Non hai unha localización *versus* outra, senón se queremos planta de gasificación ou non queremos planta de gasificación, esa é a cousa.

Por tanto, señorías, eu agradezo o punto capital de encontro que consiste en que todos queremos a planta de regasificación. Entendo, como é lóxico, as cautelas que temos que ter nos aspectos de seguridade e nos aspectos medioambientais, para iso están os procedementos públicos de información que no próximo mes estarán –como vostedes terán ocasión de ver– nos diarios oficiais e no transcurso normal das administracións.

Temos a absoluta seguridade que a planta será absolutamente aprobada pola Administración xeral do

Estado dentro dos próximos meses, aínda que eu non podo dicir catro meses ou cinco meses. Teño a seguridade moral de que isto será así.

E, por tanto, se todos estamos de acordo, señorías, en que queremos esta planta vital para o futuro enerxético de Galicia, como o deputado Caballero subliñou –moi acertadamente– o que temos que facer é un exercicio de responsabilidade para que dentro das cautelas medioambientais e de todo tipo, e de seguridade, apostemos todos para resolve-lo problema no menor tempo posible.

E non vaia ser que ata agora vostedes nos criticaban por ir lentos, e agora critiquen por ir rápido. E entón o que temos que facer e, permítame esa impertinencia, é facer causa común para que os atrancos administrativos que aínda existen, loxicamente, sexan desvelados no menor tempo posible respectando a disposición de tódalas empresas solventes que temos a través da credibilidade que dan os seus desembolsos dinerarios na próxima semana ou nos próximos quince días.

A partir de aí a Xunta de Galicia ten unha aposta –como non podería ser doutro xeito– absoluta sobre o destino deste proxecto na súa localización óptima da que temos toda a seguridade a través de informes técnicos que será a mellor solución posible. E –insisto– que perfectamente compatible co porto exterior que, por suposto, ten complementariedade e por suposto ten unha vida absolutamente coherente no medio prazo.

Pero –insisto, unha vez máis– se agora facemos un falso dilema entre aquí ou alá, equivale a non leva-la planta ó seu termo que eu penso que será o segundo semestre en funcionamento do próximo 2004.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor conselleiro.

¿Señor Díaz, rolda de réplica? (*Pausa.*)

Unha breve rolda de réplica.

O señor DÍAZ DÍAZ: Como é breve non poderei determe moito, gracias, señor presidente.

Mire, señor conselleiro, en primeiro lugar, primeira afirmación, ¿quen é Reganosa? Unha sociedade que existe e que ten un socio que é o señor Tojeiro. En Reganosa non é socio nin Unión Fenosa, nin Endesa, nin as Caixas, nin Caixa Galicia, nin Caixanova, nin o Banco Pastor, nin Sonatrach, punto. Iso para empezar.

En segundo lugar. No ano 1998 a primeira intervención deste modesto deputado aquí, no primeiro Pleno, foi unha Proposición non de lei pedindo a planta de gas. Fíxese onde imos.

O ilustre señor deputado, o señor Outeiral, que está aí –para que vexan ata que punto chega a manipulación electoral de todo isto– na última campaña electoral ó Congreso atreveuse a presentar unha Proposición non de lei sobre a planta regasificadora, tamén presentou outra sobre Santa Bárbara o que pasa que se ve, señor presidente, que o PP non debe ter cupo para as iniciativas que nunca discutimos aquí as que presentan. Polo tanto, teño que interpretar que certamente debe ser por cuestión e manipulación electoral.

Señor conselleiro, xa a planta valía 23.000 millóns, agora xa vale 38.000 e vostede dixo equivocadamente que ía ter 544 traballadores –paréceme que dixo iso–. Xa, ben, pero entón van ter que vaporizar o gas a man os traballadores, porque eu non creo que unha planta regasificadora teña máis de 20 traballadores. Non se me está dicindo que construídos os dous tal e todo iso si, pero iso é temporal e non é provisional. Polo tanto, eu non me quero parar moito aí.

En segundo lugar, houbo, efectivamente, unha planta pública no ano 1989; o señor Fraga asinou un protocolo co Goberno central no 1992, un convenio no ano 1995 e despois renunciou á planta de gas.

A continuación aparece o proxecto privado do señor Tojeiro. E este deputado presentou aquí unha Proposición non de lei para dotar de peso político e industrial, de viabilizar ese proxecto aquí. Por certo, que se votou en contra pero logo fíxose, efectivamente, un acordo marco en marzo do 2000 e un convenio en xullo do ano 2000 e que segue totalmente incumprido como antes lle demostrei e vostede non me contestou absolutamente a iso.

Miren –remato xa, señor presidente– ¿vostedes imaxinan un matrimonio que non ten fillos discutindo cal é a carreira que van estudar os fillos? Á parte que é unha animalada porque os fillos estudarán o que queiran, é dicir, senón naceron os fillos, ¿que imos discutir onde está a carreira? O problema neste momento é efectivamente se vai haber planta de gas ou non. E é concebible que o señor Tojeiro só –que nunca saíría para diante ese proxecto–, estime que Mugardos é moito máis económico, e punto e acabouse.

Pero agora ben, se este proxecto vai ir para diante e créame que eu neste momento, unha probabilidade de 100.000 e gustárame equivocarme, señor conselleiro. Unha probabilidade de 100.000 de que se leve adiante. Pero se se vai levar adiante vai ser porque vai participar a Xunta, Unión Fenosa, etc. Logo xa non ningún ten sentido ir a un aforro de custos.

¿Por que cre vostede que a planta de gas de Bilbao a poñen no porto exterior? ¿Por que cre vostede que en Barcelona está a planta de gas no porto exterior na esquina de todo e así sucesivamente en Huelva e en Cartaxena? ¿Que motivos hai que se encareza un pouco esa planta se se chegara a facer para poñela nun sitio que é moito máis lóxico?

Mire esta é a aprobación do impacto ambiental da planta de Bilbao. Fíxese que cantidade de follas, aprobada pola Secretaría de Medio Ambiente do Goberno español. Isto, ¿vostede por que sabe que vai aprobar o Goberno español unha planta de gas en Mugardos? ¿Quen é vostede para dicir semellante cousa? ¿Como pode afirmar iso?

E a min sigo, insistindo, o que me preocupa é que haxa planta de gas e que se ese proxecto en vez de recuperarse en oito anos, recupérase en dez...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor DÍAZ DÍAZ: ...dáme igual, pero evidentemente o problema da localización será un problema cando exista o fillo e cando o fillo diga que é o que realmente quere estudar e teremos que estudar os medios para que, efectivamente, poida vir a Santiago aquí estudar.

Pero eu non sitúo o tema...

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

O señor DÍAZ DÍAZ: ...—remato xa, señor presidente— neste nivel porque é que me parece, se cualifico este proxecto de entelequia e teño pouca fe en vostedes que o poidan levar a cabo, porque son inimigos del, porque non queren este país, ¿como vou discutir eu onde se vai localizar? Sería o colmo, ata aí podiamos chegar.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Evidentemente aquí o señor conselleiro fai un compromiso, imos esperar un tempo para saber, vostede pon no mes de abril o desembolso inmediato, quere dicir que dentro dun mes aproximadamente poderemos interpelalo —e nos emprazamos a iso— para saber o compromiso desas empresas coa planta de gas. De acordo, non hai ningunha demagogia nisto é un compromiso, dez días arriba ou dez días abaixo, un mes ou corenta días. O desembolso e o compromiso económico para a constitución desa planta.

Polo tanto, eu non quero xogar a adiviño, eu comparto co señor Díaz e co señor Caballero as dúbidas de que isto se realice. Porque, efectivamente, hai inimigos moi importantes co réxime de monopolio que ten Gas Natural aquí como dixemos ó principio, iso é evidente.

E o problema da demanda estable senón se fan os ciclos combinados xa veremos, se imos ser serios, senón hai ciclos combinados a demanda estable que tería esa planta xa veríamos. Pero en fin. Imos deixar, polo tanto, ese tempo, imos collerlle a palabra.

Pero a segunda cuestión, se me permite o señor Díaz que lle diga que o dos fillos de estudar en Santiago está moi ben, pero naturalmente o primeiro é face-la planta de gas. Pero aquí o señor conselleiro, señor Díaz, afirmou tallantemente, sen dar ningún dato, que o emprazamento en Mugaros é o idóneo e eu quero saber por que.

Porque estamos cansados do seguinte, señor conselleiro. Que grupos privados, con intereses privados comprensibles que queren abarata-los seus custos, nos empracen e chantaxeen os intereses públicos dicindo ou aquí ou non se fai, e iso é mentira. E iso non o pode aceptar democraticamente un goberno democrático. Non pode aceptar esas chantaxes. Non pode. Non debe.

E, polo tanto, iso ten para min moita importancia. Non é un problema de substituí-lo debate planta si ou planta non, por emprazamento. Pero algunha argumentación para o emprazamento haberá que dar.

Porque o propio señor Díaz se contestaba, ó mellor o Goberno español non autoriza a planta nesa ría. Ó mellor o problema do impacto ambiental é determinante para que non se dea a autorización administrativa. ¿Que lle parece?

E eu estou seguro que Gas Natural vai empregar iso contra esa planta. ¿Verdade que si? Polo tanto, o emprazamento ten que ver coa propia concesión administrativa, autorización administrativa porque Gas Natural vai empurrar tódolos resortes que teña contra iso. E ese é o problema.

E non cadre vostede o círculo, señor conselleiro. Non, isto vai para Mugaros, pero ademais o porto exterior de Ferrol vai adiante, non ten problemas. Non diga vostede iso que pasa por ser unha persoa rigorosa. O porto exterior de Ferrol sofre un golpe de morte sen esa planta de gas, un golpe gravísimo porque é a principal mercadoría que debiera de recibir ese porto.

E, polo tanto, eu ó que teño medo, señor conselleiro, é que nos quedemos sen planta regasificadora, sen ciclo combinado e, polo tanto, poñendo en entredito a Endesa e que nos quedemos sen porto exterior de Ferrol. Pero imos coller as palabras, pero non veña vostede aquí nunca a dicir isto é idóneo porque o digo eu, porque vostede sabe que ese é o punto débil e a propia situación da planta vai ser polos inimigos da planta, polos competidores, utilizado polos problemas medioambientais.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Guerreiro.

Gracias.

Ten a palabra o señor Caballero Álvarez polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Gracias, señor presidente.

Señor conselleiro, algúns compromisos vostede adquiriu nesta Cámara, que eu celebro. Celebro porque son compromisos que poden ir asegurando que efectivamente este proxecto progresa.

Algúns aínda poderemos esixir responsabilidades nesta Cámara ou afirmar nesta Cámara que se cumpriron, outros desafortunadamente quizais non. Pero, en todo caso, tomamos nota de que ó longo do mes de marzo, efectivamente, vai producirse o desembolso de 1.500 millóns por parte desta sociedade.

Isto sería sen ningunha dúbida unha luz verde ó proxecto. E se efectivamente os accionistas: Endesa, Fenosa, Tojeiro, Sonatrach, Xunta, dúas caixas, Caixa Galicia, a Caixanova e Banco Pastor. Efectivamente entra neste proxecto, cando menos temos unha seguridade.

E mire eu dicíalle, ó empezar, que isto era moi complicado sen dúbida era tamén o que probablemente tiña menos incertidume. A min ségueme preocupando a autorización administrativa. E ségueme preocupando porque sei que sobre a autorización administrativa se están exercendo moi serias presións. Porque os que tiñan expectativa de funcionamento ou monopolio, Gas Natural, claro, de repente ve que ese monopolio acaba de rematar.

E claro aínda que teoricamente no ano 2003, se non hai planta regasificadora en Galicia o monopolio está asegurado. E, polo tanto, as presións de Gas Natural sobre a concesión de autorización administrativa, están sendo moi importantes. E por isto aquí é onde eu quero centra-la nosa actuación. E é aquí onde tódalas incertidumes poden xurdir eventualmente.

Porque claro, se esta autorización administrativa, efectivamente, se atrasa, poñamos por caso dous anos, o proxecto chega tarde. Porque xa chega cando haxa outras en funcionamento, cando o País Vasco leva tres anos xa de adianto, por tanto, tamén temos unha certa premura para facer fronte a esa evidente ameaza que temos colocada.

E por iso nós tomamos nota das dúas cuestións que vostede formulaba con respecto ó mes de marzo a autorización e con respecto ó mes de abril, a publicación do comezo do proxecto de cara a efectos europeos. Son dous compromisos dos que, efectivamente, poderase tomar nota do seu cumprimento.

Pero sigo insistindo, a sombra máis importante, señor conselleiro, –vostede sabe– está na autorización administrativa. E está na inmensa presión de Gas Natural con accionistas de enorme poder económico e indubidable capacidade de presión política que están exercendo esa actuación.

E aquí é onde lle volvo reitera-la oferta, a oferta en nome do Grupo Socialista. Que estamos dispostos a apoiar dende este Parlamento, neste acto e dende o Parlamento de España cando sexa preciso, o apoio político para a planta regasificadora de Ferrol. Porque ante determinadas presións, os apoios políticos son os que as poden neutralizar.

E, por tanto, tomamos nota da súa intervención, dos seus compromisos, facemos pública a nosa proposta e permaneceremos vixilantes e atentos.

E un argumento adicional, señor conselleiro –e pídlle un segundo ó presidente da Cámara– a Gas Natural hai que dicirlle que dos seus investimentos en Galicia, dos 20.000 millóns de pesetas en gasoducto, tivo subvención (...) de 13.000 millóns e que nos 10.000 millóns de pesetas de distribución hai unha subvención da Xunta de Galicia de 4.000 millóns a fondo perdido. Menos capacidade de presión deberían ter porque a metade do custo do gasoducto foi subvencionado e pagado por fondos públicos de todos.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Caballero.

Rolda de peche.

Ten a palabra o señor conselleiro de Industria e Comercio.

O señor CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E COMERCIO (Rodríguez Yuste): Gracias, señor presidente.

Señorías, efectivamente Reganosa é unha empresa que existe e, efectivamente, é verdade –como xa dixen hai uns minutos– que a ampliación de capital deberase producir neste mesmo mes.

Pero ademais debo subliñar que a compra de activos, de 4.137 millóns de pesetas para o que xa está habilitado o crédito correspondente para, naturalmente, equilibra-lo balance.

Eu concordo basicamente coas súas señorías unha vez máis neste concerto de vontades no que estamos todos para que a planta de regasificación sexa unha realidade non calquera ano, senón o ano 2004.

Son absolutamente consciente, señor Guerreiro, cando falo de seguridade industrial neste caso e de impactos medioambientais mínimos porque, como vostede comprenderá, todo iso dígoos porque estou arroupado cunha chea de informes técnicos que proceden da propia consultoría enxeñeril e da propia experiencia que todos temos sobre este tipo de cousas.

Cando sexa o momento, cando vostedes teñan a ben ou eu de forma voluntaria pida comparecer ante vostedes, eu pediría uns minutos para explicar isto de xeito un pouquiño máis convincente, porque non temos tempo debido á cantidade de complexidade técnica deste tipo de cousas. Pero eu empeño a miña palabra de que os temas de seguridade industrial e os asuntos medioambientais teñen unha repercusión absolutamente mínima. E eu, naturalmente, poderei iso fundamentalo no seu momento absolutamente.

En canto a prevencións, efectivamente, do que sexa o futuro da planta, eu son totalmente consciente de que non teño excesivos amigos no sistema gasístico, por dicir un eufemismo –perdoen que sexa un pouquiño discreto neste caso– son absolutamente consciente como o é a Xunta, evidentemente. E témolo que facer de forma intelixente porque, ás veces, é necesario aborda-los problemas de forma máis ou menos sutil, pero con firmeza.

Eu estou convencido, e xa falo como conselleiro de Industria e Comercio que é a forma en que eu vou alí, ó ministerio, señor Guerreiro, non como calquera cidadán, eu vou cun certo mandato do Goberno da Xunta para facer determinadas preguntas e por iso teño unha certa autoridade, polo momento, para poder

falar que a actitude de Madrid neste caso é, en principio, enormemente positiva. Por tanto, claro, non podo dicir moito máis que esa presenza permante da Xunta de Galicia sobre dos problemas de trámite, está xa a dar resultados que nos próximos meses eu penso que serán xa absolutamente tanxibles.

En canto á chantaxe, eu penso que non se trata de chantaxe, eu estou absolutamente convencido e teño documentación técnica absolutamente clara, no sentido de que o porto exterior non ten as condicións precisas para este tipo de xestión industrial. E, por suposto, terei moito gusto nesa próxima comparecencia pola miña parte aquí, de achegar datos absolutamente contundentes. Pero podería adiantar algún deles.

Mire, a xestión de atraque, descarga e desatraque destes buques, buques que teñen unha enorme obra morta, esixen claramente unha tranquilidade das ondas cunha media de 60 centímetros para entendernos. Porque calquera clase de efecto venturi, ou de pandeo do buque produce nos elementos de engarce e de descarga, efectos absolutamente perversos. E a situación do porto de Mugar dos desde un punto de vista técnico, é óptima.

Iso é así e teño documentos bastantes para, no seu momento, tratar de referendar este tipo de consideracións que eu me permito facer agora sen que aburra ás súas señorías con detalles técnicos.

Por tanto eu tomo –como non podería ser doutra forma– as suxestións das súas señorías, agradezo especialmente a disposición do deputado don Abel Caballero porque, efectivamente, toda a axuda é pouca neste proxecto importantísimo para a nosa terra.

Por tanto, esperemos nos próximos meses, que eu no momento de comparecer aquí, non defraude a confianza que, en principio, entendo que vostedes me dan.

Xa no seu momento poderemos falar de cousas concretas, cousas concretas que foron o meu inicial discurso e cousas concretas que se refiren a un compromiso de resposta á súa axuda, á axuda das súas señorías, neste empeño común de sacar adiante un proxecto estratéxico para o noso país.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor conselleiro de Industria e Comercio.

Pasamos ó punto 5.º da orde día que é de mocións.

MOCIÓN DO G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. XABIER CASARES MOURIÑO, SOBRE AS MEDIDAS QUE SE DEBEN ADOPTAR RESPECTO DO INCREMENTO ANUAL DO NÚMERO DE ACCIDENTES LABORAIS GRAVES E MORTAIS.

O señor PRESIDENTE: A esta moción foi presentada unha emenda por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa desta moción ten a súa rolda o señor Casares Mouriño.

O señor CASARES MOURIÑO: Gracias, señor presidente.

España a día de hoxe segue sendo o país da Unión Europea que conta coa taxa máis alta de sinistralidade laboral. E dentro de España, Galicia tamén a día de hoxe, segue sendo o país que rexistra o maior número de accidentes graves e mortais.

O número de mortos por accidentes de traballo mantense en termos absolutos en niveis parecidos, ou incluso superiores, ós dos anos negros anteriores a 1996, data da entrada en vigor da Ley de Prevención de Riesgos Laborales, digo en castelán porque é unha lei estatal.

Incluso con esta lei á que os sindicatos e mesmo os empresarios, consideran como un instrumento adecuado, non se conseguiu que o número de mortos en accidentes de traballo teñan baixado.

¿Que indica isto? Isto indica indubidablemente que a dita lei é clamorosamente ignorada cando se trata de cumprila e non só pola empresas, senón tamén pola Administración –e isto é moito máis grave– que é a que lle corresponde vixiar para que se cumpra e sanciona-lo seu incumprimento.

Pero non parece que cos medios dispoñibles se poidan alcanzar estes obxectivos, e disto falaremos.

O sistema sancionador resulta totalmente ineficaz, non hai suficientes inspectores para vixiar e, por outra banda, non se consegue cobrar unha parte importante das multas que se impoñen. Fixémoslle unha pregunta ó señor conselleiro de Xustiza, cando presentamos a interpelación que deu motivo a esta moción e non foi capaz de respondernos sobre esta pregunta.

Resulta, pois, indispensable un sistema eficaz, capaz de executa-las sancións, cando existe incumprimento da norma, ou de activa-los mecanismos da xustiza, cando existan indicios de delicto. Tamén habería que esperar do ministerio público unha maior dilixencia na persecución de condutas que por acción ou omisión poñen en perigo a vida das persoas no traballo. O cumprimento da lei, tería que ser un factor básico e o primeiro paso para loitar contra a sinistralidade laboral, tal e como deixamos patente na nosa interpelación do Pleno pasado no que atopamos un conselleiro pouco convincente e pouco motivado nas respostas que nos deu.

Non imos abondar nas cifras, xa que consulte a estatística que se consulte, son do máis elocuentes, a pesar da lectura que nas interpelacións, nas proposicións non de lei que aquí demos en varias ocasións, e a pesar da recomendación que onte nun medio de alcance nacional, nun periódico de alcance nacional, o director do Instituto Nacional de Seguridade e Higiene en el Trabajo, que depende do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, tratábanos de ilustrar nun artigo que dicía como interpreta-las estatísticas dos accidentes de traballo. É dicir, víñanos ilustrar que se podían interpretar dun xeito onde as cifras que nos poñen nunha situación con respecto a Europa realmente fóra de sitio puideran ter unha interpretación que as puidesen adoazar un pouco.

Polo tanto, no que hai que incidir son naqueles aspectos que ademais do incumprimento da lei, inciden en provocar que esta situación non varíe para mellor. Algúns destes aspectos son –como temos comentado– a precariedade no traballo, os traballadores cun contrato temporal, sofren un maior número de accidentes laborais, e tamén se mire a estatística que se mire.

No ano 1998, os contratos temporais supuñan un 92%, os indefinidos un 8%, e as taxas de sinistralidade estaban para os traballadores que estaban en traba-

llos temporais nun 64,8% e para os indefinidos nun 33,6%. As cifras non teñen mellorado en anos sucesivos. Os traballadores cun ano de traballo tanto na empresa como no seu posto, sofren o 50% dos accidentes laborais.

Outra das cuestións que inciden sobre estas taxas é a recorrencia continua á modalidade de subcontratación. Neste aspecto ás empresas subcontratadas míraselles, dalgunha forma, trátase de incidir sobre os materiais, sobre os prazos de execución, pero non se fai ningún fincapé nas taxas de sinistralidade que ten esa empresa. Por outra parte, estas empresas tentan reducir gastos en seguridade e prevención para ser máis competitivas, o cal supón un agravio comparativo coas empresas que invisten neste sentido porque investir en seguridade e investir en prevención, desde logo, supón unhas contías realmente importantes.

Outro dos aspectos que inciden é o número insuficiente de inspectores para o desenvolvemento efectivo e eficaz das súas tarefas. Téñase en conta que en Galicia, contamos nestes momentos con 39 inspectores que teñen que te-las súas vacacións, que supoño que terán baixas laborais, para levar adiante unha serie de actuacións para o que son indubidablemente insuficientes, en temas de prevención de riscos, como é promover e asegura-las empresas, velar polo cumprimento da normativa, sanciona-lo seu incumprimento cando se produza, controla-las contratacións laborais, controla-las altas da Seguridade Social, controla-las ETT. Indubidablemente, con este número de inspectores, dificilmente poden acometerse todas estas tarefas.

Tamén faciamos referencias ás PEMES, que non teñen a capacidade suficiente por si mesmas para levar adiante programas de actuación nestas materias, e estamos falando do 95% das empresas de Galicia que empregan a un número importante de traballadores. Queríamos facer tamén fincapé na existencia dun bo número de traballadores, que ademais de sufrir estas eivas que estamos a comentar, teñen un factor engadido de risco, son aqueles que traballan en empresas en crise económica, que os coloca, ós traballadores, en situación de indefensión xa que traballan en empresas en situación de precariedade que en moitas ocasións non dispoñen de cartos para paga-la Seguridade Social, para facer fronte ás nóminas a finais de mes e que, polo tanto, tampouco van dispor de cartos para

levar adiante planos de prevención que adoitan ser caros e que, ás veces, requiren cambiar maquinaria ou variar infraestruturas.

Aquí quedan expostos, polo tanto, algúns dos factores que inciden en que as taxas de sinistralidade, as taxas de accidentes graves e as taxas de mortes producidas no traballo, non se reduzan. Incidindo sobre estes factores consideramos que se poderían da-los primeiros, só os primeiros pasos para tratar de empezar a reducir estas taxas.

O que nós propoñemos nesta moción, é que a Xunta de Galiza, a consellería de Xustiza que é a que ten competencias nesta materia, se poña ó día nuns deberes que ata agora non fixo, porque nós cremos que se se toman certas medidas, que se se incide positivamente nestas cuestións que nós vimos formulando nesta moción, desde logo conseguiríase reducir esa taxa. O que non se pode é quedar instalados en que os accidentes laborais, as mortes no traballo, son produto da fatalidade, o que hai que facer é darlle poucas facilidades á fatalidade.

Baseándose nisto, na nosa moción, instamos ó Parlamento de Galicia a que inste á Xunta a que na licitación pública se teña en conta, como dato a valorar para a contratación, a baixa sinistralidade laboral das empresas licitantes, que se incremente o número de inspectores no número suficiente para que poidan desenvolver adecuadamente o seu labor fundamentalmente no que fai referencia ó capítulo de prevención de riscos laborais. Que se elabore un plano de prevención de riscos para as empresas en crise, e que se inspeccionen tódalas empresas subcontratadas para verificar que se cumpran con tódolos requisitos da lei en prevención de riscos laborais.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Ten a palabra o señor Merino Mejuto do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para a defensa da emenda.

O señor MERINO MEJUTO: Señor presidente, señorías.

Refería, ou comentaba o señor Casares na súa intervención un artigo dun director xeral nun medio de comunicación estatal, no que pretendía facer unha lectura da accidentalidade laboral que puidera ou que permitise unha presentación máis suave, ou en fin, cuns ribetes menos escandalosos do que en si mesmo se desprenden destas cifras.

Pero sucede, que aquí no noso país, nin sequera se pretende isto. Realmente o que pasa coa sinistralidade laboral é escandaloso. O conselleiro con motivo do debate da interpelación no Pleno pasado, tivo moito interese en desmentir unha frase que apareceu recollida nos medios de comunicación na cal se lle atribuíu unha declaración que supoñía atribuír á fatalidade, ou á mala sorte as causas dos accidentes laborais.

Tivo moito interese en desmentir isto, pero en cambio non tivo interese, e xa no Pleno e en Comisión temos debatido diversas iniciativas sobre esta cuestión, e en cambio non tivo tanto interese, o señor conselleiro, en dar, en contesta-los datos, por outra parte, creo que son claros, e que non teñen, non se prestan a máis ca unha interpretación unidireccional –repito– non gastou moito tempo en desmenti-los datos por outra parte abrumadores, que se desprenden das estatísticas de accidentalidade laboral.

Eu, á vista desta situación non teño máis remedio que atribuírle ó conselleiro e á Xunta de Galicia, non xa que pense que os accidentes laborais son consecuencia da fatalidade ou da mala sorte, senón que non hai vontade política para atacar esta cuestión e para dar unha solución, ó menos, ó cumprimento da lei. Porque eu, e aí creo que coincido co señor Casares, creo que cumprindo a lei empezaremos a saber por onde temos que movernos para avanzar no camiño de ir resolvendo esta cuestión.

Hai que facer un pequeno recordatorio porque se a Xunta non ten nestes momento os deberes feitos, hai que recordar que o que se leva feito neste terreo non é por propia iniciativa da Xunta de Galicia, senón que vén derivado de decisións doutras institucións, nunha Lei de Prevención de Riscos laborais de carácter estatal de 1995, que a día de hoxe está sen cumprir, non se cumpre en Galiza. No ano 1998, o Plano Estatal de Prevención de Riscos Laborais, no cal hai un mandado ás comunidades autónomas, para que fagan planos

específicos a nivel das comunidades autónomas. E por fin, en 1999, a Xunta presenta un Plan de Acción sobre a Sinistralidade Laboral, un Plan 1999-2000, que rematado, estamos en marzo do 2001, este plano está basicamente sen desenvolver por parte da Xunta de Galiza. Se non se cumpre por parte da Xunta de Galiza, que podemos dicir daqueles que están obrigados a cumprilo nas empresas, nas institucións, etc, etc.

Pois ben, fronte a ese panorama temos por outra parte, e convén recorda-los datos, porque eu creo que é necesario, os datos de accidentalidade laboral. Dende 1996 a accidentalidade laboral, a sinistralidade laboral no noso país, vén aumentando de maneira moi significativa, quero recordar, aínda que sexa someramente, as cifras moi por riba: en 1996, houbo un total de 30.768 accidentes laborais e na última estatística do ano 2000, a cifra, cada ano foi subindo de maneira continuada, a cifra foi, 43.590 accidentes laborais.

Ben, aí está a cuestión, temos un incremento da accidentalidade laboral, temos unha Lei de Prevención de Riscos Laborais, temos un Plan de Acción sobre a Sinistralidade Laboral, pero non se cumpre, nin se vixía o seu cumprimento. Entre as medidas que anunciou a Xunta, para poder acometer dalgunha maneira algunha acción neste terreo, unha das que anunciou, con moita énfase, foi o Plan 1100. Tratábase de escoller aquelas empresas que nas estatísticas reflectían unha maior accidentalidade laboral, facer unhas visitas de inspección co fin de comprobar se existían os medios adecuados e se se cumpría, se as condicións de seguridade nesas empresas estaban ó nivel dos requirimentos da Lei de Prevención estatal.

Pois ben, desas 1.100 empresas que se contemplaban no plano, na visita realizada polos inspectores de traballo, efectivamente, como dixo o señor Casares, inspectores de traballo, da Inspección de Traballo que non depende da Xunta e que se ocuparon deste plano, ó tempo que tiñan que seguir ocupándose das outras cuestións que abarca toda a problemática sociolaboral, só 109 empresas das 1100 non manifestaron deficiencias a propósito do cumprimento da lei. O que é máis significativo e máis grave, nunha segunda visita comprobouse que 421 empresas desas 1100, a incidencia da accidentalidade, elevábase en lugar de reducirse.

Este dato creo que é tamén moi significativo e é moi significativo á vista, efectivamente, das carencias e das necesidades que temos. Porque, en primeiro lugar, convén sinalar que se a lei non se cumpre é entre outras razóns porque non se coñece, porque moitos empresarios desaprensivos consideran que non é un problema non cumpri-la lei á hora das súas contas de beneficios, moi ó contrario, unha pequena multa, no caso de que algunha vez se teña que satisfacer, pode compensa-los investimentos non realizados, é unha forma de pensar que, por suposto, non comparten tódolos empresarios e, nese sentido, hai outros empresarios que si cumpren e si consideran que o investimento en seguridade é un investimento, é un activo para a propia empresa, non xa polo custo social que teñen os accidentes senón polos custos económicos, os custos en coñecemento, etc, etc., en experiencia laboral.

Non hai inspectores suficientes, iso xa se sinalou, os inspectores teñen que acometer moitísimas tarefas para a problemática sociolaboral, e non hai inspectores suficientes.

Non hai recursos para as Pemes, esta era unha das cuestións que estaban no Plano de Acción sobre a Sinistralidade Laboral, 1999-2000 que non se cumpriu, non hai recursos nin hai consignacións presupostarias, é dicir, que non hai previsión pese a estar aprobado o plano.

Porque temos que recordar, convén recordar –eu díxenllo o outro día no debate ó conselleiro– que os presupostos de seguridade e hixiene da Xunta de Galicia, veñen sendo inferiores cada ano dende 1999. No 2000 baixou o presuposto de seguridade e hixiene e en 2001, baixou o presuposto de seguridade e hixiene. Eso, é dicir, sen que os orzamentos da Xunta, inclúsen as partidas correspondentes para facer cumprir o Plano de Acción sobre a Sinistralidade de onde chego eu á conclusión, xunto co debate que tivemos o outro día co conselleiro, é que chove sobre mollado neste terreo, que non hai vontade política para acometer unha solución a esta cuestión.

Pois ben, esta é a cuestión, pero hai outro aspecto dos accidentes laborais que eu creo que é necesario recordar tamén, porque non se trata. Como é obvio, en primeiro lugar trátase do drama social que supón

para moita xente, para familias, para as empresas, para a sociedade no seu conxunto, pero que hai un custo económico engadido que son, por exemplo, as cifras de xornadas non traballadas. No ano 1999, 1.300.000 xornadas non traballadas, que xunto coas indemnizacións, xunto coas ILT, etc, estamos falando de cifras billonarias, cifras billonarias que se resolven ou se lles dá unha resposta orzamentaria de 200 millóns de pesetas.

Señorías, con este panorama, non podemos falar en serio desta cuestión e –repiito– estamos ante un tema dunha transcendencia e unha envergadura económica enorme. Como sinalou tamén o señor Casares, o 34% dos traballadores que teñen un contrato laboral temporal sofren o 60% dos accidentes laborais.

En definitiva, estamos nunha situación que require unha acción decidida da Xunta, que require unha acción que dote ós programas dos medios dos que neste momento non se dispón e, sobre todo, necesitamos as medidas políticas para que a vontade política de fondo, poida permitir un cambio cualitativo na situación.

Por iso nós presentamos unha emenda, unha emenda de adición á moción presentada polo señor Casares, defendida polo señor Casares en nome do Grupo Socialista, porque cremos que estando de acordo coas medidas que se propoñen na moción, cremos que hai un fondo do asunto...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor MERINO MEJUTO: ...que convíña non esquecer neste momento, de tipo político e de tipo económico, que sería necesario ter en conta neste momento.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Merino.

Ten a palabra o señor Pedrosa Vicente polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PEDROSA VICENTE: Señor presidente, señorías.

Antes de posicionarme sobre o contido da moción presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, creo

conveniente facer unha serie de consideracións, ou puntualizacións debido á transcendencia da temática que nos ocupa.

Tal e como se formulou o debate, vertéronse unha serie de valoracións sobre as actuacións do conselleiro, da consellería, que están fóra de lugar con afirmacións e adxectivos inapropiados, tales como a súa autocomplacencia, ou falta de sensibilidade nun tema tan delicado como é este da sinistralidade laboral.

Non me vou deter nin un instante en demostrar que iso é falso, evidentemente ofendería á dignidade e intelixencia desta Cámara, con intentar probar que a Xunta lamenta todas e cada unha das mortes e lesións que se producen.

Pois ben, na técnica parlamentaria e no debate parlamentario, débese admitir, e admítese a lóxica discrepancia, o que non se pode admitir en ningún caso é que a oposición parlamentaria confunda a discrepancia coa lixeireza nas súas valoracións. De ningunha maneira nos parece correcto que se tome ó conselleiro de pouco rigoroso nestas cuestións cando demostrou en repetidas ocasións a súa constante preocupación polos temas que afectan á seguridade e mellora das condicións de traballo en Galicia.

Ben, feitas estas reflexións introductorias, paso a pronunciarme sobre cada un dos puntos que vostedes propoñen na súa moción.

En relación ó primeiro punto no que se solicita que na licitación pública se teña en conta como dato a valorar a baixa sinistralidade das empresas licitantes á hora da contratación, teño que recordarlle ás súas señorías, dous conceptos importantes en materia de contratación que hai que ter presente en todo momento: un, é a competencia para contratar, é dicir, as limitacións á facultade de contratar coa Administración, que evidentemente tanto o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, como a Lei de Prevención de Riscos Laborais, establecen unha serie de limitacións para contratar coa Administración pola comisión de delitos ou pola comisión de infraccións administrativas moi graves, en materia de seguridade e saúde no traballo.

Outra cousa é o que vostedes solicitan nesta moción, que é utiliza-la baixa sinistralidade como crite-

rio técnico para a adxudicación nos pregos de cláusulas administrativas particulares, aspecto este último que está totalmente prohibido. Como todos saben, señorías, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que é o máximo órgano consultivo en materia de contratación, establece un informe, que vou ler literalmente, que di: “A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa entende que o índice, cláusula ou aspectos relativos á sinistralidade laboral nas empresas, non poden ser tomadas en consideración nin como requisitos de solvencia técnica, nin como criterios de adxudicación do concurso nos contratos de obras, todo isto por opoñerse a unha directiva da Comunidade Económica Europea, que é a directiva 37/1993 da Comunidade Económica e á propia interpretación xurisprudencial da mesma, realizada polo Tribunal de Xustiza das comunidades europeas, e a propia Lei de Contratos das Administracións Públicas.”

Respecto ó punto segundo da moción, que se solicita que se incremente o número de inspectores en número suficiente, pero que poidan desenvolver adecuadamente o seu labor, fundamentalmente no campo da prevención de riscos laborais, quero manifestarlle igualmente á súa señoría, que a Inspección de Traballo e Seguridade Social, depende organicamente do ninisterio de Traballo e Asuntos Sociais, e entre as competencias desta, figuran entre outras, a provisión de postos de traballo, a designación de cadros de persoal, etc, etc.

Feitas estas consideracións, durante o ano 1998, a Xunta de Galicia, dirixiuse ó Ministerio de Traballo, instándolle para incrementa-los efectivos da Inspección de Traballo na comunidade autónoma galega. A consecuencia destas actuacións e o froito das mesmas, durante os anos 1988 e 1989 incrementouse o cadro de persoal en 11 inspectores máis o que equivale a un incremento superior ó 25% do total.

A maior abundamento, seguindo esta progresión ascendente, pola Orde de 14 de febreiro de 2001, publicada no BOE do 27 de febreiro deste mesmo ano, polo tanto hai a penas uns días, convocouse un concurso para a provisión de postos de inspectores, no que se contemplan dous para Vigo e pola mesma orde convócase a concurso para a provisión de postos de xefe de equipo da inspección correspondendo un á

Coruña e dous a Vigo. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia asinou un convenio co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no que se configura a Comisión Territorial da Inspección de Traballo. Esta Comisión ten como obxectivos establecer os programas nos planos de actuación, así como controlar o cumprimento dos mesmos fixando como prioritario o tema de prevención de riscos laborais.

Non obstante, quixera sinalar, e sen restar importancia á facultade de control da Inspección de Traballo, que polo feito de haber maior número ou menor número de inspectores, non vai incidir na sinistralidade laboral, porque un dos elementos primordiais, non só é o incremento dos inspectores, senón que hai que ter en conta outros razoamentos, como poden ser a concienciación e mentalización, a formación, a información e a vontade no cumprimento da norma.

Pasando xa ó terceiro punto da moción no sentido de que se elabore un plano de prevención de riscos para as empresas en crise, tampouco se pode aceptar, porque a consellería vén traballando desde hai tempo na elaboración dun plano de prevención de riscos, e polo tanto o seu pedimento é innecesario por tratarse dunha política que está perfectamente cuberta coa propia xestión da consellería.

Para isto vense desenvolvendo entre outros, os seguintes planos, coa pretensións de incidir maioritariamente neses sectores ou empresas con maior índice de sinistralidade, por citar uns cantos, podemos mencionar o Plan Específico da Inspección de Traballo e Seguridade Social e outro dos centros de seguridade no sector da construción, tamén o Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral, Proxecto 1100, consistente en visita-las empresas con maior accidentabilidade en Galicia coa finalidade de promover a xeneralización e o cumprimento real da normativa de prevención e así reducir a súa taxa de sinistralidade. Tamén o Proxecto 10000 para empresas de menos de 10 traballadores, proxecto que se poñerá en marcha ó longo deste ano.

Por último, en canto ós planos, tamén o Plan Galego de Prevención de Riscos Laborais para o sector pesqueiro para executar no presente ano, que entre outros obxectivos ten a implantación progresiva dun-

ha cultura preventiva, isto é fundamental, a implantación dunha educación preventiva, sensibilizar igualmente ó sector de que a organización preventiva é un instrumento esencial para realizar un traballo seguro e mellorar a calidade de vida e adquirir uns coñecementos en materia de prevención de riscos para modificar aquelas condutas perigosas.

Pois ben, á vista destes datos, a única dúbida que me queda sobre esta cuestión é se a proposta formulada responde ó descoñecemento por parte do Grupo Socialista do contido e medidas destes planos.

Por último e respecto ó cuarto punto da moción, no sentido de se se inspeccionan tódalas empresas subcontratadas para verificar se cumpren os requisitos da Lei de Prevención de Riscos, significarlle que a vixilancia e control dos contratistas e subcontratistas xa son obxecto dunha acción especial por parte da consellería.

Por outra banda, hai que recordarlle á súa señoría, que a normativa en prevención de riscos laborais, estende a súa responsabilidade non só ós traballadores da empresa principal, senón tamén a aqueles traballadores das empresas coas que contrate, e neste sentido, a Administración pública nas súas actuacións de vixilancia e control, actúa sobre tódalas empresas con independencia do réxime de contratación.

Polo que respecta á emenda formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, teño que dicir que tampouco é merecente de ser aceptada. Fala de unificar nun único departamento as distintas responsabilidades en materia de seguridade e saúde laboral. Quero lembrarlle que a Lei de Prevención de Riscos Laborais, tanto no seu artigo 5 como no seu artigo 11, establece a necesidade de colaboración permanente e coordinación en tódalas actuacións administrativas competentes tanto en materia laboral, en materia sanitaria, e en materia de industria para unha máis eficaz protección de seguridade e saúde dos traballadores e nunca esixe a unión orgánica dos distintos departamentos que hoxe teñen competencia na materia como vostede establece na emenda.

Xa en conclusión, señorías, para rematar, a consellería non é insensible nin se autocomprace nin carece dunha política firme e coherente en materia de seguridade no traballo, proba disto é que as accións que está

a desenvolver, deron como resultado unha desaceleración clara, xa que o incremento do 5,27% nos accidentes laborais do ano 2000 é bastante inferior ó 13,09% do ano 1999.

Polo tanto é clara a desaceleración que se produciu durante o ano 2000, respecto ó ano anterior. E no que se refire ós accidentes graves, a sinistralidade, diminuíu nun 8,61% e por sectores, ademais de baixar no sector agrícola, industrial e de servizos, destaca no sector da construción, onde os accidentes mortais diminuíron, practicamente, á metade.

Máis nada. Con tal motivo, rexeito a moción.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pedrosa.

Rolda de posicionamento respecto das emendas.

Ten a palabra o señor Casares Mourino polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor CASARES MOURINO: Ben, eu certamente, non teño a sensación de ter ofendido na miña intervención ó señor conselleiro de Xustiza, nin tan sequera era esa a miña intención, de calqueira xeito, se aquí algo dixen que puidese ofender un debate político sobre un tema importante, rectifico aquelas palabras que puidesen ser ofensivas, pero xa digo que non é esa a sensación que eu teño.

Eu tampouco dubido que, ante un tema desta gravidade o señor conselleiro se preocupe, seguro que se preocupa, pero nós o que lle pedimos aquí é que se ocupe dunha cuestión que nos pon unhas taxas realmente importantes. No resto, con respecto ó resto do país e con respecto á Unión Europea a que pertencemos. Nese aspecto queríamos que se cumprise cos deberes, que se fixesen os deberes.

Dabamos catro aspectos que consideramos inciden en que teñamos as taxas de sinistralidade, de mortalidade, de accidentes graves que temos, que son importantes, poñemos catro aspectos que nós pensabamos que eran facilmente asumibles se houbera vontade política de afrontar con rigor este tema.

Vostede di que as bases de contratación, que non se poden facer, xuridicamente, etc. Mire as bases de contratación, establécenas a Administración. Iso quere dicir que a Administración pode establece-las bases de contratación e por exemplo para contratar unha empresa, pode pedir que teña unha baixa sinistralidade laboral, pode incidir sobre o aspecto do impacto medioambiental, que pode ser outro factor, a calidade do traballo, etc.

Logo fala dos inspectores que estes os nomea ou fai as oposicións o Goberno central, e que vostedes teñen insistido e que incluso está previsto que se incrementen catro inspectores máis de aquí a uns meses. Posiblemente teñan vostedes que insistir moito máis ante a Administración central, porque incluso con estes catro novos inspectores que vostede acaba de anunciar desde esta tribuna, seguen sendo poucos para o traballo que teñen que realizar, e posiblemente teñan que seguir insistindo.

Logo fala vostede de que xa hai uns planos de prevención, falo do Proxecto 1100 dotado cunha cifra ridícula de 20 millóns de pesetas que iso xa nos indica a importancia que se lle dá a iso, fala vostede do Proxecto 2001, para empresas de alto risco, aquelas que teñen unha incidencia de accidentes laborais no 50% superior ás empresas do seu mesmo sector, que posiblemente tiñan que ser sancionadas, pero falan vostedes dun plano, do Proxecto 2000 coa cifra ridícula de 25 millóns de pesetas.

Pero mire, como dicía o señor Merino, para levar adiante unha política seria e rigorosa neste aspecto hai que ter vontade política. A vontade política queda reflectida, fundamentalmente, nos orzamentos que se dedican para os programas que se queren facer.

Mire, para o ano 2001, investimentos e materiais para planos de prevención, 80 millóns de pesetas, isto xunto coas cifras que lle acabo de dar fai un momento dos planos que vostede aquí anunciou, isto non chega absolutamente nin para face-lo máis mínimo traballo para valorar o que está pasando nas empresas galegas en temas de sinistralidade laboral.

Iso é vontade política e por iso nós, non dubidamos que o señor conselleiro se preocupe, porque é un tema preocupante, o que si lle pedimos é que se ocupe.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Procedemos a vota-la moción. Ocupen os seus escanos, por favor.

Non manifestou se incorpora ou non a emenda.

O señor CASARES MOURIÑO: Si aceptamos as emendas que presenta o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Entón procedemos a vota-la moción tal e como está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* incorporándolle a emenda de engádegas que contén dous puntos que foi presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ponse a votación a moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 35.

O resultado é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

Señor Pedrosa, voto negativo.

MODIFICACIÓN DA ORDE DO DÍA.

O señor PRESIDENTE: Debo comunicar á Cámara que foi solicitada polo autor o aprazamento da pregunta número 17.589, que figura en segundo lugar dentro dos puntos de preguntas.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. DOMINGOS MERINO MEJUTO, SOBRE AS MEDIDAS QUE DEBE ADOPTA-LO GOBERNO GALEGO RESPECTO DO BALANCE DO ANO 2000 EN MATERIA DE DESEMPREGO E A SÚA EVOLUCIÓN EN GALICIA RESPECTO DO RESTO DO PAÍS.

O señor PRESIDENTE: Existe unha emenda que foi presentada polo Grupo Parlamentario Socialista a esta moción.

Ten a palabra o señor Merino Mejuto para a defensa da moción.

O señor MERINO MEJUTO: Señor presidente, señorías.

Conscientes como estamos das dificultades, deficiencias e problemas estruturais que temos no terreno socioeconómico, hai un consenso bastante xeneralizado a propósito da necesidade de que Galiza, de que o noso país, se fixe como obxectivo, o conseguir a converxencia en determinados indicadores socioeconómicos coas medias estatais europeas da materia.

A interpelación presentada no Pleno pasado, pretendía incidir nesta cuestión, e era unha chamada de atención sobre unha situación que cremos especialmente significativa, e na que notamos unha falta de reacción da Xunta de Galicia. Falta de reacción porque recordarán as súas señorías, que a interpelación, estaba baseada nos datos de desemprego do ano 2000. Estes datos realmente contiñan elementos claramente preocupantes sobre unha situación que, efectivamente, desde o noso punto de vista hai que tomar en conta e hai que tomar medidas que permitan varialas significativamente.

O desemprego no ano 2000 baixou en 166 persoas, hai que recordar que no conxunto do Estado a taxa de desemprego baixou 3 puntos e medio, aquí só baixou 12 décimas; que temos unha taxa de paro á luz deses datos do paro rexistrado, 3 puntos superior á media estatal, que a taxa de paro feminino igualmente estamos 3 puntos por riba da media estatal; que significativamente no ano 2000 os contratos rexistrados, foron 2 puntos menos que no conxunto do Estado. Mellor dito, houbo retroceso no conxunto do Estado, pero aquí o retroceso foi aínda superior, 2 puntos máis que no Estado, que na media estatal; e que nos contratos indefinidos, houbo un retroceso do 21, case o 22% sobre o ano anterior. Só o 7,5% dos contratos foron de carácter indefinido, fronte ó 8,76% rexistrado no Estado.

Pois ben, á conselleira non lle gustaron estes datos, e preferiu ampararse na Epa. Eu, realmente, xa non

utilizara os datos da Epa, que tiñamos e temos á nosa disposición, obviamente, porque sabidos os cambios metodolóxicos introducidos na elaboración dos meses, estes non cobrarán plena coherencia ata que coñezamos os correspondentes ó primeiro trimestre do ano 2001. Pero creo que postos a facer un balance e postos a chama-la atención sobre unha situación que eu considero especialmente –como dixen antes– especialmente significativa, creo que, os datos Epa, nos introducen ou nos permiten introducir un balance comparativo da situación agora que está moi de moda por parte da Xunta, face-lo balance, collendo períodos un pouco, sen moita coherencia, pero quizais a teña, pero desde logo, moi pouco explicables os balances e os perigos que colle para a comparación dos datos a Consellería ou a Xunta no seu conxunto.

Pero creo que é significativo poder comparar os datos do momento da toma de posesión do Goberno da Xunta do señor Fraga Iribarne e o momento actual. Datos que nos permiten saber que a poboación activa de 1990 á de hoxe, temos 29.000 persoas menos de poboación activa, unha taxa de actividade 2 puntos menor; 42.000 ocupados menos, 3 puntos menos de ocupación; 24.000 parados máis e unha taxa de paro 2 puntos superior á que había no momento da toma de posesión do señor Fraga.

Se nos comparamos cos datos estatais, a cousa non é mellor. Estamos por primeira vez, tanto en datos EPA, como en datos de paro rexistrado, por riba das medias estatais, en datos de emprego e desemprego, todos eles son mellores nas medias estatais que os datos de Galiza e este é outro elemento, efectivamente, que incide no que eu sinalaba ó principio da necesidade de converxencia e como estes datos nos sinalan que esta converxencia lonxe de conseguirse, o que estamos é diverxendo neste momento. Se nos comparamos cos datos europeos, a situación é moito máis desfavorable. Pero sobre iso falaremos máis adiante.

Por todas estas razóns, resultou moi sorprendente unha rolda de prensa da conselleira de Familia e Emprego na que dando a coñecer, por certo de maneira bastante triunfalista dos datos da Epa do cuarto trimestre, fixo a seguinte afirmación que tomo dos medios de comunicación: “Galicia está nun proceso de reconversión da súa economía. A economía galega era anticuada e o mercado laboral ambiguo.”

Son frases, evidentemente que no podo interpretalo pensamento da señora conselleira, pero non resisten a mínima análise coa realidade, menos á luz do que acabo de sinalar, dos datos comparativos de 1999, de 1990, seguramente, a señora conselleira, referíase á economía anticuada e ó mercado laboral ambiguo de 1990, é dicir, cando tiñamos o panorama que acabo de describir.

Hai unha teima por parte da Xunta en considerar atrasada aquela situación en función do peso do sector primario no conxunto da economía. Ben, permítame que discrepe desta cuestión, pero en calquera caso o que si convén ó tomar en conta os datos de hoxe, que saiban cal é a realidade dos datos de hoxe, desta economía moderna e este mercado laboral non ambiguo. A día de hoxe, a taxa de asalarización galega, é dicir das persoas con emprego asalariado, é a máis baixa de Europa. O 29% nunha sociedade na que só 42 de cada 100 persoas en idade de traballar, teñen ocupación; na que só o 19% das persoas en idade de traballar, teñen un contrato de carácter indefinido, por certo en calquera das súas versións, tanto inicial como consecuencia das sucesivas reformas laborais.

Ben, esta é a realidade do mercado laboral e esta é a situación que dá orixe, que dá sentido a esta moción consecuencia da interpelación. Porque seguimos pensando, seguimos a opinar, que esta situación require actuacións e actuacións decididas por parte do Goberno galego e do Parlamento. Así poderíamos preguntarnos, á vista desta situación, onde está a defensa dos sectores produtivos, a potenciación dos servizos públicos básicos, incluídos os servizos sociais, sociosanitarios, etc. Onde están as medidas coherentes de apoio á compatibilización de familia e traballo, tan necesarios nun mercado de traballo como galego, coa creación de redes de garderías, escolas infantís, residencias asistidas, hospitais de día, etc.

Onde están as políticas de redución da xornada laboral e implantación de 35 horas, sabemos iso si, que hai tres comunidades no Estado Español, onde non queren oír falar das 35 horas, unha delas Galiza, por suposto, unha medida que non é unha medida que resolva o problema do desemprego, pero si que é unha medida que vai na boa dirección dun emprego digno, que vai na boa dirección de, efectivamente, conseguir un incremento do emprego, xunto con outras.

Onde están as medidas de formación e inserción para desempregados que non teñen prestación, por certo cada vez máis numeroso este colectivo en función das reformas laborais e da introducción da precariedade no mercado de traballo e que inclúa esta falta de prestación un salario social.

Onde están as políticas de loita contra a precariedade laboral. E onde está en definitiva, a loita contra o desemprego e as medidas socioeconómicas polo crecemento e o emprego.

Presentamos, xa que logo, unha moción que ten como obxectivo que o Parlamento, que a Xunta presente no Parlamento unha serie de medidas pero que estas teñan como base a potenciación dos sectores productivos e as especificidades e potencialidades da nosa economía. Condición que ata o momento non tivo ningunha das medidas acometidas polo Goberno da Xunta de Galicia e que cremos que é unha das causas de que ó non ter en conta a nosa realidade, non inciden, realmente as medidas adoptadas en 1998, o que fixeron foi que o panorama que teñamos hoxe, sexa o descrito, aforro outros comentarios, seguramente na segunda intervención poderei completalos.

Pero que –repito– a moción, a partir destas medidas que solicitamos, debería fixarse algúns obxectivos que deberían posteriormente ser aprobados no Parlamento coa intervención de tódolos grupos parlamentarios e que debían ser, por suposto, incrementar a taxa de actividade, hoxe 2 puntos por debaixo da media estatal e 13 puntos menor que a media europea; reducir a taxa de temporalidade na contratación apostando porque os postos de traballo estable sexan cubertos con contratos indefinidos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor MERINO MEJUTO: ...–remato, señor presidente– apostar decididamente pola redución da xornada laboral a 35 horas; reducir a taxa de desemprego de longa duración; a creación de emprego estable en actividades de futuro; aumenta-la taxa de emprego entre a mocidade; e a mellora do emprego feminino.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Merino.

Existe a esta iniciativa unha emenda presentada polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Villarino Santiago para a defensa da emenda.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, a emenda do Grupo Socialista, ten como obxectivo concretar algunhas medidas xa presentadas por nós noutras iniciativas. Queriamos levala un pouco en termos do concreto, para mellora-la situación no mercado laboral daqueles colectivos que teñen neste momento as táboas de paro máis salientables. Hai que dicir que o paro en Galicia que –como dicía o señor Merino– está 3 puntos en paro rexistrado por riba da media española ou 1 punto en termos da enquisa de poboación activa.

Pero como dicía, o paro en Galicia ten rostro de muller xove e ten rostro de muller xove, porque a taxa de paro de 16 a 19 anos é o 27,1%; que de 19 a 24 anos é do 28,4%; é dicir, os xoves en Galicia teñen unha taxa de paro de preto do 30%. Claro, se ademais de ser xove se é muller, pois as taxas de paro están por riba do 40%.

Por iso nós dicíamos que o paro ten rostro de muller e sobre todo de muller xove, co que isto significa, porque realmente é difícil pensar en incrementar a taxa de actividade ou a taxa de ocupación senón é, dende logo, pola incorporación, unha maior incorporación das mulleres ó mercado laboral. Isto é algo que ninguén discute, pero que para o Goberno galego é algo ou marxinal, ou simplemente un pode pensar que non están polo labor de incrementar, nin a taxa de ocupación, nin a taxa de actividade. Por certo, resaltar que na provincia de Ourense, o paro das mulleres novas, chega ó 60%.

Pois como dicía, é difícil de imaxinar que se poidan incrementar as taxas de actividade e as taxas de ocupación senón é pola incorporación da muller ó mercado do traballo. Esa incorporación ten que ver, dende logo, con formación, coa formación destes colectivos con máis dificultade de inserción laboral, en-

téndaseme ben, cando falo de formación, quero dicir formación a tódolos niveis, formación regrada, pero tamén formación ocupacional, pero é moi importante, que os recursos de tódolos españois e de tódolos europeos, destinados á formación, non se destinen a outras finalidades.

Neste caso sería case un pecado non lembrar que estes días estamos vivindo en Galicia un feito moi salientable polo que ten que ver de mal uso de fondos públicos e polo que ten que ver de mal uso de fondos que chegan da solidariedade do resto dos europeos, refírome ós fondos do Plan FIP, eses fondos –insisto– destinados á formación, non se destinen a outro tipo de finalidades, que aínda estará por ver cal é o destino final e cal é a finalidade concreta á que foron destinados eses fondos en Galicia.

Logo, formación para incorporación da muller e dos novos ó mercado de traballo, por suposto tamén dos parados de longa duración e nese sentido nós formulamos unhas medidas –insisto– concretas e modestas.

En primeiro lugar, cremos que é importante que o papel dos concellos que ninguén discute, ninguén desde o punto de vista teórico e político discute o papel dos concellos nas políticas activas de emprego. Por non discutilo tampouco o discute a señora conselleira de Familia, o que sucede é que despois fai outras cousas. Nós presentámoslle e queremos insistir hoxe na necesidade que dende a Comunidade Autónoma se ten algún papel nas políticas activas de emprego, que insisto, non é xestionar o Plan FIP, como o fai, se ten algún papel, será incentivar, impulsar e estimular ás corporacións locais, ós concellos para que desenvolvan políticas activas de emprego.

Nós cremos que en Galicia, onde hai 317 concellos, algúns concellos, como temos dito moitas veces, nesta tribuna, con problemas importantes de demografía, de consolidación demográfica, desertización, é dicir que non teñen masa crítica suficiente, nós defendemos e defendo agora, a necesidade que dende a Xunta, desde o Goberno de Galicia se impulse a elaboración de planos integrais de emprego ¿Isto que quere dicir? Que os concellos e os axentes económicos e sociais da zona, e as asociacións, todo o que teña que ver cun certo respaldo social, cunha certa ini-

ciativa social e que poida darlle cobertura a eses planos de emprego. Insisto que se fagan, se elaboren e se executen planos integrais de emprego, onde estarán relacionados desde a formación á ocupación. Planos integrais que ademais, por suposto, terían previsto, como non podería ser doutra maneira, o autoemprego, o asesoramento á formación de empresas, as axudas a empresas derivadas deste plano de emprego. Nós cremos que esa sería unha medida sensata e positiva, tanto para o desenvolvemento do medio rural, como para mellora-las taxas de ocupación e emprego na nosa Comunidade autónoma. Ata agora, dixéronnos que non.

En segundo lugar, falar –como dicía antes– de incrementar-las taxas de ocupación e de actividades sen falar de mulleres é difícil, pois hai un dato que é moi revelador, que canto peor é a cobertura de servizos sociais, menor é a taxa de ocupación das mulleres, causa por outra parte, obvia. As mulleres xogamos o papel de amortecer as deficiencias sociais, cando hai unha sociedade ou un Goberno como no caso de Galicia e é evidente, que non asomen que nin os nenos nin a maternidade, nin asistir ós dependentes é un problema social e non é un problema de mulleres o resultado final é que o problema final é que as mulleres somos os amortecedores desas deficiencias sociais, e por suposto, non nos incorporamos nin á poboación activa, nin á poboación ocupada.

Logo é imprescindible, non se pode falar seriamente de recudi-la taxa de paro en Galicia senón se fala de servizos sociais; porque de cada 4 dependentes asistidos, 3 están asistidos por mulleres. Eso significa que o 75% dos dependentes que non están en residencias están asistidos por mulleres. Por certo, por mulleres de tódalas edades, non mulleres maiores a pesar de que temos unha taxa de poboación avellentada, a maior do país.

Logo é imprescindible –insisto– para falar con seriedade amplía-la cobertura de servizos sociais; por certo, iso non ten nada que ver con esta noticia que vin hoxe no periódico, que o señor conselleiro de Sanidade que hai un pouco estaba aquí, pero hoxe están todos desaparecidos, por algo será, non sei por que, que vaia destina-la increíble cantidade de 2.000 millóns en catro anos, 500 millóns/ano, destinalos á atención dos minusválidos.

Por certo, estou segura que o señor Cochón gasta moito máis en propaganda e publicidade na súa consellería, gasta máis de 500 millóns de pesetas ó ano, segura. Aínda que só sexa pola cantidade de veces que escoito as súas mensaxes polas radios e vexo a súa propaganda nos xornais. Aínda que agora están competindo todos é difícil porque ata o señor Orza, tamén sae moito nos xornais con propaganda. Si, si, ata o Igape se anuncia, sigamos este é un inciso pequeno.

En terceiro lugar, en cuarto, logo falarei, porque non teño segundo lugar –xa remato, señor presidente, deixeme 30 segundos– nós cremos e xa o dixemos que simplemente con 1.000 millóns de pesetas, 1.100 millóns de pesetas, poderíase e deberíase de facilitarlle o currículo profesional a tódolos novos que rematan Formación Profesional, rematan aproximadamente 15.000 en Galicia, nós propoñemos que se lles faga, que se lles subvencione a totalidade dun contrato de seis meses, para que estes mozos inicien a súa carreira profesional, o seu currículo profesional sen moitas dificultades e que iso lles permita inserirse máis facilmente no mercado de traballo.

Propoñemos tamén a recuperación, propoñemos que outros 1.000 millóns de pesetas se destinen a facilitar-lle retorno e darlle estabilidade a unha cantidade pequena para as necesidades que temos, só a 200 investigadores. Un destes días lía con horror, cal é a balanza tecnolóxica de España, tendo en conta que nós estamos *a la cola de la cola* de España, que as nosas necesidades de tecnoloxía son impresionantes, temos unhas carencias importantísimas e nós estamos propoñendo unha medida ben modesta, pero que sería incentivar a contratación de soamente 200 investigadores formados ademais nas universidades galegas, e poñemos formados en Galicia para que deste xeito puideran ou tiveran a posibilidade de quedarse aquí e incorporar este caudal ás nosas universidades e á nosa sociedade que tan necesitada está.

Por último propoñemos que na comunidade autónoma se chegue a poñer un prazo, non lle dicimos que cheguen a un acordo de implanta-la xornada de 35 horas. Digo que me falta unha proposición, unha parte, perdón, da moción que a Mesa non considerou que tiña que ver co emprego, e que me sorprende poderosamente, porque se algo non discute ninguén, son os no-

vos depósitos de emprego que por certo, cando a xente fala, está todo o mundo de acordo, pero logo despois cando se ve, ás veces, plasmado nos papeis non se entende.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, señor presidente, xa remato.

Paréceme increíble que ante unha proposta de actividades extraescolares e culturais, utilizando os centros de ensino público co que iso significaría de creación de emprego de moitos xoves, fundamentalmente xoves galegos que como lles dicía antes teñen preto ó 30% de paro, que a Mesa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, señor presidente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Ademais está falando de algo que non aceptou a mesa.

Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Oia, moitas veces aquí fálase de cousas, xa non que non aceptan, senón que non teñen nada que ver coa iniciativa, e vostede habitualmente está calado.

O señor PRESIDENTE (Santalices Viveira):
Non, non perdoe, está vostede falando dun tema que non aceptou a Mesa, porque vostede fala do fracaso escolar, que non ten nada que ver co emprego.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Non, non eu falo do fracaso escolar e de máis cousas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, señora Villarino.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Polo que vexo vostede tivo unha certa iniciativa nesa cuestión.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, leva case tres minutos, remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Por último dicir simplemente que nós os socialistas, cremos que o balance, se hai algún balance, e hai varios, hai máis, pero se hai algún balance, que desde logo o Grupo do Partido Popular e o Goberno do Partido Popular non pode presentar nestes últimos dez anos un balance positivo, é exactamente este, somos menos mulleres ocupadas, menos mulleres activas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: ...a taxa de paro está por primeira vez, por segundo ano consecutivo, por riba da taxa de paro a nivel de Estado.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Gracias, señora Villarino.

¿Grupos non emendantes? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor López García polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor LÓPEZ GARCÍA: Gracias, señor presidente.

Defendo o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular no referente a esta moción sobre as medidas que debe adopta-lo Goberno galego, respecto do balance do ano 2000 en materia de desemprego.

En primeiro lugar, antes de facer unha análise do que propón o BNG nesta moción como os obxectivos finais da mesma, creo que é oportuno facer mención a unha serie de datos que se manexan no deu desenvolvemento, na súa exposición de motivos e que reduzo a tres consideracións:

Por un lado, a comparación dos datos do ano 1990, e o cuarto trimestre do ano 2000, o cal creo que non é o máis correcto, xa que se deben comparar datos medios anuais.

En segundo lugar, a valoración que fai sobre os acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia, asinados en xullo do 1998, e que o BNG cualifica de medidas ineficaces.

En terceiro lugar, a valoración que fai dunha falta de adecuación á nosa realidade de moitas das medidas que se viñeron aplicando nestes anos e que requiren un consenso básico.

Nos últimos 10 anos a poboación activa galega experimentou dous períodos claramente diferenciados, un primeiro, que foi de redución da poboación activa, coincide cun período de recesión económica, ó que hai que uni-la evolución demográfica e a propia da economía galega, caracterizada por unha perda de peso do sector primario, co conseguinte descenso do emprego no mesmo.

O resto de sectores productivos, deberon superar, non só o período de recesión xeneralizada, senón tamén comezar a absorber partes dos empregos que se perdían nese sector primario.

Un segundo período que coincide a partir do ano 1997, obsérvase un período de incremento constante da actividade, de ocupación, de redución do paro, e ademais coincide tamén coa xestión das políticas activas de emprego polo Goberno galego.

Vou dar unha serie de datos que considero importantes no referente á valoración do ano 2000. Os activos do ano 2000, finais do ano, os datos medios, son 1.158.000. Hai un incremento sobre o ano anterior de máis de 34.100 persoas, é un 3% son máis de 19.000 homes e máis de 15.100 mulleres; respecto ó ano 1997, que era ese punto de inflexión que tomaba como referencia, hai máis de 53.000 persoas activas. Nos datos de ocupados, os datos do ano 2000, son 980.600; respecto ós datos do ano 1999 supoñen un incremento de máis de 44.900 persoas, máis do 4,8%; ese incremento de ocupados, son máis de 23.200 homes, e máis de 21.700 mulleres; sobre o ano 1997, o incremento é superior a 84.000 persoas.

Débese destacar por un lado, que o incremento é máis importante nas mulleres ocupadas que nos homes respecto ó ano 1999, e que en menores de 30 anos, o emprego incrementouse un 10,3%. Houbo máis de 21.000 novos empregos durante o ano 2000. No referente a parados, a cifra do ano 2000 é de 171.400; respecto ó ano 1999, baixou en 10.800 persoas que representan un 5,9%, 4.200 homes e 6.600 mulleres; e respecto ó ano 1997, a redución é de 32.220 persoas. É máis importante a redución das

mulleres paradas, un 6%, que nos homes, que é un 5,7%; en menores de 30 anos a redución é tamén do 7%, o que significa 5.500 parados menos que no ano 1999, con menos de 30 anos. A taxa de paro sitúase no 14,8%, redúcese un 1,4% respecto ó ano 1999, e poderíamos facer tamén a distribución entre homes e mulleres e en menores de 30 anos.

Un dato importante é o da estabilidade. Durante o ano 2000 creáronse máis de 36.000 novos empregos asalariados, dos cales máis de 20.000 foron indefinidos.

Outro dato, importante é ve-la variación interanual dos últimos anos a partir de 1997, a actividade incrementouse o 0,4% do 1998 ó 1997; o 1,2 de 1999 ó 1998; e 3 do 2000 ó ano 1999.

Igualmente en ocupación e paro os datos de evolución destes tres anos son datos constantes en incremento de ocupación e en redución de paro. É evidente que nos últimos anos e sobre todo desde o ano 1997 os datos son satisfactorios, recuperan unha tendencia á baixa dos anos anteriores.

Unha vez vistos estes datos que nos ofrecen os indicadores básicos do emprego e do paro en Galicia, creo que a valoración que se pode facer dos mesmos, é positiva, ou polo menos normal dentro do contexto de España e de Europa. Ademais, estas políticas activas desenvolvidas plenamente polo Goberno da Xunta de Galicia desde o ano 1997, non son algo estático e inamovible, revísanse dunha forma constante e actualízanse no marco do diálogo cos axentes sociais, para a súa mellor adaptación ás características propias do mercado laboral galego. Para iniciar dun xeito máis directo naqueles colectivos con máis dificultades para a súa reinserción laboral, como é o caso das mulleres, da xuventude, dos discapacitados ou dos parados de longa duración. Un exemplo de todo isto é a discriminación positiva de tódalas axudas que van dirixidas, tanto directamente a estes colectivos, como ás empresas para favorecer-la súa contratación.

Por todo o exposto, este grupo parlamentario non pode coincidir na valoración de medidas ineficaces no referente ás asinadas no ano 1998, entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais, entendemos que se cumpre o obxectivo de consenso básico ó que vostede fai referencia, consenso por certo, cos axentes sociais,

que son quen de levar a cabo esas medidas e conseguir executar e conseguir eses resultados.

Hoxe mesmo, saían publicados na prensa os datos do mes de febreiro, creo que debemos estar razoablemente contentos ou polo menos satisfeitos polos mesmos. Somos conscientes que a situación tanto en termos de ocupación como de paro, son mellorables, pero cremos, pola interpretación que eu intentei defender e que o noso grupo así o entende, isto non é discutible, que precisamente os acordos ós que facía mención do ano 1998, están obtendo os seus obxectivos, polo que o noso grupo parlamentario vai rexeitar esta moción.

Por todo o que acabo de expoñer, señor presidente, creo que quedou suficientemente claro que os obxectivos que o BNG propón na súa moción e que maioritariamente coinciden cos propios dos acordos do ano 1998, estanse a acadar, reitero a nosa vontade e o noso desexo de que esas diferencias ou eses diferenciais coas comunidades autónomas máis desenvolvidas de España ou coas rexións europeas, sexan reducidas e igualadas o antes posible.

Por todo o exposto, reitero o rexeitamento á moción que se presenta.

Máis nada e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor López.

Rolda de posicionamento respecto das emendas.

Ten a palabra o señor Merino Mejuto polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor MERINO MEJUTO: Si, señor presidente, señorías.

Dicía o portavoz do Grupo Popular que había algunhas cuestións na miña intervención e na moción que presenta o BNG das cales discrepaba. En principio, consideraba pouco rigoroso toma-los datos do cuarto trimestre, os datos Epa do cuarto trimestre en lugar das medias anuais. Eses datos non varían en absoluto as cifras que eu din, que por outra parte, están a disposición de todo o mundo. Incluso algúns deles

empeoran, é dicir, que toda a afirmación da comparación 1990-2000, mantense estritamente.

Pero máis alá desta cuestión, eu o que quería era volver un pouco ó principio deste asunto. Creo que estamos en distinta lonxitude de onda e non se quere entender, cando non se quere entender, non hai posibilidade de acordo.

En principio, estamos, ¿temos que chegar a un consenso básico? ¿estamos por converxer? ¿as políticas tenden á converxencia? ¿ese é un obxectivo deseñable? ¿é necesario ese obxectivo? Se é así, as medidas da Xunta nin funcionaron nin funcionan. Porque a realidade dos datos é que estamos diverxendo, tanto dende o ano 1997, como dende o ano 1990, diverxemos dende o ano 1997, diverxemos, se vostede toma os datos de febreiro, eu xa sabía que vostede ía tomar, posiblemente os datos de febreiro, tiña por aquí unhas notas para, efectivamente, compara-los datos de febreiro.

Os datos de febreiro, sitúannos en que a taxa de paro aumenta con respecto ó mes anterior, é a máis alta desde marzo de 2000, tres puntos por riba da media estatal. A redución do paro en 12 meses, foi un punto menor que a estatal, o paro feminino está tres puntos por riba, nos contratos indefinidos aumenta a tendencia negativa con respecto á contratación a nivel estatal. O total de contratos reflicte unha acusada tendencia á redución do total de contratos que xa foi, xa se produciu esa redución no Estado e en Galicia dez puntos menor a contratación de media que no Estado.

Ben, esta é a situación, señorías, e mentres aquí estamos discutindo iso, a Unión Europea, está pensando fixar unha taxa de actividade obrigatoria para o emprego feminino, fixéndoa no 57%. É dicir, estamos aquí no 40%, na Unión Europea hai unha media do 53%, e pretenden fixar de maneira inmediata a presidencia sueca, pretende fixa-la taxa de actividade feminina no 57%. Esa é a realidade, que mentres así é como marchan noutros lugares, aquí estamos nesta situación.

Por iso repito, señorías, non hai contestación a esta moción, non hai resposta por parte do Grupo Popular a esta situación e polo outro aspecto de discrepancia que manifestou o portavoz do Grupo Popular, o consenso cos axentes sociais, quero recor-

darlle que houbo un sindicato que non asinou eses acordos, pero que houbo dúas centrais sindicais que si os asinaron e que están denunciando a actitude da Xunta de Galicia, desde hai máis de ano e medio veñen denunciando a actitude da Xunta de Galicia; de consenso neste momento, nada de nada.

Esto é o que temos que mirar. Polo tanto, eu creo, fago grazas xa de non ler todo o referente á situación comparativa de 1998, ás medidas activas polo crecemento do emprego, porque creo que xa o fixen no debate da interpelación e creo que as súas señorías coñecen de sobra que a situación de 1998 a hoxe, non mellorou e con relación ás medias europeas, a situación, poderán vostedes compara-la situación actual coa de 1997 e non con vantaxe, pero con relación á media estatal e europea, con desvantaxe total. Iso é o que nos ten que preocupar.

Ben, eu reitero o dito e con relación á emenda presentada pola señora Villarino en nome do Grupo Socialista, quero dicir que cremos que os problemas que ten a situación do emprego son de fondo, e polo tanto requírense medidas de fondo. Ademais deben ser no Parlamento, a Xunta debe presentar no Parlamento estas medidas e o Parlamento con intervención de tódolos grupos parlamentarios participar no debate na discusión desas medidas porque nos xogamos moito nun futuro inmediato.

Polo tanto, señoría, cremos que como emenda de adición terían cabida esas emendas, pero non podemos cambia-la nosa moción en función de como está concebida, unha moción de fondo sobre un problema de fondo da nosa situación socioeconómica.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Merino.

Se ocupan os seus escanos procedemos a vota-la moción.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, dixo que non a aceptaba.

¿Como engádegas?

(Pide a palabra o señor Merino Mejuto.)

O señor MERINO MEJUTO: Non como está presentada de substitución...

O señor PRESIDENTE: A emenda é de substitución.

O señor MERINO MEJUTO: Non, como engádegala a moción.

O señor PRESIDENTE: Como engádegala entón. Entende que se incorporan os cinco puntos da emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(Pide a palabra a señora Villarino Santiago.)

A señora VILLARINO SANTIAGO: Señor presidente, nós aceptamos, a pesar das manifestacións en contra da señora Madarro, nós que somos os propoñentes, aceptamos que sexa como engádegala.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias. Procedemos entón a votar.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 34.

O resultado é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, POR INICIATIVA DE D. XESÚS VEGA BUXÁN E D. XOSÉ DÍAZ DÍAZ, SOBRE A ACTUACIÓN QUE SE DEBE LEVAR A CABO RESPECTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO GOBERNO GALEGO Á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA DURANTE O MANDATO DO SR. RAMIRO FERNÁNDEZ-AREAL.

O señor PRESIDENTE: A esta moción foron presentadas dúas emendas, unha polo Grupo Parlamentario Socialista, e outra polo Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Vega Buxán, para a defensa da moción.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados.

Neste tema das axudas concedidas á Confederación de Empresarios de Galicia, o paso do tempo empeora a situación. Dende o último Pleno no que debatemos unha interpelación presentada polo noso grupo, as cousas están peor, aumentaron os síntomas sobre a existencia de fraude na Confederación de Empresarios de Galiza. Hoxe, a diferenza do que sucedía hai dez días, máis persoas da nosa sociedade teñen a sospeita fundada, a partir de distintas informacións xornalísticas, non desmentidas por responsables da Confederación de Empresarios, nin por responsables políticos da Xunta de Galiza, non desmentidas fundadamente, de que –como digo– produciuse un uso fraudulento das axudas públicas recibidas pola Confederación de Empresarios.

É máis, o novo presidente da confederación patronal, elixido recentemente, o señor Fontenla, chegou a dicir nestes días que caso de ser certo o que se ten afirmado sobre o sucedido na Confederación de Empresarios, estaríamos ante a presenza da actuación de delinquentes, e esta palabra non é miña senón do señor Fontenla, estaríamos ante a actuación de delinquentes que obviamente, deberían ser tratados como tales. Tamén sabemos hoxe, e isto é gravísimo, que desapareceron diversos documentos contábeis da Confederación de Empresarios de Galiza.

Tamén afirma esta circunstancia o propio novo presidente da confederación empresarial, que desaparezan documentos dunha entidade sobre a que pesan sospeitas fundadas de uso fraudulento, é a confesión máis evidente, que tal fraude tivo lugar, non fai falta ser ningún detective, nin sequera fai falta ter moita intelixencia para tirar esta conclusión.

Mentres isto sucedía a Xunta de Galicia ficou pasiva, non calada, porque algo dixo, para empezar o seu presidente a quen, o que digamos aquí sobre todo se somos do BNG, tráelle sen coidado. Ese é o respecto que nos ten o presidente da Xunta ó principal grupo da oposición nesta Cámara; agora, se unhas informacións saen por dous días consecutivos na primeira páxina dun dos xornais estatais máis significados, ami-

gos mios, como diría el, entón teño que saír a dicir algo, porque seguramente en Madrid estarán preocupados e teño que falar; para non dicir nada, para non demostrar nada, pero entón teño que falar. Cando fala o BNG no Parlamento, desprezo total, ese é o talante democrático do presidente da Xunta de Galicia. Pero hai pasividade total, non houbo ningún compromiso serio desde o momento en que foi abordada a interpección e a comparecencia da señora conselleira neste Parlamento, non houbo ningún compromiso serio respecto dunha investigación seria, verosímil, críbel, por parte da Xunta de Galiza.

Como consecuencia de todo isto, é constatable a existencia dunha forte alarma social no noso país sobre este asunto, forte alarma social. Ante unha alarma destas características, evidentemente, os responsábeis políticos, os representantes políticos que estamos aquí, e obviamente os que ostentan a función do Goberno, deben se-los primeiros en dar contas –como dixen xa fai dez días– á opinión pública, á sociedade galega, sobre o que ocorreu e, sobre todo, se non o saben, dicir que non o saben e actuar en consecuencia asumindo as oportunas responsabilidades políticas.

Porque, señoras e señores deputados, este asunto non é un asunto máis, non é un caso entre outros que poden suceder no noso país ¡non! Este asunto é diferente, ¿por que? Primeiro, pola natureza da institución que está afectada, a Confederación de Empresarios de Galiza, aquí e en calquera sociedade do noso contorno, constitúe unha peza básica do tecido asociativo, unha peza básica, polo tanto, non estamos ante calquera tipo de asociación, senón ante un elemento moi importante na conformación dunha sociedade.

Pero é que ademais, houbo no noso país unha relación moi singular, moi atípica entre o señor que encarnou a dirección desa confederación empresarial, o señor Ramilo e o Goberno da Xunta de Galiza. Vostedes, como partido político, aceptaron algo que non se acepta en ningún sitio, non se acepta en Francia, non se acepta en Portugal, non se acepta en Alemaña, non se acepta nunca nese país que tanto adoran vostedes que é Estados Unidos, nunca se aceptaría aí, que o presidente da patronal fixera apoloxía directa, pedimento de voto directo do presidente da Xunta. Afirmar unha e outra vez, que el era fra-

guista, que era partidario de que gañase o señor Fraga. Iso non ocorre en ningún sitio do noso contorno.

Hai unha regra non escrita dun sistema democrático que di que entre as institucións políticas e as organizacións sociais, debe haber un funcionamento autónomo e un respecto diferente. O empresario que se queira meter na política, que se meta no partido que queira, pero non pode facer política directa, descarada, aberta, obscena, como fixo o señor Ramilo desde a confederación empresarial, pero vostedes nunca lle pediron ó señor Ramilo que abandonase a patronal, nunca. Vostedes e o señor Fraga, en particular, quixeron aproveitarse desa circunstancia, utilizaron esa circunstancia.

Polo tanto, vostedes agora teñen que asumir a cota, a parte da responsabilidade que lles corresponda polo mal facer do señor Ramilo e se o señor Ramilo foi, como consecuencia das derivas xudiciais que xa empezaron por mor da nova directiva empresarial que puxo estas circunstancias nas mans dun xulgado, se se demostrase que o señor Ramilo actuou de xeito delictivo na Confederación de Empresarios de Galiza, a responsabilidade política caería sobre o presidente da Xunta. O señor Fraga nun país civilizado desde o punto de vista democrático tería que dimitir inmediatamente nese caso pero, evidentemente, que lle vou dicir a vostedes sobre regras da democracia, senón practican nese terreo ningunha. Ningunha.

Porque vostedes tamén asomen, por exemplo, que nunha vila da provincia da Coruña como Boiro –e o asomen tranquilamente– que o alcalde desa vila, sexa o principal empresario desa vila, de novo en Estados Unidos, iso sería increíble. Non lles importa a vostedes iso, non lles importa. Iso non se leva en ningún sitio, pero vostedes practican a ocupación total, totalitaria da sociedade, vostedes mesturan todo, todo, asociacións empresariais, partidos, institucións públicas, mestúranos todo, válelles todo para manterse no poder. Iso hai que pagalo, cando ese empresario ou o señor Ramilo, neste caso, é collido en falta, vostedes teñen que pagar co señor Ramilo, vostedes non se poden ir *de rositas* do episodio da Confederación de Empresarios de Galiza, e desde logo, o noso grupo, vai facer todo o posíbel, politicamente falando, para que vostedes non se vaian *de rositas* deste episodio.

Por suposto, do coñecido ata agora, dos 2.500 millóns do Plan FIP, que chegaron á confederación empresarial, a conselleira non demostrou que os controis establecidos servisen para detecta-las irregularidades das que hai constancia documental ata mesmo na prensa escrita, os controis son malos. Se vostedes se enteiraron pola prensa, iso non vale nun réxime democrático; quen se enteira pola prensa ten que pagar responsabilidades políticas, ¿ou vostedes non lle botaban en cara ó señor Felipe González, vostedes non, os seus amigos de Madrid, non lle botaban en cara ó señor Felipe González que se enteirase pola prensa e dicía que tiña que pagar responsabilidades políticas, tiña que haber dimisións? Aplíquense vostedes o conto.

Se aquí se enteiraron pola prensa das irregularidades da Confederación de empresarios, hai que asumilas responsabilidades políticas e dimitir, dimitir, si, dimitir: conselleiros, altos cargos, dimitir. Esa é a palabra. Claro, resulta pintoresco que esta mañá tivesemos que escoitar no debate do caso Bemposta, que vostedes non fan caso das resolucións xudiciais, e o outro día a nós dinnos que vaíamos ós xulgados con este asunto. Pero ¿para que? ¿para que vostedes non fagan caso de novo? ¿Pero que dobre moral é esta? Ou sexa, que nun caso non lles interesan as resolucións xudiciais, e aínda que vostedes denuncian ó xulgado o caso de Bemposta, e noutro caso dinos que o levemos nós ó xulgado, pero ¿en que quedamos? ¿cal é a súa congruencia?

Aquí está, polo tanto, o noso pedimento dunha investigación. Nós tamén imos procurar cos mecanismos parlamentarios oportunos que este asunto chegue, como debe chegar na nosa opinión, ó Consello de Contas.

Pero en todo caso, nesta fase procedemental,aremos que se abra unha investigación tal e como se contempla na moción.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario Socialista para a defensa das emendas.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías.

Señor propoñente da moción, eu tratarei de convencelo de que acepte estes nove puntos de engádegas á súa moción, ireillos debullando.

Ben, supoño que cando vostede di unha investigación seria e rigorosa, non estará pensando en que a faga a Xunta ¿non? porque despois do visto neste caso, sería tanto como crer á súa idade, nos Reis Magos e eu sei que vostede non cre niso. Polas informacións xornalísticas e polos datos dados aquí, que é peor.

En relación coa desaparición da documentación, desde hai máis de tres meses víñanse publicando datos, mesmo dos xornais, El Ideal Galego, e O Correo Galego, publicaban facturas filtradas desde a propia Confederación por servizos non prestados e en relación co Proxecto Galén, hai meses xa disto. Non tomaron a iniciativa de intervir esa documentación.

E ¿por que este pedimento a este punto na moción? Porque a normativa establece que as entidades que reciben subvencións para cursos de formación, teñen a obriga de gardar durante cinco anos a disposición da Administración as facturas. ¿Que fixo a Xunta ata o de agora, entrevistou e custodiou esta documentación ou está deixando negligentemente que se perda, e polo tanto, sexa imposible saber que pasou en toda a súa extensión? Polo tanto, punto primeiro que deberían facer a alguén responsable e tomar esas medidas que propoñemos no primeiro punto da emenda.

No segundo punto da emenda, propoñemos que o Parlamento inste ó Goberno da Xunta a dirixirse ó Goberno do Estado para poñer no seu coñecemento a existencia de facturas falsas. Eu trouxen unhas aquí relativas ós cursos FIP, e hoxe teño estas duplicadas de cursos de Forcem, estas non as ensinei o outro día, estas son do Forcem, facturas duplicadas que pagaron, por exemplo: "*Publicación en el mundo empresarial, el conocimiento es el motor de la empresa*" e tanto na CEG seguro, 386.000 pesetas pagado en realidade. Outra factura: "*Cursos de formación continua, Forcem manuales didácticos.*" E así varias.

Se se aproba este punto, eu entrego copia desta documentación á Xunta para que lla achegue no escrito ó Goberno central. Se non se aproba e polo tanto, non queren informar ó ministerio de Traballo da existencia destas facturas duplicadas, eu buscarei outra vía para que chegue ó Congreso, evidentemente, do

Estado e alí se tomen as medidas que correspondan, polo tanto, facturas de Forcem na sesión pasada, as duplicadas do FIP, hoxe as duplicadas do Forcem, hoxe o desvío de fondos Forcem para pagar gastos que nada tiñan que ver cos cursos para a formación de traballadores.

O punto cuarto, o terceiro en realidade; revisa-la normativa para o control e a verificación do correcto uso. É evidente, con tódalas probas que se deron aquí, os documentos que eu ensinei desde esta tribuna, os que publicaron hai varios meses dous xornais galegos, os que publicou o diario El País o outro día, con fotocopias. É evidente, que o non desvío, o non uso fraudulento dos fondos FIP, depende única e exclusivamente da vontade de quen os recibe de non facer fraude, de non estafar, de non roubar ós parados, que eran os que debían ser receptores deses fondos. Polo tanto, maior fracaso non se pode dicir, aquí se dixo que era un control modélico. Se hai probas documentais, sacadas dende a confederación, nos medios, aquí, neste Parlamento, é evidente que os controis modélicos dos que falan, non funcionan, se non funcionan, haberá que revisalos. Parece bastante lóxico que este Parlamento aprobase a revisión destas normas. Saben, a maioría que as normas non funcionan, sabe a maioría que con esas normas se produce fraude, estafa, roubo ¿quérennas cambiar? Xa saben o que teñen que votar, só revisalas, non se lles pide que se autoflaxelen, só reconece-la evidencia, é dicir revisar.

Os catro seguintes puntos refírense ós fondos recibidos da Consellería de Xustiza e da Consellería de Educación. As fotocopias das facturas publicadas no Correo e no Ideal, facían referencia a un proxecto que, segundo a propia Confederación, non se levaran a cabo. ¿Tiñan algo que ver os fondos que dedicou, que subvencionou a Consellería de Educación con este proxecto? Informen aquí ¿Que controis se estableceron con eses fondos? ¿con que normativa se lle deron eses fondos? etc., en canto á Consellería de Educación.

En canto á Consellería de Xustiza: cursos de hixiene laboral, cursos de riscos, de prevención de riscos, cursos de seguridade e hixiene no traballo, hai facturas aquí que van a Forcem; hai facturas aquí que van a non se sabe se á Consellería de Xustiza, hai fac-

turas aquí que van a FIP, que aclaren a ver, ¿queren investigar? Eu se queren investigar e aproban, entrégolles as facturas, se non, xa as levarei por outra vía para que se investiguen, eu entrega-las facturas para que se bote terra, porque se sabe onde están os cabos que hai que atar para botar terra ó asunto, de momento non, despois de que pasen a outras instancias si.

Non se preocupe, é que non me fío de vostedes. Vostedes queren tapar e botar terra sobre este asunto, vostedes queren saber o que hai, porque hai máis, hoxe é unha parte, volverán máis, non se preocupe. Queren saber que é o que hai para non dar pasos en falso, como levan dando ata agora, sigan dándoos; claro, aquí cada un ten a súa estratexia, eu teño a miña, que vostedes van dando pasos en falso, e eu, a cada momento vou sacando o que me dan.

Dar conta —é o punto oitavo— a este Parlamento do contido literal, a forma e a data das notificacións que segundo agora, recentemente, teñen feito desde a Xunta de Galicia, o Fondo Social Europeo e o Ministerio de Traballo sobre as irregularidades. Levan tres meses dicindo que non había nada, e de repente, cando como dicía o señor Vega, sae en El País, entón din que dan conta das irregularidades, moi ben, só que informen neste Parlamento do contido literal desa información ó Fondo Social Europeo, que informen neste Parlamento da data en que se fixeron esas comunicacións.

Porque miren, segundo os meus datos e tendo xa desde xuño evidencias do que estaba pasando na Confederación, en setembro, o 27 de setembro, ingresado no Banco Pastor, por parte do Igape, máis de 12 millóns de pesetas. En outubro, o Igape, ingresa tamén no Banco Pastor —se queren o número de conta, doulla— 72 millóns de pesetas, xa estaba todo o follón montado, xa estaba toda a lea na prensa, e a Xunta seguía ingresando diñeiro nas contas da confederación de empresarios. ¿Estaban facendo investigación? ¿Estaban denunciando irregularidades? O 11 de novembro, xa co presidente da CEG *quasi* dimitido, hai un acordo do Consello da Xunta para ingresar, tamén no Banco Pastor, 14 millóns; había que tapar buratos, o 11 de novembro, cando todo estaba...

¿Cando comunicaron as irregularidades? Se dicían que abridan unha auditoría en xuño, e en novembro

dende o Igape, dende acordos do Consello da Xunta, o propio INEM ingresaba a principios de decembro diñeiro, 29 millóns ingresaba o Inem. ¿Tiñan comunicado ó Ministerio de Traballo as irregularidades se o INEM ingresaba 29 millóns para tapar máis buratos?

Proxecto de cooperación Net –que segundo as informacións periodísticas non se realizou–, aquí están as datas de ingreso, conta, banco, etc. Estes son os documentos contra os que se ingresaba ese diñeiro. Un certificado da confederación de empresarios, que di: *"Se han producido gastos como consecuencia del desarrollo de las acciones englobadas, ingrésame usted 5 millones de pesetas, 10 millones de pesetas, 4 millones de pesetas, 4.700.000, 5.600.000, 6.380.000."* Son pequenas cantidades ¿eh? Un certificado dicindo que se producía gasto; esto na Consellería de Xustiza e co carimbo da consellería. Por iso pregunto que se nos informe que pasou cos fondos da Consellería tamén. ¿Con que normas se deron e que controis se estableceron? ¿Por que llos entregaron contra un certificado do secretario xeral da CEG, que di: *"Se han producido gastos"*? E aínda hai máis de cooperación NET. Aquí hai outra factura que non se realizou, aquí hai 6 millóns de facturación por un seminario de un día e 1.600.000 por un seminario de mediodía, *"jornada final de difusión"*, difusión, aquí o que se difundían, desde logo, eran os cartos e desde logo non en media xornada, ó longo de varios anos.

Señorías, señor Vega, creo que o último punto de información sobre se ademais houbo outras subvencións a organizacións empresariais de ámbito inferior ó provincial, á vista do que hai non está de máis que se aceptase. Antes rían algúns señores deputados, pero eu quérólles dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CORTIZO NIETO: ...pero eu quérólles dicir que o señor conselleiro da Presidencia –déase por aludido– enviou un escrito a este Parlamento pedíndolle á Mesa que me requirise para a entrega de canta documentación teño. Non se dirixiu a min por se acaso eu non llo quería dar, vostede aguántase y *le requiere la Mesa*, claro, a Mesa non me pode requirir, ¿verdade? Son os deputados os que controlan ó Goberno e non o Goberno o que atenta contra os dereitos individuais dos deputados, e os que controlan

ós deputados. Claro, queren saber, pero antes de que vostedes saiban, teñen que saber outros, e isto vai ir gota a gota, institución a institución, paso a paso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CORTIZO NIETO: ...desde logo se queren saber os duplicados do Forcem para comunicarllo ó Ministerio de Traballo, ó acabar esta sesiónxa llas paso, pero entón voten favorablemente que si que queren informar ó ministerio de Traballo da existencia de facturas duplicadas e facturas falsas, nos cursos do FORCEM...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CORTIZO NIETO: ...e entón esas xa llas dou hoxe, pero por aprobación deste Parlamento de que o Goberno vai informar destas facturas falsas ó Goberno central, senón queren informar e votan negativamente, non llas entregaría a vostede, entregareillas alí onde a xente tome en serio as falsificacións...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Cortizo.

O señor CORTIZO NIETO: ...as fraudes e as estafas, esa si é a cuestión.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Ruíz Rivas polo Grupo Parlamentario Popular para a defensa da emenda.

O señor RUÍZ RIVAS: Señor presidente, señorías.

Dende que por primeira vez a prensa se fixo cargo das posibles, ou presuntas irregularidades na xestión dos fondos que utiliza a CEG creo que estamos asistindo a un proceso continuado de actos que o único que veñen facer é conseguir, é crear un estado de confusión que lonxe de axudar a clarificar o tema, o que está é facendo todo o contrario. E só hai unha parte interesada na confusión e esa parte evidentemente, non é o Goberno.

Por iso eu digo que tal irresponsabilidade non se pode cargar a ningunha actuación administrativa do Goberno, xa que todas as que levou, as que tomou e as que está a tomar, tentan clarifica-los feitos denunciados, senón a unha teimuda posición tanto do señor

Cortizo, como agora do señor Vega, ou ben doutros señores como o señor Nogueira, para intentar confundir á opinión pública. Asimilando a Xunta coa CEG, confundido as responsabilidades que poida ter a CEG coas da Xunta, ó falar alegremente de miles de millóns, ó falar de pasividade da Administración, ó chegar a dicir que o presidente da Xunta é o responsable porque o señor Ramilo se dixo simpatizante do Partido Popular. O señor presidente da Xunta, responsable de feitos de máis de 800.000 galegos, incluso aquí se chegou a dicir que a ver como Boiro podía ter un alcalde que fose empresario. É dicir, ¿non é un cidadán como os demais de Boiro? incluso vostede lle quere restrinxir ese dereito, primeiro a presentarse e despois ó pobo de Boiro a elixir a quen considerou máis oportuno.

Polo tanto, eu creo que teño na miña intervención que centrarme e darlle luz a tres problemas: primeiro clarificar e distinguir as subvencións ou cartos públicos que utilizou a CEG e as cantidades e subvencións que son obxecto de dúbida. Segundo, diferencia-las actuacións e as responsabilidades que poida te-la Xunta ou a CEG. E terceiro demostra-la responsabilidade, irresponsabilidade política do BNG, do PSOE, traducida nos feitos e nas palabras do señor Nogueira, do señor Vega e do señor Cortizo.

Porque eu creo que é de suma importancia clarear que cando se fala de miles de millóns estase a extrapolar problemas da Confederación de Empresarios de Santiago –que foi a única que se puxo en dúbida– coa de tódolos centros galegos da confederación. ¿Por que as súas señorías non o fan con tódalas confederacións de empresarios de España, ou con tódolos cursos FIP de Galicia? Daríalle moitos máis miles de millóns que 3.000, poderían estar vostedes dicindo que hai por aí 30.000 millóns voando.

Miren, a CEG xestionou desde o ano 1996 menos de 600 millóns dos cales o módulo A e C non están postos en tea de xuízo nin poden estalo. Polo tanto o único que se cuestiona é a xestión do módulo C. Máis en concreto, aquí, púxose en dúbida a actuación de tres empresas, empresas nas que o total da súa facturación chega ós 30 millóns. É dicir, señorías, se toda a facturación desas empresas fose fraudulenta, estaríamos a falar de 30 millóns, non de 3.000 millóns.

Segundo, ningún dos feitos denunciados corresponden ó ámbito de responsabilidade que por acción ou omisión ten a Xunta de Galicia. Nin o seu control previo sobre os cursos, nin o control sobre a celebración dos cursos, nin o seu control do gasto e poder facer despois o posterior pagamento. Tanto é así que moitas das denuncias que aquí se fixeron hai meses, hoxe en día non se sosteñen, hoxe en día non son capaces vostedes de repetilas aquí, non as repetiu o señor Cortizo aquí. Hoxe en día non se pode xa dubidar que tódolos cursos se celebraron; hoxe en día non se pode dubidar que tódolos mestres cobraron, hoxe en día non se pode dubidar que tódolos alumnos cobraron a súa subvención. Hoxe en día non se pode dicir que foron subcontratados os cursos, mantívoo vostede, non é capaz de mantelo hoxe se actúa co rigor debido.

Tampouco se pode dicir que a Xunta non seguía escrupulosamente todos e cada un dos procedementos de control establecidos pola orde reguladora da convocatoria. Aquí é importante subliñar o informe da Intervención Xeral que chega a conclusión de que a normativa galega é máis rigorosa que a do Estado –aquela que promulgou o PSOE do ano 1993; o PSOE do señor Cortizo e do señor González– porque fixo unha xustificación de gastos maior na documentación. E vou repetir unha vez máis, para que lle cheguen ás súas señorías, eses procedementos de control previo sobre a homologación dos centros e a homologación dos mestres. Dobre control nas visitas que lle podo dicir que no último ano só a CEG veu como o persoal da Consellería facía 157 visitas, á parte un sistema de control de calidade.

En canto ó control de xustificación do gasto, cómprese estar ó corrente de gastos sociais, verifícase que de acordo coa documentación xustificativa, os gastos imputados en cada módulo son correctos, cómprese o pagamento ós profesores, no caso da CEG pedíronse extractos bancarios de ingreso na conta de cada profesor.

En canto ó módulo B, o cuestionado, a consellería comproba a relación de facturas e certificación do gasto presentada e solicita en caso de dúbida as facturas orixinais, posteriormente sométese á fiscalización da intervención previo pagamento da liquidación. Cada ano sométese ó plano de auditorías da

Intervención Xeral, ó plano de control aplicado directamente pola intervención xeral do Estado e ó control directo do Fondo Social Europeo.

Por iso podemos afirmar desde esta tribuna, que tódolos cursos se realizaron, que tódolos pagamentos da CEG están correctamente efectuados e responden á xustificación documental e que tódolos fondos se dedicaron á súa finalidade.

Polo tanto, sen prexulga-la xestión na competencia que corresponde á CEG, iso non nos pode levar a cuestionar a xestión pública. A Administración non pode detectar actos fraudulentos que puideran ocasionarse como é, por exemplo, a falsificación de documentos.

Pero falemos agora da irresponsabilidade do BNG, e do PSOE a través dos señores Nogueira e o señor Cortizo.

Primeiro, a min estráñame moito da actitude do Bloque que hai uns días facía tantos guiños ó empresario e agora parece xa que de novo están no outro bando, parece que vostedes xa son conscientes ¿verdade? pensaron que tiñan xa aí a Xunta de Galicia e outra vez vólvense a ver como a eterna oposición. Mire, o señor Nogueira é un asiduo obstrucionista das axudas europeas a Galiza, un antipatriota que dirían vostedes. Recordo: atrancos ós fondos europeos co embalse do Umia, 19 de abril de 2000; atrancos ás axudas portuarias a través das denuncias sobre os depósitos de Ferrazo 30 de decembro de 1999; denuncia de derroches da Unión Europea agropecuarios, 16 de decembro de 1999; sobre fondos educativos, 20 de outubro de 1999; sobre FP, 11 de outubro de 1999; etc. En resumo, como dicía o novo presidente da Confederación, *"parece demencial que se ponga en tela de xuício por motivacións políticas las ayudas de la Unión Europea a España."*

En canto ó señor Cortizo tamén é asiduo, pero neste caso asiduo das denuncias, deses escándalos que o único que pretenden é moita prensa, moito fume e ó final quedan niso. ¿Acórdanse as súas señorías do Hospital Clínico? ¿Onde vai? ¿En que quedou? Pois ben. ¿Onde vai? ¿En que quedou, señor Cortizo? Pois agora, dedícase ó mesmo, a facer roldas de prensa de emendas que se presentan aquí; é máis importante que a prensa o saiba que defendelas neste Pleno.

Vostede acusa á Xunta de pasividade, pero eu voulle falar que de pasividade nada de nada, que á parte dos controis que lle mendei, o 15 de decembro, o Consello acordou a realización de actuacións de revisión dos procedementos empregados para xestionar fondos estruturais; o 4 de xaneiro houbo unha resolución da intervención de control e cumprimento por parte do beneficiario; tamén se aprobou un plano de traballo nestas mesmas datas, ese mesmo mes notificouse ese plano de traballo ó Inem e á Unidade Administrativa do Fondo Social Europeo, ese mesmo mes, comunicáronse todos eses pasos ó Partido Socialista Obreiro Español.

Ante as denuncias da semana pasada, que aquí dicía que non se fixera nada, hai unha resolución de control financeiro da intervención e requirimento de documentación con data do 2 de marzo de 2000. Aí entra o señor Cortizo e as súas facturas e di que as vaíamos custodiar. Eu supoño que se estivesen custodiadas vostede non andaría facendo ese uso que anda facendo deses documentos da forma que o fai. Porque eu lle pregunto ¿por que vostede non quixo entregar á Xunta eses documentos, a esa mesma Xunta que lle manda investigar? ¿Por que vostede segue sen entregalos á CEG, comprometida a investigar? ¿Por que vostede non amosou eses documentos a unha Xunta empeñada en controlar e esixir, no seu caso, o reembolso de gastos non xustificadas? ¿Por que non llo entrega ó fiscal ou á Facenda Pública eses documentos? ¿A que está xogando vostede, señor Cortizo? Mire, vostede puidera ser cómplice ou encubridor de quen delinque, vostede é o que está atrasando por intereses políticos a investigación dos feitos.

Remato, señoría, non é posible aprobar unha proposta que quere investigar dez anos, cando non é obrigatorio por parte do beneficiario conserva-la documentación por máis de cinco. Isto non sería eficaz nin representativo.

A Xunta de Galicia, señor Vega, está disposta a investigar, a Xunta de Galicia está investigando, por iso nós propoñemos a nosa emenda que é trasladarlle ó Parlamento os resultados dos controis que está a realizar a Xunta de Galicia sobre as subvencións concedidas á Confederación de Empresarios de Galicia nos últimos anos. A través da Intervención Xeral, que non é Goberno, señor Suárez Canal, señor Suárez Canal.

Por último, dicirlle porque me recorda moito unha anécdota que falaba de Pío Cabanillas, cando dicían: señor ministro, queren a súa cabeza. Hoxe aquí querrían moitas cabezas; eu voulle responder como contestou o señor Pío Cabanillas: será para utilizalas. Señor Vega, señor Cortizo, utilíccenas.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías.

Teño que referirme a vostede, señor Ruíz Rivas, primeiro porque foi o que subiu aquí a da-la cara e porque *doña perfecta* nestes casos nunca existe, está –non te poñas nervioso, home, non te poñas nervioso– xa sei, non ten obriga de estar...

O señor PRESIDENTE: Non dialogue, por favor, señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...¿e que?... Pero vostede non sabe o que é iso, home. Unha persoa que é conselleira, ten que da-la cara cando está en entredito grave a súa xestión, sexa home ou muller. Ou ¿vostede cre que non é machismo tratar a unha responsable política muller de forma diferente? Vostede non sabe nada disto, vostede ten catro *latiguillos* que lle deron o outro día na conferencia esa que deu o señor Aznar que foi explicarlle e déronlle catro *latiguillos* sobre o machismo e o feminismo, ¡que vai saber vostede desto! Disto nin de nada. (*Murmurios.*)

Eu o que quero dicirlle, señor Ruíz Rivas, señor Ruíz, atenda un pouco, porque isto vai para o Grupo Popular que vostede representou na tribuna. Sexa vostede consciente dunha cousa, estamos xa ó comezo dunha das grandes fraudes e escándalos da democracia española. Si, voulle explicar. Estamos entrando de cheo no terreo penal e polo tanto, eu creo que vostede en nome do Partido Popular non debía vir aquí cunha emenda, que é un ridículo *paripé*, cando vostedes deberan de aceptar con elegancia e talante demo-

crático, con *fair play* coa democracia o que está ocorrendo ou ocorreu nesa Confederación empresarial con fondos finalistas de emprego, tiñan que vir con actitude democrática.

¿Que emenda trae para face-lo *paripé* o Partido Popular? Trasladarlle ó Parlamento resultados dos controis que está realizando –pero iso xa o trouxo a conselleira o outro día– cunha conclusión clara por parte da conselleira, que estaba todo perfecto, que todo era correcto, que estaba todo controlado e que se tiñan cumprido tódalas normas de control do que pasaba na confederación. Pero tres días despois o señor Fraga ten que aceptar que hai fraude, que hai irregularidades na Confederación Empresarial Galega, pero é que *doña Perfecta* dixo que non había nada diso, que dos controis que fixo a Xunta de Galicia non se deducía ningunha irregularidade, ¿por que tres días despois o señor Fraga di que hai irregularidades? ¿Por que? ¿Hai novos controis? ¿Hai novas investigacións que o señor Fraga ten e tres días antes se lle ocultaron a este Parlamento? Pero como van vostedes a substituír unha investigación ou emenda que fai o señor Cortizo por trae-los resultados dos controis que hai quince días trouxo a conselleira concluíndo que era todo perfecto. ¿Para que valen eses controis se xa non os trouxo? Pero a fraude segue, as irregularidades seguen e o escándalo aumenta, en detrimento non só da Confederación empresarial, de todos nós, das institucións democráticas e do Goberno que é incapaz de parar.

O señor Pita pídelle ó señor Cortizo que entregue a documentación, eu creo que o señor Cortizo fai moi ben en non entregarlle, pero voulle explicar por que, home, non se preocupe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero como lla vai entregar a un Goberno –vale home, tranquilícese– como lla vai entregar para que volvan ocultar todo. Eu entregueille a vostede persoalmente unha fraude moi importante para que llo trasladara ó ausente señor Cochón e enteraron o asunto. Fai moi ben o señor Cortizo de non volver caer nesa trampa, perfectamente.

Agora ben, como el di se vostedes votan o seu compromiso de trasladalo ó Goberno aí teñen as facturas, punto. Pero para que as escondan e impidan a investigación, non.

Mire, fala vostede de confusión, señor Ruíz Rivas. No momento en que estamos falando neste Parlamento, existen varias cuestións claras; primeiro, que existiron irregularidades e fraude por parte da anterior cúpula da CEG, de fondos europeos finalistas destinados á formación de parados. Vostedes negaron isto ata a evidencia, pero agora o señor Fraga ten que aceptalas. Xa di que hai irregularidades.

Señor Ruíz Rivas, ¿podería explicarnos nesta tribuna cales son as irregularidades que detectou o señor Fraga? Porque se hai algunhas ou o señor Fraga está confundindo á opinión pública, está axitando a sociedade, está creando inestabilidade, se o señor Fraga detectou irregularidades, que nos diga o Goberno cales son, punto. Porque o señor Fraga dixo –escoiteino eu na televisión– que existían irregularidades. Señores do Goberno veñan aquí e díganos cales, tan sinxelo coma isto. ¿Cales teñen xa detectadas neste momento? salvo que o señor Fraga sexa un mentiroso, un axitador ou un desestabilizador, señor Rivas. Porque o señor Fraga dixo que había irregularidades, vostede di que non, el dixo que si. Iso está claro.

Segundo, que resulta evidente que os controis da Xunta de Galicia para verifica-lo correcto uso dos recursos públicos para a formación de parados, non son solventes nin son fiables. Cando aquí aparecen dobres facturas do FIP e do Forcem, é evidente que os controis non son fiables, cando o señor Fraga detecta irregularidades e que non foron fiables os controis, ¿comprende vostede? ¿Por que vostedes negan ó señor Fraga? ¿Por que rectifican vostedes ó señor Fraga que recoñeceu que hai irregularidades? ¿Por que a señora conselleira non as detectou e o señor Fraga si? ¿Por que?

Terceiro, para nós está tamén claro hoxe que a Xunta de Galicia intentou sistematicamente ata que se achegaron as probas encubri-la fraude. Había denuncias da prensa, denuncias de monitores, denuncias da oposición, pero negouse ata o evidente, negouse todo ata un último Pleno, ata que xa é imposible para-la cuestión e non sabemos ata agora como van intentar tapalo. Vai ser moi difícil. Pero negaron sistematicamente a investigación democrática dunha gran fraude. Eso quere dicir que son cómplices.

Mire, imos ser sensatos, porque estamos entre persoas serias, con algunha excepción. Se o señor Cortizo conseguiu eses documentos ¿que Goberno que quixera investigar non os tería? ¿Cal? ¿Hai algún Goberno que teña menos medios que o señor Cortizo? Non me fastidie, home. Isto é evidente, que vostedes non queren facer esa investigación. Pero ¿que investigación...? Señor Ruíz Rivas, ¿que investigación podía ter feito a Xunta de Galicia, cando os novos dirixentes empresariais elixidos hai uns días din que falta documentación contable sobre estes temas? E a señora conselleira di que os investigou, pero ¿que investigou se falta unha parte decisiva desa documentación contable? É evidente que é unha fraude o que dixo a conselleira aquí, hai fraude na Confederación e hai fraude político e complicidade política por parte da conselleira de Familia. ¿Como pode dicir que está todo controlado, investigado, controlado, cando os propios dirixentes empresariais chegan, toman posesión do seu mandato e din que hai que denunciar isto porque falta documentación contable?

Efectivamente, como aquí se dixo, faláron de delincuencia política, de delincuencia a secas, pero a Xunta de Galicia é a única que non se enteira. ¿Por que? ¿Por que vostedes son incapaces de recoñecer o que os propios afectados recoñecen? ¿Por que? ¿Cales son os seus intereses para encubrir esta fraude?

Finalmente, eran evidente dúas cousas xa que viñamos demostrando con anterioridade a que apareceran as probas. Hai dous elementos básicos para comproba-la eficacia da acción formativa e dos fondos para a formación de parados. Primeiro, que existen, que eran evidentes, as carencias dos locais homologados pola Xunta de Galicia, á confederación empresarial; é evidente que os locais homologados non reunían as condicións para ser homologados. Outra fraude da señora conselleira, homologou locais que non estaban en condicións para ser homologados, ¿comprende vostede? Directamente a consellería homologou catro locais en Santiago que non están nin en condicións de ser utilizados para nada.

O segundo elemento é que xa que a patronal non tiña locais homologables pero que foron homologados pola señora conselleira. E segundo, que os resultados da acción formativa e da inserción desa acción forma-

tiva da patronal, era a máis baixa de tódolos grupos sociais de Galicia, pero a vostedes iso non lle importaba. Máis facturas, máis pagamentos, máis diñeiro, máis cartos homologando locais inhomologables, e ademais aguantando sen revisión, ¿por que un Goberno serio non se pregunta por que a patronal ten doce puntos menos que un sindicato na inserción laboral dos traballadores que prepara? ¿Iso non é obxecto de investigación? ¿Que ían insertar? Se non tiñan nin locais para facer homologación ¿que ían insertar?...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...pero vostedes máis cartos e máis cartos.

Polo tanto, remato señor presidente, dicindo que a Xunta ou abre rapidamente con outra actitude democrática unha investigación a fondo ou vostedes terán dúas conclusións, serán obxecto de dúas conclusións: primeiro, complicidade cunha fraude; e segundo —e non lle boten a culpa a ninguén— a Unión Europea pide que se informe desta fraude, ou desta posible fraude, porque o leu na prensa a Comisión Europea.

Eu dixen aquí o outro día con gran sobresalto da señora conselleira, que este vai ser un caso Pallerol, non porque os axentes...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...sexan os mesmos, pero si no resultado, porque se se acaba comprobando que a Xunta de Galicia non resolve este problema, podemos estar afectados pola retirada dos fondos europeos para a formación. Non lle boten a culpa ó señor Cortizo, nin o señor Nogueira, nin ó *sursum corda* senón á súa incapacidade para...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...controla-los fondos, para ser cómplices dunha fraude, que empeza a ter dimensións moi importantes, escandalosas e penais neste país.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Rolda de posicionamento respecto das emendas.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor VEGA BUXÁN: Si, señor presidente, señoras e señores deputados.

Dende logo o noso grupo acepta a emenda do Grupo Socialista defendida polo señor Cortizo, comparte plenamente os distintos puntos que conforman a mesma. Non pode acepta-la emenda do Grupo Popular porque a estas alturas e vindo de quen vén, dende logo, esa emenda non está feita coa cabeza, señor Ruíz Rivas, está feita cos pés. Non utilizou vostede a cabeza, como dicía, utilizou os pés para redactar, vostede ou quen fose, esta emenda. Non podemos aceptala.

Xa comezou vostede, creo eu, non utilizando a cabeza cando dixo que a culpa disto era da prensa, da confusión. Non mire, vostede, a confusión que existe sobre isto é culpa, non sei en que porcentaxe dos dirixentes da Confederación empresarial e dos responsables políticos do Goberno galego. Boten vostedes a porcentaxe. Por certo, son vostedes moi afeccionados ás cantidades, un fraude de 30 millóns é unha fraude, aínda que sexa de 30 millóns, e quen fai unha fraude de 30, fará unha fraude de 3.000. Quen fai unha fraude, fai un cento de fraudes, non lle caiba a vostedes ningunha dúbida sobre iso. Queremos recorrer ós exemplos prácticos da súa corrente político-ideolóxica.

Mire vostede, o do señor Nogueira; pero vexamos, ¿somos europeos ou non somos europeos? ¿estamos na Unión Europea ou non? ¿pero resulta que nós agora somos máis europeos que vostedes? Se estamos na Unión Europea é con tódalas consecuencias, señor Ruíz Rivas, hai unha legalidade europea que hai que cumprir. Curiosamente vostedes critican ó señor Nogueira por denunciar ós ladróns, e non se preocupan polos ladróns, o señor Nogueira denuncia o roubo de fondos públicos europeos que son nosos tamén e vostedes din, non, non, pero ¿por que non? Pero ¿quen é aquí realmente consecuente coa pertenza á Unión Europea? Vostedes non, son uns fariseos, politicamente falando en relación á Unión Europea.

E dos empresarios, señor Ruíz Rivas, claro que o BNG mantén o que dixo na Asemblea Nacional o noso portavoz sobre os empresarios, xustamente porque

queremos establecer unha nova relación política co empresariado galego, porque a que vostedes a manteñen, está pervertida de arriba abaixo, porque o señor Ramilo é un funcionario, non un empresario, un funcionario do PP, porque o clientelismo político de vostedes é abafante, porque o señor alcalde de Boiro, por ser do PP, recibe cuantiosas subvencións e manexa as licencias que afectan ás súas empresas. Iso non vale, é clientelismo puro, que non se leva en ningún país europeo, é unha vergonza e ¿non estamos en Europa? Practiquen vostedes a lóxica que se practica en Europa.

Precisamente por iso, nós, o BNG, queremos presentar ó empresariado galego unha nova relación política limpa, transparente, non clientelar. Que os empresarios non reciban axudas públicas por ser do PP, e o que non é do PP e é empresario queda sen pan nin auga; iso é o que nós propoñemos e, efectivamente, claro que hai moitos empresarios que nos van apoiar e van comprender esta actitude limpa do BNG. Porque a súa experiencia é unha experiencia perversa, caduca e sucia, politicamente falando e ás veces non só politicamente falando.

Miren vostedes, non veña outra vez co do control. Xa se dixo aquí, a proba do algodón, practiquemos a proba do do algodón. Non funciona, os mecanismos de control non funcionan, se vostedes non son capaces de explica-la existencia dunhas facturas dobres, non funciona o mecanismo de control. Se a vostedes lle meteron un gol, que lle meteron un gol na confederación de empresarios, en política, a quen lle meten un gol, sen o árbitro, ademais, sen comprar ó árbitro, hai que pagalo, hai que perde-lo partido, hai que dimitir. En política esas son as regras democráticas, pero vostedes non o queren asumir.

Miren vostedes, efectivamente, aplíquense o conto, déixense de convidar ó xuíz Garzón a ve-los chourizos de Lalín, déixense de convidar ó xuíz Garzón a come-los chourizos de Lalín. Dean un exemplo práctico, se son capaces, de que cren minimamente na rexeneración da vida política galega e se non son capaces de dar este exemplo neste asunto da Confederación de empresarios, vostedes van pagar este episodio cun prezo moi alto, están empezando a pagalo, pero vanno pagar aínda máis caro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

(O señor Ruíz Rivas pide a palabra.)

Señor Ruíz, ¿para que quere o uso da palabra?

O señor RUÍZ RIVAS: Para precisa-las miñas propias palabras, que foron terxiversadas.

O señor PRESIDENTE: ¿As súas?

O señor RUÍZ RIVAS: As miñas propias.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

O señor RUÍZ RIVAS: Eu en ningún momento acusei da confusión existente á prensa, senón á irresponsabilidade política das accións do Bloque Nacionalista Galego a través dos deputados, señor Vega e señor Nogueira, e do Partido Socialista a través do deputado señor Cortizo.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

(O señor Cortizo Nieto pide a palabra.)

O señor CORTIZO NIETO: Quero precisa-las miñas propias palabras.

O señor PRESIDENTE: As súas palabras.

O señor CORTIZO NIETO: Eu non dixen que cría que había facturas falsas, ensinei facturas falsas e a confusión sería se eu dixese que as había e non as ensinase, esa é a precisión das miñas propias palabras, por senón se entendeu ben.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Procedemos a vota-la moción que foi presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, coa engádegas das emendas de adición que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ponse a votación a moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 33.

O resultado é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

O señor PRESIDENTE: Quixera manifestarlles, se fan o favor de permanecer un momentíño sentados, que a consecuencia do afundimento do buque *Hansa*, no mar de Escocia, nas Hébridas, hai sete desaparecidos, que hai que supoñer que son falecidos, seis dos cales son de Ribeira, e un de Moaña. Ante esa situación, os grupos parlamentarios propuxeron que se des lectura a esta breve nota que di:

O Parlamento de Galicia quere expresa-la súa máxima condolencia pola traxedia do buque pesqueiro *Hansa*, así como trasladar o seu apoio e solidariedade ós familiares das vítimas deste sinistro.

E agora diríalles que como mostra de condolencia, poderíamos poñernos de pé e gardar un minuto de silencio.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
7. Blanco Fernández, María Fernanda	(PP)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mourino, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12.- Concheiro Coello, Antonio	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Cuíña Crespo, José	(PP)
16. Currás Fernández, Celso	(PP)
17. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
18. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
19. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
20. Durán Núñez, Alberto	(PP)
21. Escudero Centrón, Serafín	(PP)
22. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
23. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
24. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
25. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
26. Gago Álvarez, Castor	(PP)
27. Freire Vázquez, María Begonia	(PP)
28. García Campelo, María del Carmen	(PP)
29. García Leira, José María	(PP)
30. García Negro, María Pilar	(BNG)
31. González Ballesta, Justo José	(PP)
32. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
33. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
34. Hernández Cochón, José María	(PP)
35. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
36. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
37. López Besteiro, Manuela	(PP)
38. López Casas, Manuel	(PP)
39. López García, Sergio	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Madarro González, María Elisa	(PP)
44. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
45. Mendoza López, Manuel	(PP)
46. Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
47. Muñoz González, Joaquín	(PP)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
53. Pérez Varela, Jesús	(PP)
54. Pita Varela, Jaime	(PP)
55. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
56. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
57. Rodríguez Fernández, Gregorio	(PP)
58. Rodríguez Pablos, Carlos	(PP)
59. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
62. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
63. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
65. Soneira Tajés, María Soledad	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
68. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
69. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
70. Varela Pérez, Mauro	(PP)
71. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
72. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
73. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
74. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
75. Yeguas Sánchez, Ascensión	(PP)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735